

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION ORDINARIA DE 29 DE NOVIEMBRE DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María José
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Guerra Fernández, Javier Jorge	Toba Girón, Xabier

NON ASISTE:

Coello Bufill, Antonio

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dez horas e dez minutos do día vintenove do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Coello Bufill. Está tamén presente o Xefe dos Servizos Económicos, D. Benjamín Suárez Sánchez, en representación da Intervención Xeral.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

Preside o Pleno por ausencia da Sra. Porro Martínez, o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila

Antes do comezo da sesión, os membros da Corporación e máis o público asistente no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

1.- (291).-ACTA ANTERIOR (SESIÓN 13.09.04)

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión que tivo lugar o día 13 de setembro de 2004, correspondente ó Pleno ordinario de agosto.

2.- (292).-ESCRITO DO VOCEIRO SR. SOTO FERREIRO DANDO CONTA DE QUE O SEU GRUPO PASA DENOMINARSE "GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO GALEGUISTA".

ANTECEDENTES.- Con data 15 de novembro de 2004, o concelleiro Sr. Soto Ferreiro, remite escrito a Alcaldía como voceiro do seu grupo, comunicando que a partir desa data Democracia Progresista Galega pasa a integrarse no Partido Galeguista polo que o citado grupo no futuro denominarase Grupo Municipal do Partido Galeguista, sendo as súas siglas PG.

Do anterior darase conta a todas as dependencias municipais para que se dirixan ó citado grupo coa súa nova denominación.

Do anterior a Presidencia da conta ó Concello-Pleno quedando enterado.

3.- (293).-INTERVENCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO. EXPTE. 1191/110.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro xeral do 8 de novembro de 2004, o director xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, remite

ós efectos previstos no artigo 43 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o anteproxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo.

A comisión informativa de Xesión Municipal, en sesión do 22 de novembro, dictamina remitir o devandito anteproxecto á Xunta de Voceiros do Concello.

A Xunta de Voceiros, en sesión do día 25 de novembro, acordou o seguinte:

“A Xunta de Voceiros considera que o modo de expresar a opinión do Concello sobre o anteproxecto remitido debe materializarse non nun pronunciamento ou nunhas alegacións concretas respecto da norma, senón a través das intervencións que nese órgano cada grupo político municipal manfeste no Pleno ó obxecto de que estas, unha vez recollidas na acta da sesión e remitidas á Consellería de Xustiza, sexan consideradas na proposta que dese anteproxecto dal Consellería someta ó Consello da Xunta para a súa aprobación como proxecto de Lei e posterior remisión ó Parlamento.”

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO, POLO GRUPO DO PARTIDO GALEGUISTA: Estamos diante dun proxecto de Lei do Parlamento Galego fundamente esperado e reclamadísimo por moitos dende hai anos, entre os que se atopa o que lles fala. Por tanto parecería que calquera proxecto que nos presentasen diante podería merecer a aprobación de quen lles fala e, dentro da responsabilidade que solo tentar de dar ás miñas intervencións no nome do Partido Galeguista, déixenme dicirlles que prefiro este mal proxecto a ningún proxecto para a continuación dicir que iste é un mal proxecto.

É un mal proxecto por varias razóns. En primeiro lugar porque nin é correcta a delimitación, nin son correctas as posibilidades de novas altas, nin os servizos que vai prestar a Área Metropolitana, nin o financiamento e polo tanto é un proxecto tocado nos aspectos máis fundamentais que un proxecto poida ter neste caso. Malia todo dicía que prefiro ter un mal proxecto coma iste que ningún proxecto porque quero ter a esperanza de que iste sexa un camiño dun futuro ben diferente do que se nos presenta enriba da mesa.

En todo caso déixenme tamén unha pequena esperanza que non quixo recoller esta Corporación en toda á súa fondura de que estamos nun trámite de audiencia e por tanto a pequena ou grande esperanza de que o Parlamento Galego, máis concretamente a Xunta de Galicia do Partido Popular que ten maioría absoluta no Parlamento Galego, sexa sensible a algunhas, senón a todas, das exposicións que podemos facer algunhas persoas.

Dicía que non é correcta a delimitación porque calquera persoa que se achegue a un tema coma iste o primeiro que tería que se preguntar é cal

debe ser o ámbito que abrangan a Área Metropolitana de Vigo. A resposta está nas rúas, non a temos nin temos porqué tela na cabeza ningún político, nin da Xunta nin do Concello; está nas rúas, no traballo diario que moitos empresarios desta cidade fan na Cañiza, en Covelo, en Crecente, en Arbo ou nesa zona dun ámbito social. Tamén nos moitos traballadores da Cañiza, Arbo, Covelo, Crecente que veñen traballar a Vigo decote; ou empresarios desa zona que traballan en Vigo e traballadores de Vigo que van traballar a Porriño, etc., que tamén hai moitos e non hai máis que ver a avenida de Madrid a certas horas da mañá.

Polo tanto a necesidade de facer unha Área Metropolitana funcional, que dea servizos, que dea respostas ós problemas que a realidade social hai moito tempo que ten na rúa, está aí. Pero ¿cal é o ámbito? ¿onde se producen esas interrelacións sociais? Para nós son claras e, a máis dos concellos que se propoñen, hai algúns que claman ó ceo. Decir que non é Área Metropolitana de Vigo por exemplo Ponteareas, Mondariz, Mondariz Balneario ou Tui, por lles dicir tres, realmente é estar absolutamente de costas á realidade social, non é trabucarse un pouco senón descoñecer absolutamente a realidade social.

Señores do Partido Popular ¿vostedes asesoran ó seu Partido sobre estes temas que nos afectan directamente ós vigueses? ¿Coñecen cal é a área de influencia, esa área de relación, interrelación social e económica de Vigo para lles recomendar e asesorar ó seu Partido sobre temas que nos afectan a todos os vigueses? ¿ou estamos outra vez nunha concesión da Xunta de Galicia? Porque como hai unha presión social e política dende hai certo tempo, imos darlle unha mingurria de Área Metropolitana para ilos calando que o mellor é o que parece este proxecto de Lei.

Se lles serve de algo a vostedes e ó seu partido, na nosa opinión na Área Metropolitana que vostedes propoñen habería que engadir (falo por orde alfabética) A Cañiza, A Garda, Arbo, As Neves, Crecente, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Santa María de Oia, Tomiño e Tui. Para min nada menos que se deixan fóra á metade da Área Metropolitana, unha metade que, a máis da realidade de hoxe, foi no seu día a provincia de Vigo, lamentablemente por pouco tempo, e é a área que tamén teñen estudado distintos colectivos, o máis recente o Instituto de Estudos Vigueses nun estudo científico que fixo un equipo dirixido polo xeógrafo, Sr. Souto, hai poucos anos.

A delimitación é absolutamente incorrecta e nos contidos ten unhas eivas terroríficas, ¿qué vai facer a Área Metropolitana?

Sinceiramente créanme se lles digo que me arrepía ver que nas competencias márcanse do a) ó g) unha serie de temas que están ben pero voulle poñer un exemplo: hai servizos municipais que serían os primeiros que habería que poñer porque beneficiarían tremendamente ó conxunto dos Concellos da Área Metropolitana, por exemplo, e vou coller un servizo pequeniño adrede, como ter os traballos de laceiro en común. ¿Vostedes cren que todos estes Concellos da Área Metropolitana poden ter cada un deles un servizo de laceiro? Entre todos xuntos si podemos telo con maiores prestacións e máis económico para todos.

Voulle poñer máis exemplos: ¿cómo non se trata a extinción de incendios? ¿realmente estamos todos a gusto co tratamento que ten a extinción de incendios na Área Metropolitana? Se hai un lume en calquera sitio saen os bombeiros de Vigo e se chegan a tempo ou non iso xa é unha lotería. Por tanto para min as competencias deberían ser isas e máis cousas, afectar a temas de sanidade, de educación, de deportes e moitas máis cousas.

En canto ás posibilidades de novas altas hai un artigo que ou realmente é un túnel kafkiano feito a mantenta ou é un tremendo despiste da Lei que me lembra aquel chiste de que "artigo primeiro: o xefe ten sempre a razón; artigo segundo: en todo o non contemplado neste artigo aplicarase o artigo primeiro", porque exactamente iso é o que ven dicir a maneira de se producir as altas. Podía lerllas se queren soltar algunha gargallada pero non o vou facer.

En definitiva o que ven dicir o artigo 2 cando fala do ámbito territorial é que, no caso de que a solicitude se refira a un novo ingreso deberán concorrer as circunstancias sinaladas no punto un do presente artigo, é dicir, que sexan os que xa están delimitados agora mesmo á hora de crear a Área Metropolitana.

Por último o financiamento: nin se contempla a participación nos fondos de cooperación local, nin hai un financiamento que poida servir para unha funcionalidade real da Área Metropolitana.

Por tanto pido a todos pero moi singularmente ós membros do Partido Popular que se lles é posible influan no seu partido para que a Área Metropolitana de Vigo estea contemplada como debe ser. Isto sería un deses proxectos de Lei que un Parlamento lle debería devolver ó Goberno para volver facelo ben. Queremos a Área Metropolitana, querémola canto antes. Remato como empecei: prefiro un mal proxecto que ningún proxecto, pero dende logo isto é un mal proxecto.

INTERVENCIÓN DO SR. PÉREZ CASTRILLO POLO GRUPO DO BNG: Para nós o proxecto de Área Metropolitana que o Goberno presenta en primeiro lugar é un proxecto que chega tarde habida conta de que as competencias segundo a lexislación autonómica para a creación de Áreas Metropolitanas as ten exclusivamente a Autonomía; o Parlamento e a Xunta son os que teñen que legislar esta Lei.

Dende sempre ten sido a iniciativa municipal a que ten turrado polo proxecto de Área Metropolitana, non só por iste en concreto, senón polo concepto de Área Metropolitana. Máis dunha vez os concellos teñen liderado opcións territoriais e socioeconómicas de progreso en Galicia que debería ter liderado dende sempre un Goberno nacional.

Nese sentido vemos no contido deste proxecto concreto a pegada da declaración de Soutomaior, a vontade máis firme expresada por parte dos Concellos que aínda conforman a Mancomunidade de Vigo para se achegar a conformar un feito metropolitano no normativo, porque no socioeconómico e no poboacional xa hai tempo que o somos. Por tanto dende esa declaración de Soutomaior que non foi a primeira senón que digamos que a máis recente, a máis firme vontade dos Concellos anteditos para se achegar a unha Área Metropolitana, este proxecto contén esas engádegas e as propostas que os concellos no seu momento achegaron ó Goberno Autonómico.

Dende ese punto de vista o noso grupo valora o esforzo dos Concello e sobre todo valora os contidos en xeral que ten este documento, pero hai eivas porque non se recolle todo o formulado por parte dos Concellos ó Goberno Autonómico.

Teñan constancia que para nós, adheríndonos a este proxecto de Área Metropolitana, fican algúns aspectos que dende xa hai algúns anos vimos falando con responsables autonómicos e que dende o noso punto de vista non teñen o reflexo normativo que deberían ter.

Se ben este documento, en comparanza co último pre-borrador presentado pola Consellería de Xustiza hai uns meses, é máis avanzado en canto que as competencias autonómicas que pode asumir a Área Metropolitana e as áreas en que as pode asumir están máis claras, segue habendo unha indeterminación e indefinición perigosa ó noso ver porque afecta ó futuro da Área Metropolitana e ó seu desenvolvemento en canto a financiamento, nomeadamente en canto ó financiamento dende a Autonomía á Área Metropolitana.

Se ben está claro cómo se ten que financiar a Área Metropolitana con cargo á fiscalidade ou ás cotas municipais, non queda determinado na Lei e por

Lei cómo se financia a Área Metropolitana con cargo a partidas orzamentarias da Xunta de Galicia, partidas de transferencias dos servizos e as competencias que deben ser transferidas por parte da Xunta de Galicia e á partida do Fondo de Cooperación.

Por tanto dende o noso punto de vista hai unha eiva que tamén se relaciona en aspectos técnicos ou mecánicos das transferencias, que se ben as transferencias dos Concellos á Área Metropolitana están moi claras, mesmo transferencias inmobiliarias porque queda relacionado todo o procedemento de transferencias, non é así da Xunta á futura Área Metropolitana.

Tamén dicimos que botamos de menos unha institución que existe, aínda que non nos guste, que é a Deputación. A Deputación Provincial non existe en canto a institución que transfere á Área Metropolitana competencias, servizos e mesmo recursos económicos. Este esquecemento da Deputación por parte do Goberno Autonómico parécenos perigoso dende o punto de vista que pode provocar un solapamento no futuro entre a Deputación e a Área Metropolitana non desexable e que vai esixir a ámbalas dúas institucións un esforzo de cooperación a maiores.

Perigoso tamén porque supón un desdoblamento en canto a competencias e tamén perigoso porque nós non pensamos que a Área Metropolitana de Vigo teña que ser unha nova Deputación nin ter unha competencia coa Deputación, pero en todo caso vai cubrir determinados servizos que necesariamente deberían estar coordinados coa Deputación e con toda seguridade moitos recursos económicos que hoxe son da Deputación deberían ser xestionados pola futura Área Metropolitana.

Por último dicir que no aspecto urbanístico nos parecen excesivas as posibilidades de transferencia de competencias. Non cremos que a Área Metropolitana deba suplir a xestión urbanística dos Concellos, apostamos máis por aspectos de coordinación ou de planificación conxunta, pero non de xestión.

En definitiva pensamos que estes aspectos financeiros, que xa dende hai varios anos delegacións de alcaldes da Área Metropolitana teñen presentado ó Conselleiro de Economía, Sr. Orza e ós sucesivos conselleiros de Xustiza e Interior, mesmo ó Presidente da Xunta, vemos que non están suficientemente recollidos, explicitados, o que pode levar a que á Área Metropolitana cando naza, que estamos convencidos que será pronto, vai facelo cunha especificación dos recursos, de cómo se detraen eses recursos dos cidadáns e dos Concellos pero non como acada recursos da Deputación e

da Xunta, quedando a expensas delas e da cor política das institucións a bondade ou maldade das relacións entre ambas.

Sobre todo quedando a expensas da vontade política circunstancial dun Goberno a financiación dun elemento prestador de servizos tan importante a nivel territorial como ten que ser e pensamos que será a Área Metropolitana de Vigo, co que introducimos un elemento de incertidume que necesariamente se debería despxear regulando por Lei todos e cada un dos recursos financeiros básicos dos que se debería nutrir a futura Área Metropolitana. Á parte dos que xa figuran, dos que se vai nutrir da Deputación Provincial, das diferentes consellerías, apareladas ás competencias e servizos transferidos, da súa participación no Fondo de Cooperación e mesmo da súa participación transitoria nos orzamentos autonómicos.

Estes son os aspectos que cremos que quedan por definir no debate parlamentario que en modo ningún queremos substituir porque é unha Lei autonómica e en todo caso tamén queremos felicitarmonos todos porque a posibilidade de asumir competencias por parte da Área Metropolitana é ampla. Competencias que unha transitoria formula un prazo excesivamente curto dende o meu punto de vista porque se non me lembro mal creo que son tres anos o traspaso de competencias sobre auga, lixo, transporte; coido que é pouco tempo para que a Área Metropolitana poida asumir competencias plenas neses servizos toda vez que, se custou moito tempo chegar a que a Área Metropolitana de Vigo teña unha entidade xurídica como a vai ter, vainos custar bastante tempo ir asumindo competencias e poñendo en marcha servizos metropolitanos. Por tanto cremos que iso limita as posibilidade de expansión dos servizos metropolitanizados.

Só dicir que en todo caso para nós é o final dun longo percorrido que se iniciou no comezo dos Concellos democráticos, que tivo os seus claros e os seus escuros, pero estamos convencidos que estamos ás portas do primeiro paso en canto á ordenación e organización territorial de Galicia verdadeiramente de futuro e importante. Ademais ese paso vaise dar a mercede dun impulso importante dos Concellos.

INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ POLO GRUPO DO PSdeG-PSOE: O Grupo Socialista, neste tema que é tomar nota e non emendar un proxecto de Lei, queremos facer unha intervención de apoio entusiasta ó que supón esta Lei con todos os seus defectos, que tamén analizarei brevemente, e sobre todo poñer en valor os esforzos de Vigo e toda a súa área para que por fin chegue aquí este tema.

Vigo e a súa área son unha excepción de dinamismo no contexto urbano galego porque é unha área aberta, puxante e exportadora, unha área densamente poboada e demográficamente dinámica, cun patrimonio natural e unha cultura industrial avanzada pero tamén moi ampla, realidade xa nos eidos dos servizos, do turismo, da cultura do ocio, unha área en definitiva creadora de riqueza, exemplo en Galicia, pero tamén imperiosamente necesitada de melloras nas súas infraestructuras sobre todo nas autovías, AVE e aeroporto, tanto que despois de anos do goberno do PP na Xunta, case que toda unha vida, oito anos de goberno central, queremos resolver todo no orzamento estatal do 2005 porque o da Xunta parece ser que apenas conta á hora deste debate.

Outra excepción exemplo do noso dinamismo en Galicia é a procura dende hai anos, porque somos os únicos en Galicia que estamos a pelexar por esta Lei, dunha Lei que por fin hoxe tratamos neste Pleno. Expresamos a nosa satisfacción porque coido que é unha satisfacción superar o minifundismo institucional que impera na política local en Galicia.

Con todos os peros que lle queiramos poñer e que poñemos a este proxecto, estamos de noraboa por ser o exemplo para unha nova vertebración institucional agrupando de partida a catorce concellos da nosa área. Nós quixeramos que fora algún máis e algúns fixeron importantes esforzos por entrar nesta proposta inicial, mesmo nós reunimos en diversas ocasións a Concellos como Pontearreas e Tui que son os máis claros, para conquistar o maior benestar e calidade de vida ós seus veciños e creo que por extensión a todo o sur da provincia.

O anteprojecto que se nos presenta só polas pequenas cousas que vou comentar é para saudar entusiasticamente. O feito de que a pouco da súa constitución e a primeira formación dos órganos rectores da área se teña que debater un plan metropolitano cuadrienal de actividades, obras e servizos, co seu plan de financiamento incluído, creo que xa é unha importante nova. Que os representantes dos veciños dunha amplísima zona da nosa área debatan este plan metropolitano, se reunan, coordinen e fagan a súa programación para catro anos coido que é importantísimo.

É importante que en ordenación urbanística poidamos redactar un plan territorial integrado, planificar as infraestructuras viarias; eu non comparto as razóns do compañeiro Sr. Pérez Castrillo do BNG que di que hai demasiadas posibilidades de competencias en urbanismo. Sei que por suposto é un tema moi conflictivo pero parecería que non dar a posibilidade desas amplas competencias a un órgano que precisamente trata de ordenar o

territorio dun novo xeito, sería unha absoluta contradicción que non abríramos esas posibilidades de ordenar o territorio e aí o urbanismo é vital para que se faga de xeito coordinado entre todos os municipios da nosa área.

As competencias en augas, residuos, promoción económica, emprego, turismo, transportes... e quedan fóra algunhas, evidentemente. Está claro que o de Bombeiros, exista a competencia ou non, ten que ser algo absolutamente contemplado a nivel da área e esas competencias en definitiva van ser tamén o que os propios representantes elixidos polos cidadáns desta área decidamos en canto se constitua a Área Metropolitana.

En efecto hai puntos negativos: o tema do financiamento, que quede no ar totalmente o compromiso financeiro por parte da Xunta ou da Deputación. Somos plenamente conscentes que hai un tema de decisión política e o feito de que non haxa esa decisión política máis profunda de compromiso da Xunta de Galicia, neste caso concreto no articulado da Lei, creo que ten moito que ver co propio feito de que esteamos a debater este tema despois de moitísimos anos sen que a Xunta tomara a decisión política de levar este anteproxecto ó Parlamento Galego.

O ano que ven é ano electoral e coido que todas as forzas, tamén o PP, deben ter unha decisión política profunda de apoiar a constitución desta Área Metropolitana e, se non se apoia financeiramente, estamos facéndolle un fraco favor a este exemplo de nova ordenación territorial.

Non fago unha análise polo miúdo e sobre todo dos maiores defectos que ten o anteproxecto porque obviamente o noso grupo parlamentario farao no debate no Parlamento Galego se é que realmente chega debaterse. Todos somos plenamente conscentes de que o Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local non pasa polo mellor momento e espero que en todo caso a presentación deste anteproxecto sexa algo que non teña nada que ver coa súa situación no interior do partido.

Precisamente porque esta Área Metropolitana vai ser un exemplo de nova ordenación territorial de Galicia é polo que nós, nas bases para a reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia que a Fundación "Iniciativas 21" fixo para o partido do Socialistas de Galicia, PSOE, contemplamos moi especialmente a creación por Lei de dúas Áreas Metropolitanas e a de Vigo ten que ser o exemplo inicial.

Estamos moi satisfeitos de que se abra esa posibilidade porque unha Área Metropolitana solda, une territorio e iso é un bo exemplo de superación de políticas clientelares e localistas que é un dos maiores problemas que ten

a política en Galicia. As políticas clientelares e localistas fan xusto o contrario do que ten que facer este proxecto de Lei, traballan por fragmentar o territorio máis que o unir que é o que pretende esta Lei.

Ogallá sexamos tamén quen de esquivar coas nosas actitudes o perigo de que algúns vexan na creación da área un novo ámbito para competir con criterios localistas ou mesmo parroquiais para acadar un maior trozo da tarta que en definitiva sempre será escasa. Sen criterio localista ningún, senón que pola contra creo que temos exemplos dabondo de que Vigo non é localista senón xenerosa e acolledora, a Área Metropolitana non terá éxito se nas súas accións coordinadas a prol de proxectos e transformacións estruturais imprescindibles, Vigo non xoga o papel de liderazgo que ten que xogar e aquí non caben falsas modestias propias ou criterios localistas doutros que poidan frear ese papel importante de liderazgo.

Para rematar saudamos por tanto o paso importante que supón para que Vigo atope o seu papel estratéxico na modernización de Galicia, para que superemos ese déficit de peso político nos ámbitos estatal e autonómico do que tantas veces nos queixamos, para que superemos tamén ás nosas incapacidades para ser o centro vertebrador de todo o sur de Galicia.

Benvinda sexa esa Lei, ogallá no Parlamento saia mellorada e cumpra o papel para o que se crea.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA POLO GRUPO DO PP: Nós ímonos quedar coa parte positiva, o máis importante é o trámite de audiencia que se da a este Concello para o anteprojecto de Lei que como todos sabemos a competencia é única e exclusivamente do Parlamento Galego e así se falou na Xunta de Voceiros, onde tres dos catro grupos desta Corporación teñen representación e teñen voz nese Parlamento. Así llo dicimos ó Sr. Soto quen seguramente terá que tomar outro tipo de iniciativas co seu partido para se posicionar perante este proxecto de Lei, como está facendo hoxe no Pleno.

Ise foi o motivo polo que na Xunta de Voceiros acordamos facer unha intervención cada grupo político co seu posicionamento porque non tería validez o que aquí se poida dicir senón que no Parlamento se pode mellorar, por tanto o Partido Socialista, como o Bloque Nacionalista, como o propio Partido Popular poden incluír todas aquelas emendas dentro do debate parlamentario. Supoño que o Sr. Soto terá outros mecanismos para o facer como se falou na Xunta de Voceiros.

Dito isto que é importante para que todos coñezan a situación e o trámite que se da a este anteprojecto, hoxe chegamos a un punto final de trámite de

audiencia a este Concello despois de moito tempo de debates dentro da Área Metropolitana e posicionamentos dos propios alcaldes. Tamén é importante que este anteproxecto de Lei mellorouse paulatinamente coas aportacións dos propios concellos e tamén dicir que nesas reunións da Área Metropolitana hai representación de todos os alcaldes, con distintas cores políticas que tamén enriqueceron os debates que se produciron para chegar a un amplo consenso.

Evidentemente que todos estamos de acordo en que hai eivas, hai situacións que hai que mellorar e supoñemos que no trámite parlamentario así se fará. Por suposto nós imos esperar ese pronunciamento dos grupos no Parlamento e supoño que todos a nivel de partido, dende a propia alcaldesa e o equipo de Goberno, faremos as suxerencias que consideremos oportunas para mellorar este anteproxecto.

Hoxe o importante é que se da un paso máis para a creación da Área Metropolitana que significa o que todos aquí expuxeron en canto ó liderazgo de Vigo, a intención de definir claramente o modelo territorial que queremos para a nosa comarca e sobre todo para rendabilizar aqueles servizos e mellorar a calidade de vida de todos os cidadáns que ten que ser o obxectivo final que se plasme neste documento.

Nós esperaremos a eses trámites parlamentarios e tentaremos de facer suxerencias para que o noso grupo parlamentario as recolla dende o noso punto de vista, como supoño que farán os demais grupos e esperemos que a tramitación en Santiago de Compostela acade o maior consenso posible que satisfaga as pretensións e os intereses de toda a comarca, de toda a Área Metropolitana e ó final redunde nunha boa Lei que mellore a calidade dos servizos ós cidadáns e rendabilice os investimentos que se fagan e os servizos que se poidan prestar.

Por tanto nós imos esperar ese trámites con estas matizacións que fixemos.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Figueroa, falou dunha xuntanza de Voceiros; eu non ía referirme a ese tema porque acordamos darlle un trato determinado e eu sempre son respectuoso cos acordos que alí se producen. Ó sacalo vostede deste xeito entón déixeme que lle dea a miña opinión á xente porque senón vai parecer que aquí temos algo non santo.

Efectivamente temos opinións moi diferentes e vou explicar o que eu penso que é o por qué. Vostedes están subordinados a Santiago, os concelleiros de Vigo están esperando a ver que di Santiago, non defenden a Vigo, non teñen a coraxe política para vir a este Pleno e dicir como queren emendar este

anteproxecto á Xunta de Galicia. Nalgúns casos esperan a que fale Madrid, refírome tamén ó PSOE, e por riba o Bloque se xunta para dependencia de Santiago. Pois non, os concelleiros de Vigo do Partido Galeguista imos defender os intereses de Vigo independentemente do que pense o Partido Galeguista a nivel de Galicia, tentaremos de que sexa complementadamente pero dende logo este tipo de políticas son as que teñen a Vigo onde está. Sr. Calviño, non é a creación da Área Metropolitana o que signifique que Vigo vai ter máis peso político; non se renuncian os políticos vigueses como o están a facer neste Pleno a defender a Vigo debidamente. Son vostedes os culpables así que déixense de andrómenas. Eu non ía falar deste tema pero se o sacan vostedes, fágoo.

Entrando nalgún tema do fondo do que tocaron eu estou practicamente de acordo con todas as intervencións agás cun par delas que quero delimitar e como isto é unha intervención de fondo vou deixar de falar e tocar un concepto amplo que por suposto irá ó Parlamento Galego e logo que fagan con el o que lles pete, o Presidente da Xunta de Galicia en particular.

As verbas do Sr. Pérez Castrillo poderían inducir a confusión no tema urbanístico. Se por competencias urbanísticas se entendera de que poidan facernos os planes xerais de urbanismo a nivel metropolitano, rotundamente non, pero é absolutamente conveniente e eu aplaudo o feito de que se faga un plan director de ordenación do territorio metropolitano, como aplaudiría que fixeran un a nivel de Galicia que non foron quen de facer aínda, por certo, e que baixo as directrices comúns da Área Metropolitana se desenvolvan os planeamentos urbanísticos que cada concello queira desenvolver.

Ou non entendín ben a intervención do Sr. Pérez Castrillo ou ó mellor o que latexaba no seu formulamento é que, deixada en aberto a competencia, puidera dar lugar a que alguén realmente a entendera in extenso e puidera entrar a fozar urbanisticamente no que lle parecera concello a concello, cousa coa que nós tamén estaríamos en absoluto desacordo.

Pero xa que tocan tanxencialmente temas de fondo, do financiamento xa falei bastante e estou absolutamente de acordo con todos vostedes unha vez máis, é unha das eivas maiores deste proxecto xunto coa delimitación que me parece gravísima. Mesmo tamén estaría de acordo co Sr. Pérez Castrillo nun sentido. ¿Por qué hai tres anos de límite para coller ou non competencias? A min me parece que as competencias se deben de coller no tempo que lle pete ó conxunto dos concellos e non hai por qué lles poñer esas limitacións. ¿Queren apurarnos? En todo caso apurémonos, tampouco é tan

difícil facer iso, con facer un papel constituindo un consorcio, constitúeno tres e logo xa se meterá quen lle pete, pero realmente non sei o por qué deses prazos.

Nós podemos dicir o que perseguimos nós coa Área Metropolitana, queremos traballar na nosa Área para lle dar solución ós moitos problemas que teñen, todos os que aquí se din e moitos máis, pero o da sufocación de incendios é absolutamente escandaloso que non estea aquí. Renuncian a unha planificación decente e digna na sufocación e extinción de incendios ó non dotar á Área Metropolitana, que debера coordinarse para estes temas coa Deputación de Pontevedra e coa Xunta de Galicia, porque todos somos poucos e realmente un plan coordinado sería bo. Naturalmente o parque de Bombeiros de Vigo sería o parque central pero podería haber parques auxiliares, os que se chaman de primeira saída e nós temos un estudo ó respecto dende xa hai anos, para que realmente o comportamento no tratamento destes temas cambiase radicalmente.

En canto ó que son os medos ou non, os medos que lle poidan ter a Vigo coa ordenación da Área Metropolitana, dándolle as competencias que deben, etc., non é por llas dar, en todo caso é por non llas dar. O Partido Galeguista non está de acordo en absoluto co xeito de administración que ten Galicia, nin nos gustan as Deputacións nin nos gusta o sistema de administración que ten a Xunta de Galicia pero para iso hai remedios. Por exemplo, as Áreas Metropolitanas teñen que ser unha excepción pola súa conceptualidade, pero co tratamento dunha administración galega comarcal si que se resolvería unha boa parte dos problemas que nunca se van resolver coas administracións de Deputacións provinciais que por nós, e así o propoñeremos onde sexa mester, deberían desaparecer para dar paso a outro tipo de administracións moito máis próximas ás galegas e galegos.

Pero isas iniciativas si que llas imos comunicar ó Presidente da Xunta e ós partidos que están no Parlamento Galego. En Vigo polo visto vostedes teñen prohibido falar; falar, falan, pero discutir e votar non e son consciente de que polo que están a dicir ó mellor unha votación significaría que o noso grupo, en principio, perdese esa votación. Dame igual, é penosa e patética a súa actitude de non querer defender a Vigo cun dictame que tería unha forza política ben diferente que vostedes lle están a quitar a esta Corporación. Vostedes saben que non é o mesmo mandar opinións de cada grupo ó Parlamento Galego, que a Corporación viguesa se posicione por maioría, por minoría ou ogallá que por unanimidade dicindo o que queremos e vostedes renuncian hoxe a isto Sr. Figueroa, o fundamento da súa intervención na

práctica é isto: vostedes renuncian a iso para deixar ós seus partidos, vostedes aquí non pediron nada, logo os seus partidos en Santiago aplauden, isto queda máis ou menos como está e vostedes son inocentes.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Só un clarexamento porque houbo intervencións motivadas por unha afirmación que fixen sobre o tema do urbanismo. É a primeira vez que nun borrador se formula que a Área Metropolitana vai ter competencia en xestión urbanística; os alcaldes sempre reclamamos competencia da Área Metropolitana en planificación urbanística. Non por nada, senón porque pensamos que mellor xestionan os Concellos a tramitación dos seus plans parciais, dos seus estudos de detalle que non un equipo da Área Metropolitana.

Non asía planificación que evidentemente sempre reclamamos a planificación supra-municipal e iso si figura entre as posibilidades de competencias. Eu estaba a referirme a algo novo, que nunca formulou ningún concello e que seguramente no seu desenvolvemento a Área Metropolitana tampouco asumirá as competencias de xestión urbanística nese ámbito porque sería contraproducente no sentido de que non coñezo ningunha área cuxa xestión urbanística se leve dende a área e non dende os concellos, nin siquiera en Barcelona que é o exemplo máis avanzado.

En todo caso aproveito para dicir que as competencias son o suficientemente amplas para que logo, nun proceso de reflexión conxunta por parte dos concellos do que é a área coma entidade, se poida ir debatindo qué aspectos competenciais de cada servizo asumir porque tampouco se trata de asumir todas as cuestións, senón aquelas que realmente redunden no beneficio dos cidadáns e debemos pensar que a Área Metropolitana só ten sentido, non se se crea unha institución máis, senón se se crean a partir dela servizos coordinados e metropolitanizados que redunden no aumento da calidade de vida dos cidadáns. Ise debe ser o obxectivo.

Iso independentemente da opinión que nos mereza cada artigo da Lei, iso é algo que queda por desenvolver no futuro. Se se aproba esta Lei ou calquera outra, ós concellos quédalles moito traballo por diante.

Durante o curso do anterior debate, sendo as dez horas e vinte minutos, se incorpora á sesión a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez.

4.- (294).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DA UA "V-E" DO PERI IV-05 TRAVESÍA DE VIGO-ARAGÓN. EXPTE. 8913-411.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de outubro de 2004, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, emite o seguinte informe:

"1.- O Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993, delimitou entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito a ordenación detallada remitido a un PERI denominado "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón". Dito plan especial aprobouse definitivamente no 23/12/1993.

2.- No 01/03/2004 a entidade "Basisa C.B.", propietaria das parcelas que integran o polígono "V-E" do dito plan especial, presentou a aprobación desta Administración municipal un estudo de detalle para a reordenación de volumese fixación de rasantes nese ámbito.

3.- O arquitecto técnico municipal, no 19/04/2004 emitíu o informe que segue:

"A proposta presentada consiste en reordenar a edificabilidade derivada das determinacións da ficha, planos e ordenanza do PERI, nun sólido para vivendas colectivas de acordo ás determinacións da ordenanza de aplicación, 1.2.A do PERI IV-05. A superficie destinada a emprazar o sólido é de 456,00 m², destinándose a cesión ó Concello para ampliación do camiño de Pinelas unha superficie de 110,80 m², para uso de superficie 182,40 m², e para viario de acceso e zonas verdes e peonais unha cesión de 601,20 m². A capacidade do sólido é de 1.835,93 m²c, correspondente á edificabilidade derivada da ficha (1.186,00 x 1,548 = 1.835,93 m²c). A ocupación da proposta reduce a ocupación dos sólidos de 780,00 m² a 456,00 m². A proposta presentada no estudo de detalle obxecto de informe, a xuízo do técnico que subscribe, resolve a ordenación da unidade de actuación. A proposta presentada non produce incremento da edificabilidade derivada do PXOU, nin incremento da ocupación, nin merma superficie destinada a espazos libres. No estudo de detalle xustifícase a adaptación do mesmo á Lei 8/1997 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e ó Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei."

No 27/04/2004, o arquitecto técnico municipal ampliou o seu informe nos seguintes termos:

"Con respecto ás cesións, e dado que o vial presentado é de uso exclusivo de acceso para os vehículos particulares, o cadro de cesións no estudo de detalle é o seguinte:

- cesión total para o ensanche do camiño de Pinelas:	110,80 m ²
- cesión total de zonas verdes e libres:	379,46 m ²
- cesión de uso superficie e viario peonal e motorizado:	404,14 m ² "

4.- No 31/05/2004 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento emitíu informe favorable á aprobación inicial do estudo de detalle. No 14/06/2004 a Xunta de Goberno Local acordou a súa aprobación

inicial. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 150, do 04/08/2004 e no diario "Faro de Vigo" do 30/07/2004, así como notificación ós interesados.

Durante dito período se interpuxo un único escrito de alegacións, suscrito por D. Abdón García Pérez -Cologna Vigo SL- (03/08/2004, rxt. 40081280). Nel solicitou que se lle recoñecese a edificabilidade derivada dun terreo cedido nos anos 70 para o ensanche da rúa Aragón.

Déuselle traslado dunha copia dese escrito á entidade promora "Basisa CB", que procedeu a respostalo mediante un informe presentado na Xerencia de Urbanismo no 07/10/2004. Nel sinalase, en primeiro termo que a alegación de "Cologna Vigo SL" tanto no caso hipotético da súa estimación como no da súa desestimación non influiría na ordenación definitiva prevista no estudo de detalle e, en segundo, que a edificabilidade que se lle podería recoñecer nunca superaría os 34,58 m2.

En data 14/10/2004 o arquitecto técnico municipal emitíu un informe ó respecto, no que manifestou o seguinte:

"(...) Aínda que a xuízo do técnico que subscribe sería na tramitación do proxecto de compensación da unidade de execución o momento para solicitar e clarear as propiedades e dereitos sobre o ámbito da unidade, non obstante á vista do escrito e documentación presentada e consultado o expediente expropiatorio da rúa Aragón, pódense comprobar os seguintes extremos. A parcela nº 75 a que se fai mención, dispoñía segundo informe do perito da admón. de data 7 de xullo de 1972, dunha superficie de 487,00 m2, dos cales 331,00 m2 foron expropiados e pagados polo Concello pola cantidade de 1.399.232,00 pts, incluídos intereses, restando da finca matriz unha superficie duns 156,00 m2. No citado expediente non figura que a propiedade aceptara o sistema de cesión de viais previsto no proxecto de urbanización, tal como asevera no escrito, de xeito a propiedade recorreu ó Xurado provincial de expropiación e á Sala do contencioso administrativo da Audiencia territorial da Coruña, expediente 87/73 en contra dos valores de expropiación para a súa propiedade, polo tanto é totalmente contradictorio por parte do alegante afirmar que unha propiedade expropiada e pagada polo Concello tal como figura no expediente fora cedida gratuitamente.

En canto ós listados que acompañan o informe do equipo redactor sobre a alegación, efectivamente pertencen ó proxecto de obras da rúa Aragón como orzamento de compensación por cesión de viais, orzamento meramente indicativo e sen valor definitivo, tal como se demostra para a finca nº 75 obxecto de alegación,

Proposta: Á vista do contido da alegación propónse desestimar a alegación presentada polos motivos expostos."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- O estudo de detalle presentado refírese a unha unidade urbana completa, cingúese ás finalidades sinaladas no artigo 73.1 da LOUGA, axústase ás previsións do plan especial que desenvolve e contén a documentación requirida polo artigo 66 do Regulamento de planeamento.

II.- As superficies correspondentes ó acceso ó garaxe do edificio -404,14 m²-, en canto que viario interior, non serán obxecto de cesión en pleno dominio ó Concello senón de gravame cun dereito real permanente de uso público de superficie para acceso peonil ás zonas libres e peonís do polígono.

III. De acordo co disposto no apartado 3.2.3.5.b) das Normas urbanísticas do PXOU de 1993 e o acordo da Comisión de Goberno do 7 de febreiro de 1991, sobre condicións nas cesións de dereito de superficie, a conservación das zonas verdes e libres de cesión e a das superficies sobre as que se constituirá o dereito real de uso público de superficie, tanto sobre como baixo rasante, será da conta dos propietarios e copropietarios dos locais e vivendas da edificación que se constrúa, sen prexuízo da potestade municipal de vixianza e comprobación das condicións de seguridade, salubridade e ornato público das ditas superficies e das ordes que o Concello poida dictar para a execución, a cargo dos ditos propietarios, das obras precisas para que as citadas superficies reunan aquelas condicións. As ditas obrigas deberán recollerse nos acordos de concesión de licenza de obra para a execución da edificación do polígono, reflectirse na escritura pública de división horizontal da construción e inscribirse no Rexistro da Propiedade.

IV.- No que se refire ó escrito de alegacións interposto por D. Abdón García Pérez (Cologa Vigo, SL) en data 03/08/2004 (rex. 40081280), cómpre sinalar o seguinte:

Reclama que se lle recoñeza certa edificabilidade no polígono de referencia, derivada dunha suposta cesión gratuíta de 68 m² de terreo que ó parecer tivo lugar cando se ensanchou e urbanizou a rúa Aragón.

Tal e como sinala "Basisa CB" no seu informe do 07/10/2004 unido ó expediente, esta alegación non inflúe na concreta ordenación prevista no estudo de detalle. A edificabilidade reclamada nunca podería superar os 38,42 m² construíbles, que resultarían ffacilmente encaixables nos sólidos capaces do estudo de detalle, sen necesidade de modificalo. En consecuencia, o momento idóneo para tratar esta cuestión debería ser na tramitación do futuro proxecto de compensación, no que deberán comprobarse polo miúdo as titularidades e dereitos sobre as parcelas primitivas.

De todos os xeitos, a alegación debe ser desestimada, polos motivos sinalados no informe do arquitecto técnico municipal do 14/10/2004 antes transcrito. O proxecto de ensanche e urbanización da rúa Aragón aprobouse definitivamente no 01/03/1969, por acordo da entón Comisión Provincial de Urbanismo. Aínda que nese proxecto preveuse inicialmente como medio posible para a súa execución o sistema de "cesión de viais", o certo é que varios propietarios rexeitaron ese sistema e solicitaron a expropiación dos terreos afectados, co conseguinte pago das indemnizacións que procedesen. Éste foi o caso de D^a Gloria Collazo Rodríguez, propietaria da finca sita na rúa Aragón núm. 165. Incoóuselle procedemento de expropiación, respecto da edificación existente e da totalidade da superficie da finca afectada pola obra, tal e como se constata nas follas de aprezo subscritas por ela mesma no 07/07/1972, 15/08/1972 e 21/12/1972 coas que incluso achegou un informe pericial con planos. Non satisfeita co prezo xusto determinado polo Concello (509.528 ptas), provocou sendas resolucións do Xurado provincial de expropiación forzosa de datas respectivas 10/11/1972 e 17/01/1973 que o elevaron ata 903.692 ptas. Impugnou ditas resolucións perante a Sala do

cont.-ad. da entón Audiencia Territorial da Coruña no recurso 87/73, que concluíu con sentenza firme na que se fixou como prezo xusto final o importe de 1.242.869 ptas., máis un xuro de mora do 4% anual. En consecuencia, o titular da referida finca, nin aceptou a aplicación do "sistema de cesión de viais" inicialmente previsto no proxecto de urbanización da rúa, nin cedeu gratuitamente ningún terreo para o ensanche da rúa Aragón, percibindo da Administración o seu valor urbanístico.

Isto sen prexuízo de que o alegante non acredita ser actual titular dos dereitos que no seu caso lle puidesen ter correspondido a D^a Gloria Collazo Rodríguez en relación a este asunto.

Motivos todos polos que se propoñe a desestimación desta alegación.

V.- Este procedemento tramitouse segundo o disposto no artigo 86.2 da LOUGA. É competente para acorda-la súa aprobación definitiva o Pleno do Concello (art. 123 LBRL)."

Polo anteriormente exposto, o técnico de administración xeral emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 28 de outubro de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a reordenación dos sólidos capaces e fixación de rasantes na unidade de actuación "V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo", promovido por "BASISA, C.B.", redactado polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vazquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. Jose Agustín Llópiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19/07/2004 (memoria e plano 9R) e 25/02/2004 (resto dos planos), cos condicionantes sinalados nos fundamentos de dereito "II" e "III" da parte expositiva deste acordo (expte. 8913/411).

Segundo.- Desestimar as alegacións interpostas por D. Abdón García Pérez (Cologa Vigo SL) durante o trámite de información pública, polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

Terceiro.- Fíxase como sistema de actuación do polígono o de compensación e o de concerto. Asemade, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación.

Cuarto.- Publíquese este acordo no BOP e no DOG, comunicándosele á CPTOPV da Xunta de Galicia nos termos do art. 92 LOUGA. Notifíqueselle o seu contido íntegro ós interesados e alegante, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

5.- (295).-ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE). RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E PROPOSTA 2º TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA. EXPTE. 936/400).

ANTECEDENTES.- Con data 20 de outubro de 2004, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Rodríguez Bartol, coa conformidade do Xerente, formula o seguinte informe-proposta:

"I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En sesión ordinaria do 30.03.2004, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO», abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2. A tal efecto, publicouse anuncio oficial no BOP nº 88, do 10.05.2004 e no xornal «Faro de Vigo» do 23.04.2004, remitíndose copia da certificación do acordo íntegro de aprobación inicial a todas as entidades participantes no trámite previo de audiencia.

I.3. Segundo resulta da certificación expedida o 16.06.2004 polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), de orde e co praxe do seu vicepresidente, durante o prazo sinalado para estes efectos no edito da Alcaldía, presentáronse no Rexistro da XMU sete (7) alegacións que serán obxecto de análise e valoración neste informe-proposta.

II. INFORME DAS ALEGACIÓNS/EMENDAS

II.1. ALEGACIÓN Nº 1:

ALEGANTE: «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)».

DATA REXISTRO: 14.05.2004.

Nº REXISTRO: 40049948.

CONTIDO:

A alegación presentada por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» pretende que desde esta Ordenanza se estableza a obriga de que os edificios se adapten ás normas de accesibilidade e seguridade vixentes. Para estes efectos, propoñen que tanto nos CITE como nas Fichas Técnicas da Edificación e no Rexistro da ITE se faga constar se o edificio é ou non accesible. Suxiren que se inclúan as oportunas referencias á accesibilidade e seguridade no articulado da Ordenanza (arts. 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 12 e Disposición adicional 1ª) e achegan proposta alternativa ós seus Anexos I (Ficha Técnica da Edificación) e II (CITE). Solicitan, ademais, que a ITE sexa obrigatoria para os edificios de titularidade pública (estatal, autonómica ou local) e, ó fio do previsto nas Disposicións adicionais 2ª e 3ª da Ordenanza, realizan determinadas peticións xenéricas relacionadas coa accesibilidade: cursos de formación e especialización, campañas divulgativas, información sobre subvencións, etc.

VALORACIÓN:

1.- A «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓN (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO», inicialmente aprobada no pleno ordinario do mes de marzo de 2004, dictase ó abeiro do disposto no artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), que determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

Sendo isto así, entendemos que a acreditación do cumprimento das condicións de accesibilidade das edificacións non é contido propio desta clase de Ordenanzas. As esixencias de accesibilidade aplicables á edificación están claramente reguladas hoxe na Lei (L.8/1997, do 20 de agosto, do Parlamento de Galicia, de accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia), no Regulamento (D.35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de desenvolvemento e execución da L.8/1997) e na Ordenanza municipal para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas, aprobada definitivamente polo Excmo. Concello de Vigo en sesión plenaria do 29.09.1993 (BOP do 14.12.1993), vixente no que non contradiga ou se opoña á Lei e ó Regulamento autonómicos.

A inclusión da accesibilidade na Ordenanza reguladora da ITE, en contra do pretendido polos alegantes, nada aportaría a maiores para a efectividade do dereito do colectivo de persoas con minusvalías de calquera clase ó goce pleno da cidade, incluídas as súas edificacións, e, pola contra, dificultaría o propósito fundamental destas Ordenanzas que, como xa dixemos, non é outro que garantir o cumprimento do deber de conservación das edificacións, evitando posibles danos ás persoas e ás cousas.

2.- A solicitude de que a ITE sexa tamén obrigatoria para os edificios de titularidade pública merece unha consideración á parte.

O artigo 2.2. da Ordenanza aprobada inicialmente exclúe, en efecto, do control da ITE os edificios e construcións de titularidade pública da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e da Administración local, así como das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas, a non ser que se ocupasen edificios en réxime de alugueiro ou outro título distinto do de propiedade, suposto

no que os propietarios dos inmobles sí estarían obrigados a efectuar a ITE. E isto, por suposto, sen prexuízo da suxeición de todos os edificios, públicos e privados, ó réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente.

Esta mesma solución asumíuse, entre outras, polas respectivas Ordenanzas municipais de Málaga, Zaragoza, Granada, Alcoi ou Alcalá de Henares e tamén pola «Ordenanza sobre Conservación, rehabilitación y estado ruinoso de las edificaciones» de Madrid, de 1999.

Resulta, non obstante, que esta última Ordenanza viuse afectada pola Sentencia do TSX de Madrid do 28.05.2003 (RJCA 2003/683), que anulou os artigos referidos, precisamente, á ITE (arts. 25-32), fundamentalmente pola falta de cobertura legal (que hoxe presta o art. 169 da L.9/2001, de 17 de julio, do Solo da CA de Madrid) para establecer -o que se consideraba polo TSX- unha carga que afectaría de forma esencial ó dereito de propiedade e para impoñer multas coercitivas en caso de incumprimento do deber de realizar as ITE.

O feito é que esa sentenza declarou tamén contraria a Dereito a exención da ITE dos edificios de titularidade pública, por considerar que se estaría a infrinxir o principio de igualdade constitucionalmente recoñecido. Con todo, a cuestión non resulta pacífica, como o demostra que esa mesma sentenza conte co voto particular dun dos maxistrados no que se razona que:

«...la exclusión de los poderes públicos, incluidos los de ámbito internacional, del cumplimiento de la misma [ITE] se justifica (...) en el hecho de que no resulta razonable la contratación por parte de aquellas de un técnico particular que vise el estado de las edificaciones que ocupan cuando se presupone que disponen de los medios personales adecuados para garantizar el respeto a la normativa urbanística, sin que ello signifique que no queden sometidos a la inspección urbanística de los órganos municipales».

Á marxe do anterior, o certo é que xa na nova regulación da ITE do concello de Madrid, aprobada en sesión plenaria do 22.12.2003 (BOCM nº 37, do 13.02.2004) se estableceu a obriga de efectuala para todos os propietarios de edificios (art. 2), incluídas as persoas xurídico-públicas, as representacións diplomáticas e os organismos internacionais (Disposición transitoria 2ª).

Valorando en conxunto os anteriores feitos e circunstancias e salvo mellor criterio en contra, considérase viable acoller a solicitude dos alegantes (reiterada noutras alegacións) e, de acordo coa mesma, estender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións.

3.- Canto ás diversas solicitudes realizadas a propósito das Disposicións adicionais da Ordenanza, dánse por formuladas, sen prexuízo da súa oportuna consideración polos órganos municipais con competencias específicas en materia de accesibilidade.

4.- Finalmente, sobre a concesión de posibles axudas ás comunidades de propietarios para sufragar os gastos derivados da realización da ITE, a

Disposición adicional 3ª.2 da Ordenanza inicialmente aprobada exclúe de forma expresa esta posibilidade. Tal decisión adoptouse valorando, entre outras circunstancias, as seguintes:

- a) As evidentes limitacións orzamentarias municipais e a conseguinte necesidade de optimizar a disposición de fondos públicos, conforme cos postulados da nova L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que impoñen un incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.
- b) A necesidade de atender preferentemente ós propietarios individuais que poidan acreditar fidedignamente a carencia de recursos económicos e para os que, en función do nivel de ingresos da respectiva unidade familiar, o custo da ITE podería non ser asumible na súa totalidade.

Non obstante, tendo en conta tanto a redacción do apartado 1 desta Disposición adicional 3ª, suficientemente expresiva da intención da Ordenanza sobre este extremo e dos criterios básicos de concesión das axudas, como o feito de que, en todo caso, será a norma que eventualmente as regule a que determinará os seus posibles beneficiarios, non existiría inconveniente en eliminar a prohibición expresa agora contida no comentado apartado 2 desa Disposición. Deste xeito, será esa futura norma a que -de acordo coas previsións da Ordenanza e a restante normativa aplicable-, determine os posibles beneficiarios e os demais aspectos relacionados coa xestión deste tipo de axudas (documentación e requisitos, contías, procedemento de tramitación e concesión, etc.).

Tamén poderán acceder, propietarios e comunidades de propietarios, a outro tipo de axudas para a execución de obras de conservación, reparación ou rehabilitación de inmobles como, por exemplo, as xestionadas a través do departamento municipal de Patrimonio histórico ou as orientadas á rehabilitación xeral, con cargo a fondos autonómicos.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente a alegación presentada por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» no sentido de: (a) Extender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións, modificándose no procedente o artigo 2.2. e referencias concordantes da Ordenanza; (b) Suprimir a prohibición expresa contida no apartado 2 da Disposición adicional 3ª, remitindo a cuestión á norma que no futuro regule a concesión de axudas para a realización das ITE.

II.2. ALEGACIÓN Nº 2:

ALEGANTE: «APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)».

DATA REXISTRO: 20.05.2004.

Nº REXISTRO: 40051523.

CONTIDO:

«APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)» bota en falta na Ordenanza unha maior implicación do Concello en cuestións de índole técnica ou económica que, entenden, poderían repercutir favorablemente na consecución dos obxectivos que a Ordenanza pretende e citan, neste sentido, o disposto no seu artigo 6.6. Tamén consideran que o

asinamento de convenios de colaboración entre o Concello e asociacións profesionais como APEC en materias tales como realización de cursos de formación, xornadas técnicas, etc., poderían redundar nunha mellor aplicación dos obxectivos da Ordenanza.

VALORACIÓN:

Dando por descontada a necesaria implicación técnica e económica do Concello na implementación da Ordenanza (vid. Apdo. II.7 do informe-proposta de aprobación inicial), ningún inconveniente existe en modificar a redacción inicial do precitado artigo 6.6. en sentido semellante ó querido polo alegante; é dicir, salientando a obriga municipal de colaborar cos interesados facilitándolle os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Por outra banda, valórase positivamente a proposta de APEC de abrir a posibilidade na Ordenanza (Disposición adicional 2ª) de que o Concello celebre convenios de colaboración sobre formación, especialización ou divulgación non só cos colexios profesionais senón tamén coas asociacións profesionais vencelladas coa materia, o que contribuiría a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da aplicación desta norma.

PROPOSTA:

Estimar a alegación presentada por «APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)», modificando no sentido exposto o artigo 6.6. e a Disposición adicional 2ª da Ordenanza.

II.3. ALEGACIÓN Nº 3:

ALEGANTE: «APROIN (Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra)».

DATA REXISTRO: 28.05.2004.

Nº REXISTRO: 40055507.

CONTIDO E VALORACIÓN:

♦ Apdo. IV da Exposición de Motivos e artigo 2.2. da Ordenanza: estiman incorrecta a exención da ITE dos edificios de titularidade pública.

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

♦ Artigo 3.1: maniféstase a conveniencia de concretar a titulación ou titulacións competentes para realizar os CITE.

Ese artigo alude á obriga formal da propiedade de acreditar o cumprimento do deber de conservación das edificacións mediante un informe-certificado (CITE) expedido «polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función...». A propia LOUGA (art. 200) emprega, sen maior concreción, a expresión «facultativo competente». As atribucións profesionais están reguladas por lei e constitúen materia allea á competencia municipal. Polo mesmo, non se considera oportuno concretar na Ordenanza algo que, na medida en que coincida co previsto na lei sería redundante e, en tanto que non coincidente, ilegal.

♦ Artigo 6.2: solicítase que o primeiro CITE deba presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 12 anos, en lugar de 15 como figura na Ordenanza.

Non existe un criterio común nas distintas regulamentacións municipais sobre esta cuestión, atopándonos con prazos moi distintos: 15 anos en Sevilla, Barcelona e Móstoles, 20 anos en Málaga e Alcalá de Henares, 25 anos en S. Sebastián de los Reyes, 30 anos en Madrid, 40 anos en A Coruña, 45 anos en Granada, 50 anos en Zaragoza, Toledo e Alcoi, etc. Tampouco a LOUGA establece maior concreción ó respecto, limitándose a indicar que estarán incluídas necesariamente as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos.

Entendemos que, en calquera caso, a aceptación da proposta formulada por APROIN (12 anos) non representaría unha mellora significativa en relación coa que figura na Ordenanza aprobada inicialmente (15 anos). Pola contra, e á vista das características do parque edificatorio desta cidade, parecería aconsellable revisar o prazo de presentación do primeiro CITE, aínda que en sentido contrario ó postulado polo alegante. Remitímonos neste punto ó apartado III do informe («MODIFICACIÓNS DE OFICIO»), no que se tratará máis polo miúdo esta cuestión.

♦ Artigo 5: consideran que o contido deste artigo excede da autorización da norma habilitante (art. 200 LOUGA).

Non podemos compartir a opinión do alegante sobre este extremo. En realidade, o contido do artigo 5 da Ordenanza é perfectamente congruente coa regulación da LOUGA, establecendo en relación co contido dos CITE o nivel de concreción esixible a unha ordenanza municipal. Se, como parece suxerir o alegante, só debería reproducirse o texto da norma legal, o precepto da Ordenanza sería entón perfectamente prescindible. En calquera caso, e como ten sinalado a xurisprudencia do Tribunal Supremo, a ordenanza, en tanto que norma xurídica de carácter xeral emanada da Administración, colabora coa lei, complementándoa; é dicir, que pode engadir regras precisas que aseguren a súa correcta práctica (regras no sentido de clarear, desenvolver e concretar os preceptos legais), dictar normas de procedemento e regular a organización precisa (STS 10.07.1992, Ar. 6258 e STS 20.05.1992, Ar. 4462).

♦ Artigo 6.5: entenden que, en caso de dúbida ou dificultade na acreditación da idade das edificacións, un dato a considerar debería ser o contrato coa empresa subministradora de enerxía eléctrica.

O artigo 6.5 da Ordenanza establece que a idade da edificación (que determinará os prazos de presentación do primeiro e sucesivos CITE) acreditarase documentalmente mediante certificado final de obras, licenza de primeira ocupación ou, no seu defecto, licenza de obras e, en ausencia deles, por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas.

A pesar das modificacións que, á vista do escrito de emendas presentado polo GMS propoñemos para ese artigo (Apdo. II.7 deste informe), o suxerido polo alegante podería ter cabida perfectamente dentro deses «medios de proba admisibles en Dereito», en defecto de certificado final de obras,

licencia de primeira ocupación, etc.; polo que non se considera necesario modificar nada ó respecto.

♦ Artigo 8.6: consideran que a Ordenanza carece de facultade sancionadora para prohibir a concesión de axudas á rehabilitación total ou parcial das edificacións que non cumpran en prazo coa obriga de presentar o CITE.

Non estamos en presenza de manifestación ningunha dunha suposta potestade sancionadora precisada de cobertura legal específica nos termos constitucional (art. 25.1 CE) e legalmente establecidos (arts. 127-129 LRX-PAC e 139-141 L.57/2003). O único que establece a Ordenanza neste punto é a prohibición de conceder axudas (municipais) á rehabilitación de edificacións sen acreditar o cumprimento da presentación en prazo dos CITE, o que parece lóxico se o que se pretende é fomentar o seu mantemento e favorecer ós propietarios cumpridores. Pola contra, dificilmente podería sosterse a disposición de fondos públicos municipais en concepto de axudas á rehabilitación en favor de propietarios que incumpriron os deberes básicos de conservación que lles afectan.

Con todo, e a fin de despexar calquera posible dúbida ó respecto, especificarase máis claramente neste artigo que a prohibición afecta, exclusivamente, ás axudas á rehabilitación que puidesen concederse con cargo a fondos municipais; sen prexuízo das disposicións que sobre o particular adopten as demais Administracións concedentes.

♦ Proposta dun novo apartado (7) ó artigo 8:

Non parece necesario engadir un novo apartado ó artigo 8 da Ordenanza, coa redacción proposta, se temos en conta o disposto pouco antes no artigo 7.4, segundo o que: «As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios e transmitidas, en caso de alleamento por calquera título, ós seus novos titulares, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma».

♦ Disposición adicional 1ª: entenden que mediante unha ordenanza específica se está a modificar o contido das ordenanzas urbanísticas do PXOM, en tanto que se obriga a presentar determinada documentación técnica nos proxectos de obra para a obtención de licencia municipal.

Tampouco podemos compartir a opinión do alegante sobre este extremo. A Disposición adicional 1ª desta Ordenanza prescribe que os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da súa entrada en vigor para a obtención da correspondente licencia municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados, incluíndo tamén a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

Na nosa opinión, a Ordenanza limitase neste punto a: (1) Complementar e concretar no indispensable o disposto nas normas urbanísticas do PXOU-93, nas que -no apartado correspondente á documentación da solicitude de licenzia de obras [apdo. 3.8.5]- xa se conteñen precisións xenéricas relativas a aspectos tales como o «tratamento de paredes cegas ou medianeiras» ou a obriga de achegar planos de fachada a escala 1:100 «coas seccións necesarias para a súa completa intelixencia (incluíndo tamén sección de fachada, con especificación de materiais de construción» nos que «detallárase minuciosamente todo canto sexa necesario ou conveniente para facilita-lo seu exame e comprobación en relación co cumprimento das ordenanzas que sexan aplicables», e, (2) A lembrar a esixencia de incluír no proxecto técnico a xustificación técnica da seguridade daqueles elementos de acordo coas «regulamentacións aplicables», entre as que se inclúe, por exemplo, a Norma tecnolóxica NTE-RPC, relativa a revestimentos de fachada mediante chapados.

◆ Disposición adicional 3ª: discrepan da exclusión das comunidades de propietarios das axudas municipais para sufragar o custo da ITE.

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

◆ Disposición transitoria única: proposta alternativa de prazos para realización da 1ª ITE.

Remitímonos neste punto ó que a seguir se dirá no apartado III deste informe («MODIFICACIONES DE OFICIO»), no que se tratará máis polo miúdo esta cuestión.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente a alegación presentada por «APROIN (Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra)» nos seguintes extremos: (a) Extender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións, modificándose no procedente o artigo 2.2. e referencias concordantes da Ordenanza; (b) Especificar no artigo 8.6 que a prohibición que nela se contén afecta, exclusivamente, ás axudas á rehabilitación que puidesen concederse con cargo a fondos municipais; (c) Suprimir a prohibición expresa contida no apartado 2 da Disposición adicional 3ª, remitindo a cuestión á norma que no futuro regule a concesión de axudas para a realización das ITE.

II.4. ALEGACIÓN Nº 4:

ALEGANTE: «Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia».

DATA REXISTRO: 31.05.2004 (data rexistro Delegación Goberno: 21.05.2004).

Nº REXISTRO: 40055680.

CONTIDO E VALORACIÓN:

◆ Artigo 6.1: a Ordenanza debería facer mención expresa das persoas lexitimadas para presentar o CITE no colexio profesional correspondente e no Rexistro da ITE da XMU, propoñendo para estes efectos un texto alternativo.

S.Ordinaria 29.11.04

Acéptase esta suxestión aínda que, por razóns sistemáticas, estimamos máis oportuno introducir xa esa mención no artigo 3.2. da Ordenanza, que trata igualmente da presentación dos CITE. En todo caso e conforme coa propia LPH (art. 13.6), xúlgase máis correcto incluír unha referencia xenérica ó cargo de administrador en lugar de especificar unha das varias persoas (físicas/xurídicas) habilitadas para desempeñalo.

♦ Artigo 7.4: cuestionan que a obriga de conservar a documentación relativa á ITE se imponha tan só ós propietarios, cando nas edificacións suxeitas ó réxime de propiedade horizontal o deber de conservación da documentación corresponde ó secretario ou, de ser o caso, ó administrador que actúe como secretario da Xunta.

O texto inicial deste precepto responde fielmente ó disposto no artigo 16 da LOE (L.38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación) que alude ós propietarios como suxeitos obrigados a recibir, conservar e transmitir a documentación da obra executada e os seguros e garantías que existan. Con todo, ningunha obxección parecería existir para que se incluíse nel unha referencia (xenérica) ós responsables legais da custodia da documentación nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal.

PROPOSTA:

Estimar a alegación presentada polo «Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia» nos termos expostos, modificando no pertinente os artigos 3.2 (→6.1) e 7.4 da Ordenanza.

II.5. ALEGACIÓN Nº 5:

ALEGANTE(S): «Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra».

DATA REXISTRO: 10.06.2004.

Nº REXISTRO: 40060633.

CONTIDO E VALORACIÓN:

A presidenta da delegación en Vigo do COAG e o presidente do COAAT de Pontevedra formulan alegación conxunta e unificada á Ordenanza, acompañando un texto alternativa e unha proposta de convenio de colaboración Concello-COAG Vigo-COAAT Pontevedra para facilitar a aplicación e o cumprimento da norma. As liñas mestras desta alegación poden sintetizarse nos seguintes apartados:

♦ Limitación do obxectivo da Ordenanza ó control das condicións de funcionalidade e seguridade dos edificios:

Concórdase cos alegantes na conveniencia de limitar o obxecto da Ordenanza ós aspectos substanciais que, conforme á propia LOUGA, xustifican a aprobación deste tipo de normas por parte dos Concellos e que poderían concretarse no aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Esta reconsideración parcial dos obxectivos da Ordenanza determina a necesidade de:

1) Definir aquelas condicións a efectos do seu cumprimento segundo a Ordenanza, o que se fai no texto proposto para a aprobación definitiva coa inclusión dun apartado específico coa seguinte redacción:

«Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, aos soportes, ás vigas, aos forxados, aos muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.
- b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos constructivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden caer á vía pública.
- c) Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica» [art.1.3 e 1.4].

2) En congruencia co anteriormente exposto, redefinir, en parte, o contido do CITE, nos seguintes termos:

«O CITE expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso e fará referencia, necesariamente ós seguintes aspectos:

- a) Estado da estrutura e cimentación.
- b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supor un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.
- c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.
- e) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.)» [art. 5.1].

3) Establecer un novo modelo de CITE (Anexo II), adaptado á reconsideración dos obxectivos da Ordenanza antes expresada; cuestión que se abordará a seguir.

◆ Substitución da esixencia de certificados (CITE) por informes:

Os alegantes reiteran unha e outra vez ó longo do seu escrito a conveniencia de substituír a emisión de certificados de inspección técnica por informes (ou informes-dictame) e, en consecuencia, de emitir «Actas de Inspección Técnica» (AITE) en lugar de «Certificados de Inspección Técnica» (CITE).

Comprendendo o sentido da alegación (menor dificultade, menor custo, etc.), parece oportuno lembrar que o artigo 200 da LOUGA determina con toda claridade que o facultativo competente consignará os resultados da súa inspección expedindo un CERTIFICADO que describa os estragos apreciados no inmovible, posibles causas, etc. Por disposición legal, o documento deberá, pois, revestir a forma dun certificado.

Cuestión distinta é que, tal como se expresa máis claramente no modelo (reformado) proposto como Anexo II da Ordenanza, ese certificado o que recolle é, realmente, un «informe de inspección» e un «dictame de actuacións» do técnico encargado de realizar a ITE, no que expresará se, unha vez inspeccionada a edificación, esta reúne ás condicións de seguridade estrutural esixibles conforme á Ordenanza e, de ser o caso, se procede ou non a execución das obras necesarias a tal fin ou a adopción de medidas inmediatas de seguridade constructiva.

Por tanto, non se trataría xa de "certificar" ou "garantir" o cumprimento das condicións básicas de «funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade establecidas na normativa e o planeamento aplicable» (como se afirmaba no texto aprobado inicialmente), senón de emitir un informe-dictame, favorable ou desfavorable, sobre as condicións de seguridade constructiva das edificacións e sobre os demais aspectos que se veñen de sinalar (obras necesarias, medidas inmediatas de seguridade...). Así se recolle expresamente no novo modelo de CITE elaborado para a aprobación definitiva da Ordenanza, ó que logo se aludirá.

Nos termos expostos, entendemos que, en esencia, quedan recollidas as suxestións dos alegantes sobre este particular.

♦ Redeseño da Ficha Técnica da Edificación (Anexo I):

Consideran os alegantes que a realización da Ficha Técnica da Edificación, segundo o modelo do Anexo I da Ordenanza, excede nalgúns casos a capacidade ou atribucións dun simple técnico contratado pola propiedade e que, moitos dos datos por consignar nesa Ficha deberían ser achegados pola propia Administración municipal (p.ex. urbanísticos), en aplicación do artigo 35.f] da LRX-PAC.

Sen embargo, no modelo de Ficha proposto na Ordenanza aprobada inicialmente (e a diferenza do que acontecía nos borradores previos, obxecto do trámite de audiencia), os únicos datos a cubrir obrigatoriamente por parte do facultativo serían tan só os relativos á identificación física do edificio obxecto da ITE, da propiedade e do/s técnico/s intervintes así como ás características arquitectónicas daquel.

Pola contra, os datos sobre usos e superficies e os de carácter estritamente urbanístico (planeamento aplicable, clasificación/cualificación do solo, catalogación, fóra de ordenación, afeccións, etc.) configúranse simplemente como opcionais, non obrigatorios, debendo en todo

caso a Administración achegar os desta última clase, tal como suxiren os alegantes.

A Ficha Técnica da Edificación constitúe un complemento necesario para os fins pretendidos pola norma. A súa existencia está perfectamente xustificada como instrumento útil ó servizo da Ordenanza e para a xestión das inspeccións técnicas. O Concello limítase neste punto, en exercicio da súa potestade de ordenanza, a regular -con carácter instrumental e complementario- un elemento técnico auxiliar da ITE coa finalidade de facilitar e garantir o control das edificacións ó que ven obrigado.

◆ Redeseño do Anexo II (CITE):

Acollendo na súa práctica integridade o modelo presentado polo COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra, semellante ó utilizado polo Concello de Madrid, reelaborouse o modelo de CITE incluído como Anexo II da Ordenanza, adaptando ós novos obxectivos específicos da Ordenanza e ós novos contidos do CITE e, obviamente, respectando as determinacións imperativas da LOUGA.

Estructúrase agora en 5 grandes apartados: 1) Estado xeral da estrutura e cimentación; 2) Estado xeral de fachadas interiores, exteriores e medianeiras; 3) Estado xeral de conservación de cubertas e azoteas; 4) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento, e, 5) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.).

Como xa se avanzou antes, logo da inspección deses elementos, o facultativo competente dictaminará se as condicións de seguridade constructiva da edificación de que se trate son favorables ou desfavorables. Neste segundo suposto, a propiedade deberá subsanar as deficiencias advertidas e adoptar as medidas sinaladas no informe, incluídas -eventualmente-, as inmediatas esixidas por razón da seguridade constructiva, en evitación de posibles danos ás persoas ou ás cousas.

◆ Necesidade de crear un departamento específico para o desenvolvemento e seguimento da Ordenanza e de dispoñer dunha aplicación informática:

Os alegantes coinciden plenamente co xuízo expresado polo técnico que subscribe no informe-proposta de aprobación inicial da Ordenanza (Apdo. II.7), no que se manifestaba que: «Para a implementación desta Ordenanza considérase imprescindible, antes da súa efectiva aplicación: 1) Crear na XMU unha Oficina de control da ITE, coa axeitada dotación de persoal, equipos, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc. Tendo en conta a natureza e permanencia das funcións a realizar e a responsabilidade implícita nelas, considérase que deberá estar dotada necesariamente con persoal funcionario». Sen esa oficina específica, adecuadamente dotada, a aplicación da Ordenanza será, de feito, inviable.

◆ Conveniencia de que a ITE sexa tamén obrigatoria para os edificios de titularidade pública:

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

◆ Obrigatoriedade da sinatura persoal de «técnico» competente e de visado colexial:

O artigo 200 da LOUGA establece que as ITE estarán a cargo de «facultativo» competente. A Ordenanza utiliza como sinónimas as expresións «técnico» (art. 8.5), «técnico competente» (Apdo. IV Exp. Motivos) e «técnico facultativo competente» (art. 3.1), o que -na práctica- non debe plantexar problema ningún.

A redacción do art. 6.1 da Ordenanza é congruente co art. 200 da LOUGA e a necesidade de visado colexial non se discute (de feito, nos modelos de CITE e de Ficha Técnica resérvase xa un espacio «ad hoc»), sen prexuízo do que se dispón para o caso das edificacións pertencentes ás Administracións públicas, no que os CITE poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

♦ Supresión das referencias na Ordenanza ás obras necesarias para correxir as deficiencias detectadas, orzamento estimativo e prazos de inicio e execución:

Como sabemos, o artigo 200 da LOUGA esixe que o CITE realizado por facultativo competente describa os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

A teor deste precepto e tendo en conta tamén a necesidade de asegurar a efectiva execución desas medidas recomendadas, semella oportuno manter a esixencia de que o CITE exprese as obras necesarias por realizar (con maior motivo se existise unha situación de perigo inminente) e os prazos de inicio e execución estimados. A suposta esixencia de «orzamento estimativo» non se contén xa, en cambio, no texto da Ordenanza aprobado inicialmente (art. 5); sí nos borradores previos, obxecto do trámite de audiencia previo.

♦ Proposta alternativa de prazos de realización das ITE:

Remitímonos neste punto ó que a seguir se dirá no apartado III deste informe («MODIFICACIÓNS DE OFICIO»), no que se tratará máis polo miúdo esta cuestión.

♦ Conveniencia de asinar convenios de colaboración Concello (XMU)-COAG Vigo e COAAT Pontevedra:

A necesidade de recabar a colaboración dos colexios profesionais, tanto para levar a cabo a execución subsidiaria das ITE, nos supostos de incumprimento polos propietarios da súa obriga de realizalas, como para o establecemento de mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil, organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación, consta expresamente na propia Ordenanza (art. 8.3 e Disposición adicional 2ª) e foi posta de relevo no informe-proposta de aprobación inical. A coincidencia neste punto é, loxicamente, total.

PROPOSTA:

S.Ordinaria 29.11.04

Estimar parcialmente, nos termos expostos, a alegación conxunta presentada polo «Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e o Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra» sobre os seguintes extremos: (a) Limitación do obxectivo da Ordenanza, centrado no aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas; (b) Redeseño da Ficha Técnica da Edificación [Anexo I]; (c) Redeseño do CITE [Anexo II]; (d) Creación dun departamento específico para o desenvolvemento e seguimento da Ordenanza e dunha aplicación informática; (e) Ampliación da obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións; (f) Conveniencia de asinar convenios de colaboración entre o Concello (XMU), o COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra.

II.6. ALEGACIÓNS Nº 6 e 7:

ALEGANTES: «Colegio Oficial de Ingenieros industriales de Galicia-Delegación de Vigo (ICOIIG)» / «Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia (CICCP)».

DATA REXISTRO: 11.06.2004/15.06.2004 (data rex. Del. Goberno: 10.06.2004).

Nº REXISTRO: 40061228 / 40062311.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Estes dous colexios profesionais presentaron por separado alegacións de contido case idéntico, polo que serán obxecto de valoración e resposta común.

♦ Reitera o ICOIIG as propostas 2ª e 3ª contidas no seu escrito de suxestión ó proxecto de Ordenanza:

Tales propostas xa foron convenientemente avaliadas no seu momento, estimándose a procedencia dalgunhas (p.ex. supresión no CITE da referencia a "máquinas"), asumíndose materialmente outras (p.ex. conveniencia de elaborar unha guía informativa e unha aplicación informática) e desestimándose as restantes, por non estimalas operativas ou estrictamente necesarias para os fins da Ordenanza. Non se achega agora ningún novo argumento que xustifique a modificación do criterio daquela adoptado.

♦ Exposición de Motivos (Apdo. I):

Acéptase a redacción alternativa proposta para o parágrafo 6º do Apdo. I da Exposición de Motivos (se cadra, máis congruente coa reorientación da Ordenanza) aínda que, en calquera caso, non debería descoñecerse nin a ubicación sistemática nin o carácter xenérico do que nese parágrafo se proclama.

Tocante á relación da ITE co Libro do Edificio, expresamente se fai referencia a ela no artigo 7.4 da Ordenanza, segundo o que as copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios (ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal) e transmitidas ós seus novos

titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na LOE e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Sobre a pretendida substitución da esixencia legal da emisión de «certificados» (art. 200 LOUGA) pola de simples informes, danse aquí por reproducidos os argumentos e aclaracións verquidas a propósito da alegación no mesmo sentido do COAG-Vigo e do COAAT de Pontevedra, insistindo en que, non se trataría xa de "certificar" o cumprimento das condicións básicas de «funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade establecidas na normativa e o planeamento aplicable» (como se afirmaba no texto aprobado inicialmente), senón de emitir un informe-dictame, favorable ou desfavorable, sobre as condicións de seguridade constructiva das edificacións e sobre os demais aspectos complementarios anteriormente reseñados (obras necesarias, medidas inmediatas de seguridade...).

◆ Artigo 1.4: consideran excesiva a referencia ó cumprimento dos requisitos básicos da LOE no tocante á funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións.

Tal como manifestamos a propósito da anterior alegación, cóincídese tamén co ICIIG e co CICCIP na conveniencia de reconsiderar o propósito inicial da Ordenanza e de establecer nela un niveis aceptables de conservación en termos de seguridade e economía; niveis que se concretan agora na esixencia do mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, na forma en que agora se regula na Ordenanza que será obxecto de proposta de aprobación definitiva (arts. 1.3 e 4 e art. 5.1).

◆ Artigo 2: en relación coa exoneración da ITE dos edificios de titularidade pública, citan o precedente da Ordenanza de Madrid:

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

◆ Artigo 5: critican o concepto amplo utilizado na Ordenanza aprobada inicialmente («condicións básicas de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade»):

Acéptase o reparo dos alegantes dando aquí tamén por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación do COAG-Vigo e COAAT de Pontevedra, a propósito desta mesma cuestión e sobre a oportunidade de manter a esixencia de que o CITE exprese as obras necesarias por realizar, en especial se existise unha situación de perigo inminente.

◆ Anexo I: dificultade para determinar o tipo de cimentación das edificacións:

Acéptase igualmente o razonamento dos alegantes neste punto e, para estes efectos, especificarase no apartado correspondente da Ficha Técnica da Edificación (Anexo I) a obrigatoriedade de consignar os datos relativos á cimentación só no caso de que se dispoña de datos sobre o particular.

♦ Anexo II: propoñen diversas modificacións sobre o modelo de CITE previsto (información requirida sobre características constructivas de cada un dos elementos da construción, medidas inmediatas de seguridade e redacción do dictame final):

No novo Anexo II da Ordenanza xa non é obrigatorio consignar as características constructivas de todos e cada un dos elementos da construción, como sí o era no texto aprobado inicialmente. Por outra banda, parece obvio que as medidas inmediatas de seguridade por adoptar serán aquelas que resulten do «informe de inspección» e «dictame de actuacións» contidos no CITE, polo que non se advirte a necesidade de introducir ningunha aclaración complementaria. Finalmente, a redacción proposta para o "Dictame Final" polos alegantes é coincidente, en esencia, coa que agora se contén no novo modelo de CITE, no que o facultativo competente expresará se, unha vez inspeccionada a edificación, esta reúne ás condicións de seguridade estrutural esixibles conforme á Ordenanza e, de ser o caso, se procede ou non a execución das obras necesarias a tal fin ou a adopción de medidas inmediatas de seguridade constructiva.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente, nos termos expostos, as alegacións presentadas polo «Colegio Oficial de Ingenieros industriales de Galicia-Delegación de Vigo (ICOIIG)» e polo «Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia (CICCP)» sobre os seguintes extremos: (a) Nova redacción do parágrafo 6º do Apdo. I da Exposición de Motivos; (b) Modificación dos artigos 1.4 e 5 da Ordenanza, en congruencia coa reorientación dos seus obxectivos (aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas); (c) Ampliación da obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións; (d) Modificación do apartado correspondente da Ficha Técnica da Edificación (Anexo I) relativo á obrigatoriedade de consignar os datos sobre a cimentación da edificación; (e) Innecesariedade de consignar no Anexo II da Ordenanza as características constructivas de todos e cada un dos elementos da construción; (f) Modificación da redacción inicial do "Dictame " do CITE.

II.7. MOCIÓN E ENMENDAS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (GMS):

II.7.1. Por dilixencia do sr. xerente da XMU de data 04.10.2004 remitíronse ó técnico que asina, para a súa inclusión no expediente de referencia, os seguintes documentos: 1) «Moción do grupo municipal socialista sobre a Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións» (doc. nº 40099963); 2) «Enmendas do grupo municipal socialista á aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións» (doc. nº 40099968).

II.7.2. De consideralas alegacións ó acordo de aprobación inicial (Pleno 30.03.2004) resultarían inadmisibles por extemporáneas, toda vez que o prazo de presentación das mesmas rematou o pasado 11.06.2004. Sen embargo, e ós únicos efectos de achegar información técnica para o seu eventual

debate nos órganos decisorios, sí parecería oportuno realizar as seguintes precisións sobre o seu contido:

a) Enmendas:

- Accesibilidade:

Reitérase o manifestado a propósito da alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» no sentido de que: (a) A acreditación do cumprimento das condicións de accesibilidade das edificacións non é contido propio desta clase de Ordenanzas; (b) As esixencias de accesibilidade aplicables á edificación están claramente reguladas hoxe na Lei (L.8/1997) e o Regulamento (D.35/2000) autonómicos e na Ordenanza municipal para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas; (c) A inclusión da accesibilidade nunha Ordenanza reguladora da ITE nada aportaría a maiores para estes fins e, pola contra, dificultaría o propósito fundamental destas Ordenanzas (o aseguramento das condicións de seguridade constructiva das edificacións), como con toda claridade se pon de manifesto na alegación conxunta do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra e nas alegacións do ICOIIG e do CICCIP.

- Habitabilidade:

A reconsideración parcial dos obxectivos iniciais da Ordenanza, concretados máis precisamente agora no aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas, determinou a necesidade de definir aquelas condicións a efectos do seu cumprimento segundo a Ordenanza, o que se fai no texto proposto para a aprobación definitiva coa inclusión dun apartado específico (Apdo. 1.3), de tal xeito que o cumprimento desas condicións suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos da ITE. Entendemos mellor esta opción que a plantexada polo GMS como proposta alternativa ó artigo 1.4 da Ordenanza.

- Aplicación da ITE ós edificios de titularidade pública:

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión; estimándose favorablemente a pretensión de estender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións e modificándose no procedente o artigo 2.2. e referencias concordantes da Ordenanza.

- Incorporación dos resultados de análises, probas, ensaios, etc.:

No Anexo II da Ordenanza aprobada inicialmente xa se incluía un apartado denominado «Documentación anexa» no que o facultativo competente podía concretar a que se achegaba coa ITE: planos, fotografías, informes complementarios, etc. No novo Anexo II da Ordenanza (CITE) proposto para a aprobación definitiva, tamén figura, en cada un dos cinco apartados do Informe de inspección e dictame de actuacións (estado xeral da estrutura e cimentación, fachadas interiores, exteriores e medianeiras, conservación de

cubertas e azoteas, redes xerais de fontanería e saneamento e elementos comúns), un espazo «ad hoc» no que poderá consignar, á parte do método/s de inspección empregado/s, a «documentación técnica complementaria aportada». Non parecería necesario, pois, introducir maiores precisións ó respecto no articulado da Ordenanza.

- Acreditación da idade da edificación:

Sí entendemos máis completo o sistema de acreditación documental da idade das edificacións proposto polo GMS como alternativo do recollido no artigo 6.5 da Ordenanza. Procedería, técnicamente, incorporar aquel sistema, modificando no procedente o citado precepto.

- Protección de datos:

Non existe inconveniente ningún en incluír no artigo 7.3 da Ordenanza unha referencia expresa á vixente LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Idéntica petición contiñase xa na alegación conxunta do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra.

- Orde de inspección:

Entendemos que nada aporta, nin ó contido nin á intelixibilidade do precepto, a redacción alternativa proposta para o artigo 8.1 da Ordenanza. A súa literalidade é completamente fiel ó disposto no artigo 200 da LOUGA, segundo o que: «O concello poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de construcións e, se descubrixe que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados».

- Convenios de colaboración:

As normas imperativas de superior xerarquía (TRLCAP, LDC, etc.) serán sempre de obrigada observancia con independencia de que se mencionen ou non na Ordenanza. En calquera caso, cómpre clarexar que: a) Os convenios de colaboración entre entidades públicas están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Admóns. Públicas [arts. 3.1.c TRLCAP e RX-TRLCAP] b) A Ordenanza non limita o número de colexios profesionais que poden subscribir convenios de colaboración co Concello para levar a cabo a execución subsidiaria das ITE [arts. 8.3 e Disposición adicional 2ª] ; c) Na proposta de convenio de colaboración achegada coa alegación do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra xa se inclúe unha previsión específica sobre a necesidade de recabar a autorización da Tribunal de Defensa da Competencia no que atinxe á fixación dos honorarios profesionais [Estipulacións 5ª e 6ª]. Coincidimos, en todo caso, cos colexios profesionais en que se trata dunha cuestión máis propia do convenio que da Ordenanza.

- Subvencións a comunidades de propietarios:

Como xa quedou expresado, non existiría inconveniente en eliminar a prohibición expresa de subvencionar o custo da ITE as comunidades de propietarios (Disposición adicional 3ª.2), de tal xeito que será a norma que regule tales axudas a que determine os posibles beneficiarios e os demais aspectos relacionados coa súa xestión.

- Anexo II: fachadas a patios e a medianeiras.

Semella acertada a observación relativa á verificación do estado de conservación das fachadas a patios e a medianeiras. Con todo, no novo Anexo II da Ordenanza (CITE) xa se inclúe, na letra B) do Informe de inspección e dictame de actuacións un apartado específico relativo ó «Estado xeral de fachadas interiores, exteriores e medianeiras».

b) Moción:

Propónse a modificación do apartado 4º da parte dispositiva do acordo de aprobación inicial da Ordenanza, suprimindo o seguinte parágrafo: «Dispoñer, con carácter previo á súa aprobación definitiva e entrada en vigor, a aplicación dos medios técnicos e humanos necesarios para o efectivo cumprimento desta Ordenanza, que se concretan na elaboración dun censo de edificacións e na creación dunha Oficina administrativa de control da ITE e dun Rexistro informático».

Sobre este extremo temos que dicir que:

(a) Tal parágrafo só tería resultado incoherente co apdo. 3º do acordo (previsión de aprobación definitiva automática, ex art. 49.c] LRBR) de non terse formulado alegación ningunha ó acordo de aprobación inicial. Como sabemos, non foi así e -polo tanto- tal condicionante podería ser plenamente eficaz.

(b) Xa no informe-proposta previo á aprobación inicial da Ordenanza, do 10.02.2004, advertíamos que, antes da súa efectiva aplicación, resultaba imprescindible:

1) Crear na XMU unha Oficina de control da ITE, coa axeitada dotación de persoal, equipos, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.; oficina dotada necesariamente con persoal funcionario, tendo en conta a natureza e permanencia das funcións a realizar e a responsabilidade implícita nelas.

2) Crear, tamén na XMU, o Rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos á ITE (art. 7 da Ordenanza: «Rexistro de inspección Técnica da Edificación»).

3) Elaborar un censo de edificacións.

Así mesmo, considerábase (e considérase) necesario:

- Subscribir convenios de colaboración cos colexios profesionais para a execución subsidiaria da ITE (art. 8.3 e Disposición adicional segunda da Ordenanza).

- Instrumentar un réxime de subvencións para sufragar os custos asociados á realización da ITE e, de ser o caso, á execución das obras derivadas dela (Disposición adicional terceira da Ordenanza).

- Elaborar unha Guía informativa para clarear as posibles dúbidas que puidesen xurdir na realización dos CITE.

- Levar a cabo unha ampla campaña divulgativa entre a poboación e os sectores interesados que, mediante cartas personalizadas, liñas de atención cidadá (010), etc., contribúa a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da aplicación da Ordenanza.

(c) Indicabamos tamén que, en caso contrario e á vista da experiencia comparada doutras cidades, as posibilidades de éxito na aplicación desta Ordenanza serían, con toda probabilidade, practicamente nulas. Por esta razón, decidiuse incluír na proposta de acordo un parágrafo como o que agora é obxecto de emenda.

(d) Afírmase tamén que «dende o punto de vista práctico, a aplicación da OITE non terá lugar ata transcorridos dous anos dende a súa entrada en vigor, data na que deberán presentarse as primeiras fichas e certificacións de inspección técnica de edificios que teñan máis de cen anos de antigüidade (apartado 1.a) da Disposición Transitoria única da ordenanza). Tempo suficiente para que a Xerencia de Urbanismo de dote de medios».

Tal afirmación non é totalmente correcta xa que, a teor da Disposición transitoria citada, os prazos de presentación das Fichas e dos CITE configúranse como máximos, polo que, unha vez en vigor a Ordenanza, podería suceder perfectamente que se presentasen eses documentos en calquera momento posterior, sen necesidade de agardar o cumprimento dos prazos (máximos) fixados en función da antigüidade das edificacións; situación que, de non contar xa cos medios necesarios na XMU, podería ocasionar evidentes problemas administrativos.

Por isto, e con independencia de que propoñamos de oficio modificar tal Disposición transitoria no sentido que a seguir se expresa (Apdo. III.2), parecería razoable que o órgano decisorio, tendo en conta as circunstancias expostas (e a experiencia comparada), ou ben adiase a aprobación definitiva da Ordenanza ata que os medios precisos estivesen dispoñibles ou ben condicionase ata ese mesmo momento ou sometese a término a súa efectiva entrada en vigor.

III. MODIFICACIÓNS DE OFICIO.

III.1. Valorando conxuntamente as características do parque edificatorio desta cidade, en especial, a súa relativa antigüidade¹, o seu estado de conservación² e mesmo a súas características constructivas e os obxectivos perseguidos pola Ordenanza (centrados agora no aseguramento das condicións de seguridade constructiva) considérase máis axeitado fixar non en 15 anos (como establece a Ordenanza inicialmente aprobada) nin en 12 (como suxire APROIN) senón en 30 anos a idade na que as edificacións deberán pasar a primeira ITE; o que implica modificar a previsión recollida actualmente no artigo 6.2 da Ordenanza.

III.2. Ademais, óptase por modificar o apartado 1º da Disposición Transitoria única da Ordenanza, concretando os exercicios nos que, en

¹ Estímase nun 54,97% a porcentaxe de vivendas construídas a partir de 1971, principalmente na década de 1971-1980 (27,99% das vivendas).

² En xeral, obsérvase unha mellora xeneralizada do estado dos edificios desde 1991 ó 2001, cun incremento de máis do 10% das vivendas en bo estado (90,66% no 2001). O descenso da calidade das vivendas é paralelo á antigüidade das mesmas. Partindo duns niveis do 95% de vivendas en bo estado no período 1991-2001, o descenso iniciase nas construcións anteriores a 1960 (81,43% de vivendas en bo estado), chegando ó 56,29% nas construcións máis antigas. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda, INE 2001.

función da súa data de construción, as edificación deberán superar a ITE³, co que se pretende: 1) Lograr unha maior racionalidade na distribución da carga de traballo que deba asumir a Oficina administrativa de control da ITE, e, 2) introducir ó mesmo tempo unha maior proporcionalidade entre aqueles dous parámetros (antigüidade e prazos), como tamén se suxería polo COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra, aínda que cunha distinta formulación.

IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

IV.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA).

IV.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

IV.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

IV.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non puidendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

IV.5. A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademais, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.

IV.6. De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

³ Podería modificarse o termo inicial previsto nesta transitoria (p.ex. 2005→ 2006) se finalmente así o decidise o órgano resolutorio.

a) Aprobación inicial polo Pleno.

b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

d) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

IV.7. Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza -unha vez aprobada de forma definitiva- deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa, sen prexuízo do réxime transitorio previsto.

IV.8. Con todo, tendo en conta a relevancia das modificacións introducidas no texto da Ordenanza con posterioridade ó acordo de aprobación inicial como consecuencia da estimación, total ou parcial, das alegacións e suxestións presentadas e das introducidas de oficio, que afectan a cuestións substanciais da mesma, parecería oportuno dispoñer a apertura dun segundo periodo de información pública.

Tal solución parece plenamente conforme cos principios de transparencia e publicidade e coa necesidade de reforzar a participación pública nos procesos de elaboración das normas cando se introducen cambios substanciais nos documentos inicialmente aprobados (Así: STS 12.06.1993, art. 4343)."

Polo exposto o técnico de administración xeral propón ó Pleno da Corporación, por proposta do Consello da XMU e previa aprobación da Xunta de Goberno local, a aprobación da proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 18 de novembro de 2004, presta a súa conformidade o informe proposta transcrito anteriormente.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 22 de novembro de 2004, acorda aprobar o proxecto da ordenanza municipal de conformidade con sinalado no informe proposta transcrito anteriormente e elevar o acordo ó Pleno da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Prestar conformidade ó informe do técnico de Administración xeral da Xerencia municipal de Urbanismo transcrito na parte expositiva deste acordo, no que se propón

- a) Estimar -total ou parcialmente-, no sentido indicado no mesmo, as alegacións presentadas ó acordo plenario do 30.03.2004 por: «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», «APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)», «APROIN (Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra)», «Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia», «Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra», «Colegio Oficial de Ingenieros industriales de Galicia-Delegación de Vigo (ICOIIG)» e «Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia (CICCP)».
- b) Introducir de oficio as modificacións que se relacionan no apdo. III do precitado informe.

Segundo.- Á vista das modificacións substanciais introducidas no documento inicialmente aprobado, dispoñer a apertura dun segundo trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. No respectivo expediente que se someta a información pública constará tanto o texto da Ordenanza aprobado inicialmente como o resultante da estimación das alegacións presentadas e das modificacións introducidas de oficio.

Terceiro.- Notificar este acordo a todos os interesados nos termos previstos legalmente (arts. 58-59 LRX-PAC).

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE)
DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. XUSTIFICACIÓN

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola CE de 1978 no seu artigo 33, «como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2º), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.

Desde hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén, lamentablemente, de perda de vidas humanas.

Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan capaces de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (v.gr. ordes de execución) e as tradicionais -e imprescindibles- tarefas de policía administrativa vencelladas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.

No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.

A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan síntomas aparentes que indiquen unha falta de seguridade nas mesmas, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e custosas.

Ademáis de permitir un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de Vigo, obxectivo principal que se reflectirá no Rexistro da ITE, a Ordenanza debería contribuir tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.

II. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un certificado no que describirá os estragos apreciados no inmovible, as súas

posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súa dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste certificado esixe remitirlles copia del ó concello e ó colexio profesional correspondente.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de edificacións e, se descubriese que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a)].

III. COMPETENCIA MUNICIPAL

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA), protección do medio ambiente (arts. 25.2.f] LRBRL), protección civil (arts. 25.2.c] LRBRL e 80.2.c] LALGA) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

IV. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA

A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia Ordenanza mediante a obtención dun informe-certificado de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruina ou sometidas a expediente contradictorio de ruina mentres non exista resolución firme.

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da Ordenanza, os prazos máximos xerais para a presentación do primeiro CITE empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

Para posibilitar o axeitado control do cumprimento das obrigas derivadas da Ordenanza, prevese a constitución na Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo dun rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, o «Rexistro de inspección Técnica da

Edificación», no que deberán constar a data de presentación e o contido de cada un dos Certificados de Inspección Técnica da Edificación (CITE) e das Fichas Técnicas da Edificación que se han presentar xunto con el.

V. IMPLEMENTACIÓN

A virtualidade da ITE, na forma en que se regula nesta Ordenanza, esixe que se dote á Xerencia de Urbanismo de maiores medios, materiais e humanos, a realización dunha serie de traballos técnicos previos (censo de edificacións, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.), a creación do Rexistro da ITE, a subscripción de convenios de colaboración cos colexios profesionais directamente implicados, unha axeitada campaña divulgativa entre a cidadanía e os profesionais e, por último, a instrumentación dun réxime específico de axudas á propiedade para realizar as ITE e, de ser o caso, para levar a cabo as obras recomendadas.

Artigo 1. Fundamento e obxecto da Ordenanza.

1.1. Díctase esta Ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

1.2. Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta Ordenanza.

1.3. Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.

b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos constructivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden cair á vía pública.

c) Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

1.4. O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

Artigo 2.- Obrigados.

2.1. Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta Ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.

2.2. No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

Artigo 3.- Certificado de Inspección Técnica da Edificación (CITE).

3.1. A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe-certificado expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do CITE serán os establecidos nesta Ordenanza.

3.2. De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste certificado esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha constituir na Xerencia. Poderán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador.

3.3. Para o caso de edificacións pertencentes ás Administracións públicas os CITE poderán ser conformados polos seus servizos técnicos competentes.

Artigo 4.- Ficha Técnica da Edificación.

Establécese a obriga de realizar unha Ficha Técnica da Edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo I.

Artigo 5.- Contido do CITE.

5.1. O CITE expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente ós seguintes aspectos:

- a) Estado da estrutura e cimentación.
- b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.
- c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.

e) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.).

5.2. Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

5.3. Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o CITE deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección e sinalar as posibles causas e as obras necesarias por realizar, con indicación de prazos de inicio e de execución estimados das mesmas.

5.4. Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas inmediatas de seguridade que, de ser o caso, fose necesario adoptar por existir unha situación de perigo inminente para os ocupantes da edificación ou das colindantes ou para as persoas que transiten pola vía pública.

5.5. O CITE presentarse conforme ó modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo II, debidamente cuberto e acompañado de reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio, plano de situación a escala mínima 1:2000 e plano de deslinde a escala 1:500.

Artigo 6.- Forma e prazo de presentación do CITE.

6.1. O CITE deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, acompañado da Ficha Técnica da Edificación.

6.2. O primeiro CITE deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requerido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.

6.3. O CITE deberá renovarse periódicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, xunto coa Ficha Técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos Anexos I e II da Ordenanza.

6.4. Para os efectos desta Ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licencia e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reforma xeral que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do CITE así como o das sucesivas renovacións, comenza a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

6.5. A idade da edificación acreditarase documentalmente mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) Certificado final de obras expedido por facultativo ou facultativos competentes; (2) Licencia de primeira ocupación; (3) Comunicación ó Concello do remate das obras; (4) Licencia de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas.

6.6. Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Artigo 7.- Rexistro de ITE e Libro do Edificio.

7.1. Para os efectos previstos nesta Ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos CITE e das Fichas Técnicas da Edificación que se presenten.

7.2. A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta Ordenanza.

7.3. Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.

7.4. As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Artigo 8.- Consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do CITE.

8.1. Se a Xerencia descubrixe que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta Ordenanza, ordeará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.

8.2. Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordeado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, puidendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

8.3. Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na Ordenanza. A designación do colexiado a efectuará o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

8.4. De non formalizarse estes convenios, a Xerencia poderá organizar un turno ó que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que reúnan

os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

8.5. En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

8.6. Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o CITE.

Artigo 9.- Consecuencias do CITE desfavorable.

9.1. Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no CITE nos prazos que no mesmo se determinen, o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

9.2. Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licenza de obras na Xerencia será de 2 meses.

9.3. Se, pola contra, do CITE resultase a necesidade de acometer medidas inmediatas de seguridade por perigo inminente, deberanse realizar no prazo previsto no mesmo.

9.4. A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.

Artigo 10.- Ordes de execución por non realizar as obras previstas no CITE.

10.1. De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no CITE, os servizos técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe propoñendo o órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para dictar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

10.2. As ordes de execución que se dicten a resultados do CITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordeado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

10.3. Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

Artigo 11.- Réxime sancionador.

11.1. O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos CITE no tempo e a forma establecidos nesta Ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

11.2. Conforme co preceptuado no artigo 223 LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dictase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

11.3. No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

Artigo 12.- Réxime xeral do deber de conservación.

12.1. O cumprimento da obriga formal establecida nesta Ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

12.2. No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordear en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requeridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordeando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recair e evitar a causación de danos ás persoas e ós bens.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- Documentación dos proxectos técnicos.

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta Ordenanza para a obtención da correspondente licenzia municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados. Incluírase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Convenios de colaboración.

Ademais dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta Ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a

Xerencia poderá celebrar outros, con eses mesmos colexios ou con as organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevea a organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Réxime de subvencións.

O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

1.- As disposicións desta Ordenanza serán aplicables ás edificacións en función da súa antigüidade, debendo someterse á primeira inspección nas seguintes datas:

- a) As edificacións construídas ata 1919, durante o ano 2005.
- b) As edificacións construídas entre 1920 e 1939, durante o ano 2006.
- c) As edificacións construídas entre 1940 e 1949, durante o ano 2007.
- d) As edificacións construídas entre 1950 e 1959, durante o ano 2008.
- e) As edificacións construídas entre 1960 e 1969, durante o ano 2009.
- f) As edificacións construídas entre 1970 e 1979, durante o ano 2010.
- g) As edificacións construídas en 1980, durante o ano 2011.

2.- Unha vez presentado o primeiro CITE, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta Ordenanza.

3.- En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Selo rexistro

ORDENANZA ITE. ANEXO I: FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN

Modelo de impreso aprobado na Ordenanza de Inspección Técnica de Edificacións do Concello de Vigo (BOP nº XX do XX/XX/2003)

EDIFICIO	Enderezo:				Num.	Cód. Postal:				Parroquia				Clave:			
	Data de construción/rehab.		Rexistro da Propiedade				Tomo	Libro	Folio	Nº de Referencia catastral				Plano Cart.			
	1ª ITE en prazo		Requirimento de ITE		Execución subsidiaria		Anterior ITE desfav.		Anterior ITE favorable				-				
DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	DNI ou CIF		Nome e apelidos ou razón social:								Teléfono:		Fax:				
	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN																
	Enderezo:						Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal						
	Parroquia		Municipio				Provincia				Correo electrónico:						
	DNI ou CIF		Nome e apelidos ou razón social:								Teléfono:		Fax:				
TECNICOIS	Título		Colexio Profesional:				Número de colexiado:				Actúa como Técnico:						
	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN																
	Enderezo:						Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal						
	Parroquia		Municipio				Provincia				Correo electrónico:						
	USO PRINCIPAL		Nº VIVENDAS	Oc	Pr	Al	Ba	Nº OFICINAS	Oc	Pr	Al	Ba	Nº LOCAIS	Oc	Pr	Al	Ba
OGUPACION	SUPERFICIE CONSTRUID A POR USOS	VIVENDAS				OFICINAS				LOCAIS							
		Nº	Superficie	Subtotal		Nº	Superficie	Subtotal		Nº	Superficie	Subtotal					
	TOTAIS																
SUPERFICIE CONSTRUID A TOTAL	SUPERFICIE CONSTRUIDA SOBRE RASANTE						SUPERFICIE CONSTRUIDA BAIXO RASANTE										

Oc= Ocupadas/os / Pr= En propiedade / En alugueiro/ Ba = baleiras/os

PLANEAMENTO XERAL VIXENTE	PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO	CLASIFICACION DO SOLO	CUALIFICACION DE SOLO
---------------------------	--------------------------------	-----------------------	-----------------------

S.Ordinaria 29.11.04

DATOS OPCIONAIS (ACUBRIR EN TODO CASO POLA ADMINISTRACIÓN)						
	SI NON FÓRA DE ORDENACION POR :					
	ALIÑACIÓNS	RECUADOS	VOLUME	ALTURA	OCUPACIÓN	USOS
	EXISTE ANTERIOR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUINA				Nº de Expediente	
	SI NON					
	EXISTE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN				Nº de Expediente	
	SI NON					
	CATALOGACION	BIC	INCLUIDO EN ARI		AFECCIÓNS LEXISLACION SECTORIAL	
	LICENCIA DE OBRAS	PROMOTOR	DATA		Nº DE EXPEDIENTE	
	LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN	PROMOTOR	DATA		Nº DE EXPEDIENTE	

DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	SUPERFICIE PARCELA	TIPOLOXIA	Nº DE PLANTAS SOBRE RASANTE	Nº DE PLANTAS BAIXO RASANTE	APARCAMENTOS Nº DE PRAZAS	ASCENSOR /ES NÚMERO
	CIMENTACIÓN					
	CORRIDA ZAPATAS ILLADAS LOUSA PILOTES OUTRAS NON EXISTEN DATOS					
	ESTRUCTURA					
	MUROS DE CARGA MADEIRA FORMIGÓN ARMADO METÁLICA MIXTA OUTRAS					
	REVESTIMENTOS DE FACHADAS					
	PEDRA CHAPADOS PEDRA TRANSVENTILADAS LADRILLO CERÁMICOS MORTEIRO MONOCAPA					
	PINTURAS CHAPADOS METÁLICOS FIBROCEMENTO MUROS CORTINA OUTROS					
	CUBERTAS					
	TELLA FIBROCEMENTO PIZARRA CHAPA METÁLICAS TERRAZA PLANA OUTRAS					
	INSTALACIÓNS EXTERIORES :					
	ANTENA TV ANTENA TELEFONÍA MÓBIL PARARRAIOS CABLEADOS LUMINARIAS					
	CAIXAS DE INSTALACIÓNS BAIXANTES CHEMINEAS RÓTULOS TOLDOS OUTRAS					
	CONSTRUCCIÓNS ANEXAS					
	GALPÓN GARAXE OUTRAS					
	VISADO COLEXIAL			Vigo, de de		
			O Técnico Inspector O propietario			
			Asdo:..... Asdo:.....			

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

A: ESTADO XERAL DA ESTRUCTURA E CIMENTACIÓN

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S

VISUAL OUTROS

DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI NON

Deficiencias:

Posibles causas:

Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL

Vigo, de de

O/s Técnico/s Inspector/es

Asdo:.....

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)**INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES**

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

B. ESTADO XERAL DE FACHADAS INTERIORES, EXTERIORES E MEDIANEIRAS.

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S

VISUAL OUTROS

DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN**Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade:** SI NON**Deficiencias:****Posibles causas:****Medidas a adoptar:**

VISADO COLEXIAL

Vigo, de de

O/s Técnico/s Inspector/es

Asdo:.....

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)**INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES**

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

C. ESTADO XERAL DE CONSERVACIÓN DE CUBERTAS E AZOTEAS**METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S**

VISUAL OUTROS

DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN**Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade:** SI NON**Deficiencias:****Posibles causas:****Medidas a adoptar:**

VISADO COLEXIAL

Vigo, de de

O/s Técnico/s Inspector/es

Asdo:.....

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)**INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES**

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

D. ESTADO DAS REDES XERAIS DE FONTANERÍA E SANEAMENTO DO EDIFICIO

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S

VISUAL INSPECCIÓN DE ARQUETAS OUTROS

DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI NON

Deficiencias:

Posibles causas:

Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL

Vigo, de de
O/s Técnico/s Inspector/es

Asdo:.....

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

E.ESTADO XERAL DE ELEMENTOS COMÚNS: PORTAIS, ESCALEIRAS, ETC.

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S

VISUAL OUTROS

DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI Non

Deficiencias:

Posibles causas:

Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL

Vigo, de de
O/s Técnico/s Inspector/es

Asdo:.....

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)**INFORME DE INSPECCION E DICTAME**

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

DICTAME

Unha vez inspeccionado o edificio consignado, o técnico asinante DICTAMINA que as súas condicións de seguridade constructiva son:

Favorables

Desfavorables debendo subsanarse as deficiencias detectadas e adoptarse as medidas que se sinalan no informe relativas a:

A. ESTRUCTURA XERAL DA ESTRUCTURA E CIMENTACIÓN
B. ESTADO XERAL DE FACHADAS E MEDIANEIRAS
C. ESTADO XERAL DE CONSERVACIÓN DE CUBERTAS E AZOTEAS
D. ESTADO XERAL DAS REDES DE FONTANERÍA E SANEAMENTO
E. ESTADO XERAL DE ELEMENTOS COMÚNS: PORTAIS, ESCALEIRAS,ETC.
BORRAR AS QUE NON PROCEDAN

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS INMEDIATAS DE SEGURIDADE CONSTRUCTIVA

				Parcial	Total	Urxente
DEMOLICION/S:						
RETIRADA ELEMENTOS FACHADA:						
ARRIOSTRAMENTO FACHADAS:						
APONTOAMENTO FACHADAS:						
MACIZADO OU TAPIADO OCOS:						
APEOS:						
ACOTADO OU VALADO DE ZONAS:						
OUTRAS:						
DESALOXO DE PERSOAS:	Nº de persoas	Temporal	Permanente	Parcial	Total	Urxente

EXECUCION DAS OBRAS NECESARIAS

PRAZO DE INICIO:
PRAZO DE EXECUCIÓN:
OBSERVACIONES:

OBSERVACIONES COMPLEMENTARIAS

SI NON considérase necesario realizar o nomeamento dun técnico competente, tanto para a súa definición precisa (proxecto) como para o seguimento da execución (dirección de obras e dirección da execución das obras) e a prevención de riscos laborais (seguridade e saúde).

DOCUMENTACION ANEXA

PLANO DE SITUACIÓN E DESLINDE :	
DOCUMENTACIÓN FOTOGRAFICA CON LENDAS EXPLICATIVAS:	
PLANOS:	
INFORME COMPLEMENTARIO:	
OUTRA/S:	
VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O/s Técnico/s Inspector/es Asdo:.....

6.- (296).-CONVALIDACIÓN DA FACTURA 04/018 DA ENTIDADE "FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS E ASDOS. S.L.", POLA REDACCIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA URBANIZACIÓN DA SUPERFICIE DO APARCADOIRO DE URZÁIZ.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 23 de agosto de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"39. CONVALIDACIÓN DE FACTURA 04/018 DA ENTIDADE "FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS, S.L." POLA REDACCIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA URBANIZACIÓN DA SUPERFICIE DO APARCADOIRO DE URZÁIZ. EXPTE. 614/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.08.04, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 12.08.04, conformado polo concelleiro de Urbanismo, que di o seguinte:

O Pleno do 15 de abril de 1999 aprobou a concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz a favor da unión temporal de empresas integrada por "Tranvías Eléctricos de Vigo, SA" e "Eloymar, SA". Producto deste acordo a concesionaria encargou á entidade "FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS ASOCIADOS, SL" a redacción dun proxecto de obra que se aprobou polo Pleno da Corporación.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, por acordo de data 4 de setembro de 2003, encargou ós técnicos deste Organismo Autónomo, en colaboración coa entidade concesionaria representada pola dirección de obra, un estudo para a mellora do proxecto de urbanización da superficie da rúa Urzaiz.

O 10 de decembro de 2003 o director dos servizos técnicos e o enxeñeiro de obras públicas informan e achegan un plano coas características xerais das melloras introducidas e a súa valoración. Neste informe aconséllase, por razóns técnicas, que a redacción desta modificación do proxecto a realicen os técnicos encargados da dirección da obra.

Na sesión do 11 de decembro de 2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo toma coñecemento do estudo realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en colaboración coa concesionaria do aparcadoiro de Urzaiz, relativa á mellora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 9 de febreiro de 2004, a proposta do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopta o seguinte acordo:

1) "Autorizar a iniciación do expediente de modificación do contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz, aprobado polo Pleno o 15 de abril de 1999, consistente na mellora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

2) Encargar a redacción da modificación do proxecto de execución do aparcadoiro de Urzaiz ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores da obra."

Dada a relevancia da obra do aparcadoiro de Urzaiz, por afectar a unha das rúas principais desta cidade (arteria básica e fundamental do tráfico do

S.Ordinaria 29.11.04

centro), a tramitación de calquera modificación tivo que se facer coa maior urxencia posible, evitando demoras na execución da obra.

Esta premura e a descoordinación deste servizo co de Patrimonio e Contratación do Concello (que tramita o contrato principal) provocou que este "encargo" ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores de obra non se fixese seguindo as formalidades contractuais requiridas pola normativa vixente. En todo caso, a xuízo deste técnico, o resultado sería o mesmo, de se ter tramitado un procedemento negociado sen publicidade nin concorrencia por motivos técnicos, seguindo o previsto polo artigo 210.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Este gasto realizouse existindo crédito a nivel de vinculación xurídica, tanto no programa orzamentario "432.0" desta Xerencia de Urbanismo como no "511.0" de Vías e Obras do Concello. Todo isto sen prexuízo de que "a posteriori" se habilítase unha partida que englobase a modificación do contrato de concesión da obra, a redacción do proxecto e a dirección de obra.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, a convalidación da factura nº 04/018, de data 15 de xuño de 2004, expedida por "FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASDOS., SL", por un importe de 57.000 EUROS, recoñecendo a obriga ó seu favor, con cargo a partida orzamentaria 5110.6110062 (proxecto nº 04451162).

Acordo.

A Xunta de Goberno acorda:

Convalidar a factura nº 04/018, de data 15 de xuño de 2004, expedida por "FRAGA G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASDOS., SL", por un importe de 57.000 EUROS, recoñecendo a obriga ó seu favor, con cargo a partida orzamentaria 5110.6110062 (proxecto nº 04451162)."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

7.- (297).-MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚN. 3/04, PARA ADQUISICIÓN DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS PARA O PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO. EXPTE. 83/04.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 2 de novembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"40.(1396)- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA ADQUISICIÓN DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS PARA O PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO. Expte. 83/04.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.10.04 e o acordo do Consello de Administración do Parque das Ciencias Vigo Zoo do 29.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

S.Ordinaria 29.11.04

Aprobar o proxecto de modificación de crédito núm.3/04, Crédito extraordinario para a adquisición de cámaras frigoríficas sobre a partida orzamentaria 4523.623.0000, "Adquisición de cámaras frigoríficas", por un importe de 29.900,00 €."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro de 2004, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, ACÓRDASE:

Aprobar o proxecto de modificación de crédito núm.3/04, Crédito extraordinario para a adquisición de cámaras frigoríficas sobre a partida orzamentaria 4523.623.0000, "Adquisición de cámaras frigoríficas", por un importe de 29.900,00 €.

8.- (298).-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA DO PROXECTO DO REGULAMENTO DO PARQUE INFANTIL "O CASTRO". EXPTE. 70190/210.

ANTECEDENTES.- A xefa de Seguridade e Transportes, por escrito de data 28 de outubro de 2004, formula o seguinte informe-proposta:

"Instruído o expediente do proxecto de regulamento do parque infantil de tráfico "O Castro", o Pleno Municipal, en sesión do 31 de marzo de 2003, adoptou acordo de aprobación inicial do texto regulamentario, dispoñendo a súa publicación a efectos de reclamacións e suxerencias, de acordo co previsto no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a DISPOSICIÓN ADICIONAL "SEGUNDA" establece que de non se presentar reclamacións durante o prazo establecido de 30 días, o citado regulamento entraría en vigor "o día seguinte da súa publicación íntegra no Diario Oficial de Galicia".

En cumprimento do disposto na ADICIONAL PRIMEIRA, remitiuse o proxecto de regulamento á Dirección Xeral de Tráfico para a súa aprobación e en data 4 de xullo de 2002, confirmada por outra comunicación da dita xefatura do 29 de abril de 2004, prestou conformidade ó mesmo.

Constátase que erróneamente na ADICIONAL SEGUNDA establécese que a entrada en vigor do dito regulamento tería lugar o día seguinte da publicación íntegra no DOG, en lugar de establecer que a entrada en vigor se produciría ó día seguinte da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, como era preceptivo."

Polo anteriormente exposto, a xefa de Seguridade e Transportes emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

S.Ordinaria 29.11.04

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Modificar o texto da DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA do regulamento do parque infantil "O Castro", quedando redactado do seguinte teor literal:

"SEGUNDA.- O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia debendo anunciarse seguidamente no Diario Oficial de Galicia, facendo constar no dito anuncio que o texto íntegro publicouse no BOP e estará vixente mentres o Concello de Vigo non acorde a súa modificación ou derogación.

9.- (299).-MODIFICACIÓN DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE CON CARGO A CRÉDITOS
NON CONSUMIDOS NO CAPÍTULO I DE VACANTES. EXPTE. 15371/220.

ANTECEDENTES.- O xefe da Unidade de Persoal, Sr. Córdoba Ardao, por escrito de data 18 de novembro de 2004, informa o seguinte:

"O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 14 de xaneiro de 2003, aprobou definitivamente o orzamentosto xeral para o referido exercicio, actualmente prorrogado, que fixa a cantidade de 988.672,49 € para a partida de productividade e 990.467,94 € para gratificacións.

Con motivo da aprobación do orzamento para o ano 2003, actualmente prorrogado, deuse cobertura nas Instrucións de Plantilla a uns novos conceptos para a asignación, tanto de complementos de productividade como de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, criterios que se consideraron no seu momento de singular relevancia para optimizar tanto o rendemento persoal de determinadas unidades como para garantir unha xusta retribución de actividades extraordinarias non habituais merecedoras dunha correlativa compensación económica.

A contificación das partidas de gratificacións e productividades limitouse á incorporación, no seu montante global, do 2% previsto na Lei de Orzamentos do Estado para o exercicio 2003, pero sen ter en conta o incremento de gasto producido nesas partidas como consecuencia da incorporación de novos efectivos.

Ós antecedentes descritos, hai que engadir a falla de orzamentación dos incrementos legais previstos para o exercicio 2004 na lei de orzamentos do Estado, habida conta precisamente a situación de prórroga orzamentaria existente ó día de hoxe con relación ós orzamentos de 2003.

Deste xeito, evidénciase unha necesidade urxente de implementar a partida de productividades para poder facer fronte ós compromisos de gasto que se han de xerar con cargo a este concepto retributivo ata final de ano, incremento que se fará con cargo ós créditos non consumidos das prazas vacantes no cadro de persoal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

S.Ordinaria 29.11.04

Os artigos 5.5 e 6.1 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, establecen que corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento as cantidades globais destinadas a asignación de complemento de produtividade e gratificacións.

Pola súa banda, o artigo 127 da Lei Reguladora das bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, atribúe competencia á Xunta de Goberno Local para a aprobación das retribucións dos empregados públicos con arranxo ó orzamento aprobado polo Pleno do Concello, órgano este último facultado en consecuencia para dar aprobación ó montante global das distintas partidas que integran o Capítulo I dos orzamentos.

A modificación orzamentaria proposta atopa igualmente amparo nos artigos 19 e 21 da lei 61/2003, da lei de orzamentos do Estado para o ano 2004, toda vez que o incremento das partidas de productividades e gratificacións respostan á necesidade dunha debida orzamentación contable tanto en función do número de efectivos existentes como dos obxectivos globais das distintas áreas ou programas, así como á necesidade de dar cobertura ó incremento legal do 2% previsto para o exercicio 2004 na antedita lei de orzamentos.

Polo anteriormente exposto o xefe da Unidade de Persoal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 22 de novembro de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: Antes de nada fago referencia a que efectivamente a este Pleno traen dúas modificacións de crédito, a primeira no punto 7 que acabamos de votar a favor e fixémolo porque é unha modificación de crédito ben construída, están claros os créditos de saída e está claro o obxectivo desa modificación de crédito, nese caso a adquisición dunhas cámaras frigoríficas que ademais coñecemos ben os concelleiros do BNG que estamos no Consello de Administración do Vigozoo.

Pero neste caso non podemos votar a favor, Sra. Presidenta, porque se ben é verdade que coñecemos os créditos de partida con toda claridade, que son os créditos non consumidos dunha oferta de emprego público que era a oferta do ano 2003 e que non convocaron ata o outro día como quen di, acaban de aprobar a convocatoria hai escasamente un mes en Xunta de Goberno, está ben porque hai que aproveitar eses créditos e sabemos cal é a saída: a oferta de emprego público do ano 2003, o que non sabemos é a chegada.

Sabemos que van vostedes complementar a bolsa de produtividade pero ¿con qué obxectivo? Non o sabemos. ¿Qué política van aplicar a eses 600.000 € que van engrosar a bolsa de produtividade? Non o sabemos e o expediente non o di. O único expediente que se cita é o 15324/220 que é o expediente da dispoñibilidade horaria da Policía Local do mes de agosto e que acada un custo de 69.000 €, redondeando, o 10% da cantidade que vostedes engrosan nesa bolsa que son 600.000, do resto non sabemos nada.

Obvio cal é a nosa posición a respecto do su último acordo da disponibilidad horaria da Policía Local porque xa está expresada en Pleno e non queremos abrir ese debate hoxe, pero si lles expresar que o noso Grupo está disposto a discutir modificacións de crédito sempre e cando teñamos claro que créditos son os de saída e qué créditos de chegada, é dicir, para qué se realiza a modificación de crédito o que neste expediente está en absoluto xustificado.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martins Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida de productividades aplicando os créditos non consumidos que a continuación se relacionan, para incrementar o saldo da partida 121.0.150.00.00 nunha contía de 604.015,46 €, segundo o resume de créditos existentes nas partidas e servizos que se detallan a continuación:

POSTO	SERVIZO	PARTIDA	Nº POSTOS	Básicas (Part. 120.00.00)	Compl. (Part. 121.00.00)	TOTAL PRAZA
Asesor Téc.Novos Prox.	107	111.2	1	8.319,74 €	12.861,63 €	21.181,37 €
Programador Informática	113	121.7	1	4.552,89€	8.364,72€	12.917,61€
Tec.Med.Serv.Econom.	140	611.0	1	8.652,67€	13.986,62€	22.639,29€
Administrativo	140	611.0	1	7.208,74€	8.592,81€	15.801,55€
Xefe Gastos	140	611.0	1	12.607,76€	13.823,43€	26.431,19€
Alguacil-notificador	201	121.0	1	4.064,09€	5.096,75€	9.160,84€
Administrativo	322	422.0	1	12.093,87€	10.854,08€	22.947,95€
Sarxento Policia Local	212	222.2	2	9.105,78€	0,00€	9.105,78€
Cabo Policía Local	212	222.2	2	10.017,38€	14.205,47€	24.222.85€
Garda Policía Local	212	222.2	30	0,00€	5.593,91€	5.593,91€
Garda Policía Local	212	222.2	24	87.532,41€	166.778,58€	254.310,99€
Garda Policía Local	212	222.2	3	19.549,68€	23.962,44€	43.512,12€
Subofic. Ext. Incendios	213	222.1	1	9.105,78€	18.714,37€	27.820,15€
Bombeiro	213	222.1	2	36.364,51€	63.656,41€	100.020,92€
Vixiante en xeral	252	442.0	1	3.398,64€	4.950,30€	8.348,94€
TOTAL				232.573,94€	371.441,52€	604.015,46€

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para que autorice expresamente as transferencias de créditos das anteriores partidas, segundo o disposto no artigo 179.2 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais .

Terceiro.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

S.Ordinaria 29.11.04

10.- (300).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.719,74 € A FAVOR DE FUJITSU ESPAÑA S.A., POLOS SERVICIOS REALIZADOS DE SOPORTE E ADMINISTRACIÓN INFORMÁTICA DO ARQUIVO PACHECO DE 2002. EXPTE. 8299/331.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 8 de novembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"12. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 11.719,14 € A FAVOR DE FUJITSU ESPAÑA S.A., POLOS SERVICIOS REALIZADOS DE SOPORTE E ADMINISTRACIÓN INFORMÁTICA DO ARQUIVO PACHECO DE 2002. EXPTE. 8299/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.10.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura do 26.04.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a indemnización substitutiva de 11.719,74 € (once mil setecentos dez e nove euros con setenta e catro céntimos), IVE incluído, a favor da empresa FUJITSU ESPAÑA S.A., CIF A83321646, por servizos de soporte e administración informática do arquivo Pacheco en 2002, conforme á factura VRP/22001223, de data 12.03.03, por importe de 11.719,74 €.

2º.- Imputar o gasto á partida 4510.227.06.00 "Distintos traballos técnicos" do orzamento prorrogado."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación municipal quedando este enterado.

11.- (301).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR ASISTENCIA TÉCNICA POR IMPORTE DE 13.920 €. EXPTE. 1190/110.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 15 de novembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"29. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR ASISTENCIA TÉCNICA POR IMPORTE DE 13.920 EUROS. EXPTE. 1190/110.

Examinadas actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 08.11.04 e o informe-proposta do secretario xeral do Pleno do 05.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

S.Ordinaria 29.11.04

1º.- Indemnizar substitutivamente e recoñecer a obriga a favor de D. Tomás Ramón Fernández polo importe de 13.920 €, gasto realizado sen fiscalización previa, correspondente á minuta nº 23/04 emitida polo "Estudo de antecedentes e elaboración dun dictame sobre a viabilidade xurídica dun convenio a subscribir polo Concello de Vigo co Consorcio da Zona Franca de Vigo que prevé a creación entre ambas entidades dunha sociedade mercantil de responsabilidade limitada co obxecto de realizar determinadas actividades culturais e turísticas, de revitalización e rehabilitación do centro de Vigo e de desenvolvemento e planificación de aparcadoiros", con cargo á aplicación orzamentaria 11102270600.

2º.- Dar conta ao Pleno da Corporación, de acordo co estipulado na Base 28ª.4 das Bases de execución Orzamentaria."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación municipal quedando este enterado.

12.- (302).-RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS APROBADO POLO ACORDO PLENARIO DE 4 DE MAIO DE 1993, REFERENTE Ó TRAMO DO CAMIÑO DE SAN AMARO, ENTRE A VÍA DA HISPANIDADE E A RÚA ZARAGOZA (TRAMO EN PROXECTO). EXPTE. 13222/240.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de novembro de 2004, o xefe da Unidade de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, coa conformidade do xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Polo pleno municipal do 26 de abril de 2004 declarouse como ben de natureza patrimonial o tramo da rúa San Amaro que vai dende a Avenida de Hispanidade ata a rúa Zaragoza (en proxecto), calificándolla como parcela sobrante ó quedar desafectado do uso público en execución do PXOU vixente e acordando así mesmo as rectificacións correspondentes no Inventario Municipal de Bens e Dereitos deste concello.

Pola oficina de Inventario Municipal da Unidade de Patrimonio elaborouse a ficha para alta no epígrafe 1 de Bens Inmobles da parcela sobrante de 88 m2 sita na Avenida da Hispanidade resultante da devandita desafectación do tramo da rúa San Amaro, consonte coa descrición, lindeiros e plano elaborado polos servicios de Cartografía da Xerencia de Urbanismo en data 18 de agosto de 2004 obrante no expediente."

De acordo cos antecedentes citados e a fin de dar cumprimento o acordo do Pleno municipal de retificación de Inventario municipal de Bens e Dereitos e levar a cabo os tramites regulamentarios para o alleamento da devandita parcela, o xefe da Unidade de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

S.Ordinaria 29.11.04

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 22 de novembro, dictamina favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Rectificar o Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado polo acordo plenario do 4 de maio de 1993, dando de baixa no epigrafe 1 inmobles-vías públicas o tramo do camiño de San Amaro entre a vía Hispanidade e a rúa Zaragoza (tramo en proxecto), rectificando a ficha de follas de características desta (codigo 11020), resultando coa seguinte descrición: orixe Praza de España e final en Vía Hispanidade; lonxitude 622 ml e anchura media de 4 metros. Anular igualmente a grafía na planimetría de vías públicas do devandito tramo.

Segundo.- Dar de alta no Inventario municipal, epigrafe 1 Bens Inmobles, a parcela sobrante de 88 m2 da rúa San Amaro, coa natureza xurídica de ben patrimonial e de acordo coa ficha de propiedade nº 003198, elaborada pola oficina de Inventario municipal que consta no expediente, resultando ó efecto aprobada esta.

Terceiro.- Instar a inmatriculación no Rexistro da propiedade da seguinte finca de titulariedade municipal:

- *Parcela sobrante de vía pública, dunha superficie de 88 m2, sita na Avenida da Hispanidade de Vigo e cos seguintes lindeiros: norte, Castro Galicia S.A.; sur, edificio nº 98 da rúa Hispanidade; leste, rúa Hispanidade; oeste, camiño San Amaro (UE I-01 Villa Laura).*

13.- (303).-DENOMINACIÓN DE RÚAS:

a) Victorino Enríquez

ANTECEDENTES.- Con data 15 de novembro, o concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte proposta:

"Con data 16 de decembro de 2003 o concelleiro do grupo municipal do BNG do Concello de Vigo, D. Amador Fernández Fernández, presenta unha moción para que se adopte o acordo de "dar o nome de Victorino Enríquez Amado a unha rúa do PAU de Navia", en fase de execución.

O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 29 de decembro de 2003, acordou retirar a moción "para que se lle dea o trámite oportuno e pase á comisión informativa correspondente".

S.Ordinaria 29.11.04

O servizo de Estatística remite o expediente a esta concellería polo que se entende que no rúeiri da cidade non está incluído o nome citado."

Polo anteriormente exposto o concelleiro Sr. López-Chaves Castro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 22 de novembro, dase por enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Asignar o nome de "Victorino Enríquez" ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 3 no plano que se inclue no expediente.

b) Guillermo Monroy

ANTECEDENTES.- Con data 19 de novembro, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte moción:

"Guillermo Monroy deixou, na súa corta biografía, unha obra pictórica de exquisita sensibilidade concretada en imaxes das súas ventás cheas de flores, macetas, ceos, prados... Cada un dos seus cadros representa un intento de humanización do seu contorno cotiá e a súa obra pódese apreciar en diversos museos e coleccións, pero compre salientar as pezas que forman parte dos fondos do museo da súa cidade, o museo municipal "Quiñones de León".

Guillermo Monroy é unha figura relevante da plástica, da forza creativa da cidade de Vigo. Monroy formou parte do núcleo fundador do movemento "Atlántica", que xa representa un fito na historia galega das artes plásticas. Guillermo Monroy é un pintor con raíces locais, apaixonado con Vigo e coa paisaxe concreta da ría, pero tamén contou con proxección universal, con vivencias e inquedanzas de internacionalidade, mesmo as súas creacións expuxéronse en París, Nova York, Madrid...

Monroy foi alegría, primaveira, verdes, azuis e ocres; entronca con Picasso, con Matisse (co que se identifica), cos expresionistas alemáns e os grandes mestres do informalismo americano; a súa prolífica produción na súa curta vida xa forma parte necesaria das referencias da arte galega e relevantes críticos e académicos recollen a súa positiva e feliz achega.

Monroy é a nosa historia, a cidade e tamén é vocación universal; é merecente de permanecer na memoria dos vigueses e viguesas de hoxe e do futuro como o consideran os seus veciños de Navia que teñen solicitado que unha rúa da nova urbanización desta parroquia leve o seu nome.

Esta Alcaldía, polas consideracións anteriores, propón que se inclúa no rúeiri da cidade o nome de "Guillermo Monroy (pintor)" a unha rúa da cidade, concretamente na zona de Navia."

Visto o anterior, o concelleiro Sr. López-Chaves Castro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 22 de novembro, dase por enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Asignar o nome de "Guillermo Monroy (pintor)" ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 5 no plano que se inclúe no expediente.

c) Pepe Vázquez

ANTECEDENTES.- Con data 19 de novembro, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, presenta a seguinte moción:

"Pepe Vázquez é, sen dúbida, o decano dos periodistas galegos. Comezou en Radio Vigo nada máis rematar a Guerra Civil, practicamente a única emisora da cidade e o punto de referencia nas ondas.

Pepe Vázquez tiña e segue a ter unha fermosa e profunda voz cuxo timbre convertíu ó seu dono en narrador inconfundible de eventos deportivos e mesmo de calquera outra índole. A súa toalidade empastada e directa narrou moitas máis cousas cás actividades deportivas que o fixeron máis popular.

Vázquez, famoso polos deportes o polo seu ton emocionado e descriptivo, acompañou ó Celta en centos de aventuras futbolísticas. Primeiro a mercede dos medios máis rudimentarios no ámbito local, e máis tarde en conexións en cadeas, cando asomaba dende Vigo "Carrusel Deportivo" da cadea SER, o grupo de comunicación ó que sempre servíu dende aqueles pioneiros días nos que a radio comezaba abrirse camiño.

Sen embargo, Pepe Vázquez foi un agudo comentarista da actualidade de Vigo, asinando un comentario cada medio día, participou en numerosos programas de entreteñemento, puxo a voz a espazos cara ó público e presentou discos dedicados. En definitiva, ninguén pode ensinarlle nada que non saiba e que non fixera a este mestre da radio e é que a súa memoria na cidade corre parella ó seu traballo a prol da comunicación.

Salientar que foi un dos corresponsais da "Región", dirixiu o diario deportivo "Meta" e a publicación "Antena deportiva", foi corresponsal de noticias como Logos e asumíu responsabilidades en asociacións profesionais.

Vázquez é a nosa historia, a da cidade, e tamén é vocación universal; é merecente de permanecer na memoria dos vigueses e viguesas de hoxe e do futuro.

O Grupo municipal do PP, polas consideracións anteriores, propón que se inclúa no rueiro da cidade o nome "Pepe Vázquez (periodista)", concretamente na zona de Navia".

Polo anteriormente exposto o concelleiro Sr. López-Chaves Castro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 22 de novembro, dase por enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Asignar o nome de "Pepe Vázquez (periodista)" ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 4 no plano que se inclúe no expediente.

d) Irmáns Misioneiros dos enfermos pobres.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de novembro, o concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte proposta:

"O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 29 de setembro de 2002, acordou por unanimidade dar o nome de "Irmáns misioneiros dos enfermos pobres" a unha rúa, praza ou espazo público da cidade; con data 29 de setembro de 2003 o Pleno, tamén por unanimidade, acordou designar como "Irmáns misioneiros dos enfermos pobres" ó vial chamado "Baixada á Igrexa de Teis".

A Asociación Veciñal de Teis ten solicitado que a rúa que actualmente se denomina "Irmáns misioneiros dos enfermos pobres" volva recuperar a súa denominación anterior de "Baixada á Igrexa". Tamén propoñen que o nome de "Irmáns misioneiros dos enfermos pobres" se asigne a algún dos viais que referencian no seu escrito de data 21 de xuño de 2004.

Con data 9 de xullo e 22 de outubro o servizo de Estatística realizou informes sobre o citado asunto. Entre as atribucións do concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, en materia de Cultura, establecidas na resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004, figura, entre outras, a de "elevar ó Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais".

Polo anteriormente exposto o concelleiro Sr. López-Chaves Castro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 22 de novembro, dase por enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Primeiro.- Asignar o nome de "Irmáns misioneiros dos enfermos pobres" ó novo vial na zona de Teis que conectará coa actual "Pedro Alvarado".

S.Ordinaria 29.11.04

Segundo.- Volver designar como "Baixada á Igrexa de Teis" ó vial que actualmente se denomina "Irmáns misioneiros dos enfermos pobres" en virtude do acordo do Pleno da Corporación do 29 de setembro de 2009, que polo tanto quedará sen efecto.

e) "As Teixugueiras" e "Lamelas".

ANTECEDENTES.- Con data 19 de novembro, o concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte proposta:

"O desenvolvemento do polígono de Navia xera novas rúas que precisan de denominación. O servizo de Estatística do Concello ten indicado esta necesidade demandada por propietarios e veciños.

Entre as opcións de denominación considérase a asignación de nomes que supoñan o recoñecemento da cidade a persoas con diversos méritos, desta forma as novas rúas incluírían a artistas (Mercedes Ruibal, Guillermo Monroy, que ademais era veciño da zona e a propia asociación ten solicitado que se lle dedique unha rúa), persoas adicadas ó desenvolvemento social (como Victorino Enríquez), á radio (Pepe Vázquez), etc.

Pero entre as posibilidades de denominación ten unha especial relevancia a recuperación dos topónimos dos lugares para designar ás novas realidades urbanas.

A Asociación de Veciños de San Paio de Navia ten solicitado que se inclúa no rueiro o nome de "Lamelas", pero esta concellería considera que tamén se podería engadir a recuperación doutro topónimo máis como é o de "As teixugueiras" por coincidir co centro xeográfico dunha das novas rúas. Ambos termos están recollidos no libro "Os nomes da terra de Vigo" de Gerardo Sacau, editado polo Instituto de Estudos Vigueses e vencellado a Navia."

Polo anteriormente exposto o concelleiro Sr. López-Chaves Castro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 22 de novembro, dase por enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Asignar o nome de "As Teixugueiras" ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 1 no plano que se inclúe no expediente.

Segundo.- Asignar o nome de "Lamelas" ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 2 no plano que se inclúe no expediente.

f) Mercedes Ruibal.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de novembro, o concelleiro delegado de Asuntos Sociais, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte proposta:

"O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 28 de abril de 2004, acordou por unanimidade dar o nome da pintora "Mercedes Ruibal" a unha rúa ou praza da cidade.

O servizo de Estatística ten proposto en diversos informes a necesidade de asignar nomes a diversas rúas do Polígono de Navia. Entre as atribucións do Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais en materia de Cultura, establecidas na resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004, figura, entre outras, a denominación de vías públicas, prazas e parques municipais".

Polo anteriormente exposto o concelleiro Sr. López-Chaves Castro emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 22 de novembro, dase por enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Asignar o nome de "Mercedes Ruibal (pintora)" ó novo vial do Polígono de Navia que figura co número 6 no plano que se inclúe no expediente.

14.- (304).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE VOCAIS VECIÑAIS NO PADROADO DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN.

ANTECEDENTES.- Con data 19 novembro de 2004 o director do Museo Municipal "Quiñones de León", coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais e previa consulta ós Grupos Municipais, propón ó Pleno o nomeamento das seguintes persoas coma vocais veciños do Padroado do Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León":

- D. Pedro Dobao Rodríguez (proposto polo Grupo municipal do PP)
- D. Francisco de Pablos Holgado (polo Grupo municipal do PP)
- D. Ramiro Fonte Crespo (proposto polo Grupo municipal do PsdeG-PSOE)
- D. Antonio Quesada Porto (proposto polo Grupo municipal do PG)
- D^a Carme Martínez-Corbalán Puche (proposta do Grupo municipal do BNG)

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do anterior.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear vocais veciños no Padroado do Museo Municipal Quiñones de León ás seguintes persoas:

- | | |
|--------------------------------------|---|
| - Polo Grupo Municipal do PP | D. Pedro Dobao Rodríguez |
| | D. Francisco de Pablos Holgado |
| - Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE | D. Ramiro Fonte Crespo |
| - Polo Grupo Municipal do BNG | D ^a Carmen Martínez-Corbalán Puche |
| - Polo Grupo Municipal do PG | D. Antonio Quesada Porto |

15.- (305).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE COLABORACIÓN E PATROCINIO DAS "XORNADAS MARISQUEIRAS E GASTRONÓMICAS VIGOMAR".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 2 de novembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"As Xornadas Marisqueiras e Gastronómicas Vigomar, nacen no ano 2003, por iniciativa de dúas empresas de comercialización de marisco do Porto Pesqueiro de Vigo e coa colaboración da Autoridade Portuaria, co obxecto de mostrarlles ás viguesas e ós vigueses, ás xentes de toda Galicia, as novas empresas e instalacións que alí se asentaron.

A primeira edición celebrada os días 6 e 7 de setembro de 2003, congregou aproximadamente a 15.000 persoas. A segunda edición celebrada os días 11 e 12 de setembro deste ano, cunha clara mellora da organización, constituíu un rotundo éxito de participación, cunha asistencia superior a 35.000 persoas que degustaron máis de:

- 1.500 empanadas de polbo, lumbrigante e zamburiñas.
- 900 racións de navalla á prancha.
- 500 racións de cigalas á prancha.
- 600 racións de lagostinos á prancha.
- 1.000 racións de polbo á feira.
- 800 racións de mexillóns ó vapor
- 500 racións de camaróns cocidos.
- 2.000 unidades de nécoras.
- 1.500 grelladas de marisco.

Todo iso acompañado con viños da nosa terra, Ribeiro e Albariño, mesturando o pracer da cociña con exposicións varias, danzas galegas e concurso de receitas baseadas no marisco.

Estamos a falar de Xornadas sobre produtos importantes pra nosa economía e por iso coidamos que, nun evento desta magnitude, cun forte auxe como se

demostrou nestes dous anos, non pode nin debe quedar fóra o Concello de Vigo.

Opinamos que debemos contribuír ó asentamento destas Xornadas, previo os estudos oportunos cos directamente interesados e máis cos empresarios de turismo, pra acordar entre outras cousas as mellores datas posíbeis pra a súa celebración, organización, difusión en España e máis en Europa, etc.

Ó mesmo tempo e con respecto da Copa do Mundo Volvo Ócean Race do próximo ano 2005, as Xornadas Marisqueiras e Gastronómicas Vigomar poderían ser un bo atractivo pra os nosos visitantes e tamén un magnífico escaparate para os nosos produtos como parte das actividades programadas,

Consonte co antedito propoñemos:

1º.- Que o Goberno Municipal estude, coas empresas que organizaron os eventos anteriores, o mellor xeito de colaborar e patrocinar nas "Xornadas Marisqueiras e Gastronómicas Vigomar".

2º.- Que, logo dos estudos oportunos, o Concello inclúa nos próximos orzamentos de Turismo unha partida para o dito evento."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: As xornadas marisqueiras e gastronómicas "VIGOMAR" nacen no ano 2003 por unha iniciativa das empresas de comercialización de marisco do porto pesqueiro de Vigo e coa colaboración da Autoridade Portuaria co obxecto de mostrarlles ós vigueses e viguesas e mesmo ás xentes de toda Galiza as novas empresas e instalacións que alí se asentaron.

A primeira edición realizouse os días 6 e 7 de setembro e congregou aproximadamente a 15.000 persoas. A segunda edición deste ano pasado celebrouse o 11 e 12 de setembro e claramente tivo un rotundo éxito con máis de 35.000 persoas que degustaron máis de 1.500 empanadas, 900 racións de navallas, 500 racións de cigala, 600 de langostinos, 1.000 de polbo á feira, 800 de mexilón, 500 de camaróns, 2.000 unidades de nécora e máis de 1.500 greladas de marisco, todo iso acompañado con viños da nosa terra, ribeiro e albariño, e co bo facer da cociña e das exposicións, danzas galegas, cursos, etc., foi unha festa que os que a ela asistimos sabemos que resultou un auténtico éxito.

Nós o que pretendemos con esta moción, e vaia aquí o meu agradecemento ó Sr. Fernández que foi un dos que me invitou facela, é que esta festa pase a seren unha festa popular como é a famosa Festa do marisco do Grove, é dicir, que o Concello de Vigo, xa que esta festa se fai en Vigo, colabore, faga algo, traballe e poña o seu bo facer neste tema.

Nós propoñemos que o Goberno municipal estude coas empresas que organizaron os eventos anteriores o mellor xeito de colaborar e patrocinar as xornadas

marisqueiras e gastronómicas VIGOMAR. Que logo dos estudos oportunos o Concello inclúa nos próximos orzamentos de Turismo unha partida para dito evento.

Lembremos que este ano imos ter a famosa volta ó mundo, a Volvo Ocean Race e ó mellor sería este un momento moi bo para concretar as datas con estas xentes e darlles a todas as xentes de fóra o día da festa para poder facer un bo evento.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Pediríamoslle ó relator se podemos votar por apartados, hai dous apartados.

SRA. ALCALDESA: A Sra. Porteiro igual.

SRA. MOLARES PÉREZ: Coma responsable de Turismo teño que dicir que dende logo estamos de acordo non só dende a Concellería, senón dende todo o Goberno, en patrocinar e apoiar estas xornadas.

Neste ano 2004 non nos pediron ningún tipo de axudas para organizar estas xornadas, nin tampouco para as difundir e xa lle comuniquéi que en xornadas posteriores esa difusión e promoción do evento pódese dar dende a Concellería de Turismo. Pero referente ó punto 2 sería establecer unha liña diferente na Concellería de Turismo e especificar partidas concretas para eventos posto que hai ordes de subvencións en todo o Concello en distintos ámbitos: Festas, Turismo, Participación Cidadá, etc., e concretar a través de mocións partidas para eventos concretos seméllanos unha dinámica un pouco perigosa.

Dende a Concellería de Turismo tentaremos abranguer e apoiar o maior número de eventos que teñan importancia para o Concello de Vigo e coido que este é o caso, ademais estou totalmente de acordo en potencialos, como dicía o Sr. Alonso, pola Volvo Ocean Race, pero si que anuncio que nós non imos votar ese punto de concretar unha partida específica. Si ó primeiro e si tamén ó espírito e ó contido da moción. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: Entón pasamos a votala por separado.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Se como acaba de comentar a Concelleira de Turismo se comprometen no primeiro punto, nós tampouco temos inconveniente en cambiar o segundo punto ou retiralo, sinxelamente con que se nos diga, como acaban de comentar agora, que se vai colaborar e tentar facer o mellor posible o evento, tampouco hai inconveniente en retirar o segundo punto da votación.

SRA. ALCALDESA: Entón votamos só o primeiro punto.

Oidas as manifestacións da concelleira delegada de Comercio e Turismo, Sra. Molares Pérez, durante o curso do debate, o poñente retira o segundo punto da moción someténdose a votación só o primeiro punto.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que o Goberno Municipal estude, coas empresas que organizaron os eventos anteriores, o mellor xeito de colaborar e patrocinar nas "Xornadas Marisqueiras e Gastronómicas Vigomar.

16.- (306).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE PROXECTO FERROVIARIO ARTICULADO DE CALIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de novembro de 2004, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"A provincia de Pontevedra ten sido brutalmente mal tratada pola Xunta de Galicia e polo anterior goberno de España, ambos do PP, nun asunto de transcendental relevancia como é o da Alta Velocidade. E o mal trato non se nos fixo só con respecto a outras zonas de España, senón con outras zonas de Galicia tamén.

Porque a provincia de Pontevedra en xeral, e Vigo moi en particular, precisan un proxecto ferroviario que nos permita encarar os transportes de persoas e mercadorías lixeiras dentro dos obxectivos que ven auspiciando a Unión Europea. (¿Cantas veces cumprirá ter que dicir que estamos a falar da maior concentración urbana e da zona de maior implantación industrial de Galicia?).

Precisamos unhas boas comunicacións ferroviarias, cousa que xa nos están a demandar as circunstancias económicas e sociais do presente e que aínda nolas demandarán moitísimo máis as do futuro.

Ó mesmo tempo, coas obras que propoñemos, comezaríamos a incluír a Vigo no chamado "Plan Galicia", corrixindo así unha monumental marxinação do PP con Vigo. Porque, aínda que o Plan Galicia non pasou, como moito, dunha expresión de bos desexos, queremos deixar constancia de que non pode haber ningún Plan Galicia sen Vigo (¡cómpre ter que dicir cada cousa!).

Non podemos perder este tren, nunca mellor dito, porque estamos diante dunha oportunidade histórica, practicamente sen repetición posíbel, pra podermos facer un proxecto ferroviario moderno, de calidade, articulado, polivalente e de futuro.

Concretamente en Vigo precisamos un proxecto que nos axude a articular as nosa comunicacións externas, e tamén as internas, cun trazado polivalente que sirva pra persoas e mercadorías lixeiras con servizos de Alta

Velocidade, rexionais, metropolitanos e locais e, por suposto, construído con vía dobre.

Precisamos un trazado que nos permita conseguir unha boa relación entre todos os sistemas de transporte, coa mellor intercomunicación posible do Ferrocarril co noso Porto, co centro da cidade, coa Estación de Autobuses, con Citroen, co Aeroporto, con Portugal e máis con Madrid, ó tempo que permite o uso urbano do trazado ferroviario. É dicir, a chamada "Saída Sur".

Téñase presente que o feito de aterrar trazados ferroviarios en zonas urbanas está especialmente apoiado e subvencionado pola Unión Europea, polo que a traza debe ser soterrada onde sexa posíbel, xa que Vigo ten complicacións urbanísticas abondo, polo que ese trazado ferroviario non só non deberá crear novas barreiras arquitectónicas urbanas, senón que deberá, onde sexa posíbel, axudar a suprimir algunhas que temos polo ferrocarril.

Ó mesmo tempo, e independentemente do anterior, coa urbanización dunha rúa por riba da actual traza ferroviaria axudaríamos, de xeito moi importante, a financiar o novo proxecto ferroviario que pretendemos.

Digamos unha vez máis que o mellor proxecto posíbel pra Galicia sería o chamado do T, que vertebraría a toda Galicia cunha soa traza que sería: Ourense-Vigo-Pontevedra-Santiago-Coruña-Ferrol, cunha antena entre Lugo e Ourense pasando por Monforte. Unha traza que se complementaría co trazado que ten apoios prioritarios pola banda da Unión Europea: o Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porto-Lisboa.

Este deseño resultaría moito mellor pra todas as cidades afectadas pola Alta Velocidade e por iso pra Galicia, porque nos aforraría tempos de viaxe respecto do proxectado no seu día por Fomento e a Xunta, xa que nos depararía moitas máis frecuencias diarias e por iso mesmo menos tempo de espera ó concentrar a todos os pasaxeiros nun só trazado. ¡E inda por riba resultaría máis económico!

Xa que logo, ¿por qué non se fai algo que daría un servizo moito mellor pra todos e máis barato? Só aparece unha explicación razoable no horizonte, inda que aberrante: Algúns grupos económicos de presión deseñaron un trazado pra afastar a Vigo da Alta Velocidade só en beneficio do norte de Galicia.

O actual goberno do PSOE aínda está a tempo de retomar a mellor traza posíbel pra Galicia, mais, de momento, tampouco parece estar moi polo labor. ¿Non din querer aforrar? Pois sería máis barato desbotar as poucas obras feitas no tramo Santiago-Ourense ca facer dous trazados.

Chegados aquí compre avisar con firmeza de que non se xogue máis con Vigo (temos escoitado ou lido declaracións de galegos relevantes do PSdeG-PSOE que arrepían, ó tempo que silencios que berran), porque unha cousa é que soportémo-lo feito de que non se lle dea a Galiza o trazado máis conveniente pra todos, e outra ben distinta que se pretenda roubarnos a conquista (foi unha conquista das institucións viguesas fundamentalmente), do trazado alternativo que propuxemos no seu día: o que nos uniría coa liña Coruña-Santiago-Ourense á altura de Cerdedo. ¡Nin en Vigo, nin na provincia de Pontevedra o consentiríamos! ¡A ningún prezo!

Outro dato: se a separación da liña cara a Vigo se fai en Cerdedo en troco de facela onde pretenden, en Carballiño, aforrariáanse máis de 300.000.000 de €, que serían suficientes pra financiar a saída sur, por exemplo.

E no relativo o soterramento en Vigo: ¿que estudos se precisan pra facer un túnel de case dous quilómetros entre Teis e A Ponte de San Lourenzo? Tecnicamente uns poucos meses, falla saber a vontade política do PSOE. Nós estamos dispostos a asumir eses poucos meses de atraso pra que as cousas se fagan como se debe.

Pra rematar un parágrafo reflexivo relativo á xestión: este Concello está a vivir unha situación política estraña. E conste que se a xestión dos contidos desta moción a quere facer a señora Alcaldesa de Vigo, ten toda a lexitimidade legal e democrática pra o facer. E o apoio do Grupo Municipal do PG. Agora ben, quizais puidera ser máis eficaz pedirlle unha entrevista á Sra. Ministra de Fomento pra Sra. Alcaldesa acompañada polos voceiros dos Grupos Municipais. E o que se trata é de sermos quen de obter a decisión que precisamos...

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Dirixirnos á señora Ministra de Fomento e ó Sr. Presidente do Goberno de España pra lle dar o tratamento que pedimos á Alta Velocidade no sur da provincia de Pontevedra, que incluíría:

1.1. Facer un trazado de Alta Velocidade en Galicia Ourense-Vigo-Pontevedra-Santiago-Coruña-Ferrol, cunha antena entre Lugo e Ourense pasando por Monforte. Un trazado que se complementaría co que ten apoios prioritarios pola banda da Unión Europea: o Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porto-Lisboa.

1.2. Caso de non se estimar factíbel a traza anterior, que a unión de Vigo e Pontevedra coa liña de Alta Velocidade Coruña-Santiago-Ourense, coa antena Lugo-Ourense pasando por Monforte, se faga á altura de Cerdedo, sempre complementándoa co previsto trazado Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porto-Lisboa.

2.- Asemade que na cidade de Vigo se faga o trazado da Alta Velocidade de xeito que pasemos a ter unha estación pasante e non termo: a solución chamada "Saída Sur".

3.- Que se contemple tamén a variante da saída sur cara a Citroen e o porto da Zona Franca en Bouzas.

4.- Que se contemple a conexión ferroviaria entre o Porto e a estación de Urzáiz.

5.- Que a realización das obras que solicitamos se contemplen co mesmo grao de prioridade que as do trazado Coruña-Santiago-Ourense e que as de Lubián.

6.- Dirixirnos ó Sr. Presidente da Xunta de Galicia e a todos os grupos políticos do Parlamento Galego para lles solicitar que tomen un acordo co obxecto de apoiar a nosa petición diante do Goberno de España

7.- Dirixirnos á Deputación de Pontevedra pra lle rogar que apoie as demandas anteriores diante do Parlamento Galego e do Goberno de España."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: A verdade é que cos temas ferroviarios non sei que dicir, ultimamente o da nosa cidade con este tema semella de circo. Un

S.Ordinaria 29.11.04

tema de tal trascendencia, un dos temas máis importante que sen dúbida ningunha houbo e pode haber na historia de Vigo, dos cinco temas máis importantes da historia de Vigo este vai ser un deles e a verdade é que un ás veces se sente abraiado vendo o tratamento que se lle deu.

Historicamente o Partido Popular trata espantosamente mal este tema en primeiro lugar non facendo un só percorrido, pero en todo caso me vai quedar unha dúbida: saber se os membros do Partido Socialista que ultimamente falaban de recuperar (non sei por qué porque non o explican, semella que non saben) o percorrido polo Miño, que por certo podería haber un percorrido alternativo de infinitamente menos impacto ambiental, menos custo, etc., para rigorizar o debate, para non sacaren un debate duns contra outros, etc., poderíase rigorizar nesa dirección se realmente fixeran como fixeron os cataláns, por exemplo, se realmente houbera vontade dende o Goberno do Estado de faceren unha soa liña en Galiza. Se realmente se quixera facer unha soa liña de alta velocidade que sería moitísimo menos custosa, tería moitísimas máis frecuencias e polo tanto as viaxes con Madrid en termos absolutos serían máis curtas, realmente iso podería pagar a pena.

Pero foi un desconcerto escoitar estes días ós deputados do Partido Socialista, mesmo ó Sr. Touriño, aínda que ó final rectificaron, e produciu un absoluto bochorno. De verdade dá mágoa escoitar a deputados que levan nun programa electoral cousas concretas que veñen defendendo e en canto que gañan as eleccións os mesmos que dicían iso empezan a dicir outras cousas, logo estrañámonos de que se diga que a clase política está desprestixiada pero de verdade que eu non comprendo como pode dar prestixio este tipo de actuacións. Non sei que dicir, estou tentando conterme todo o tempo para non dicir todo o que penso pero creanme que dá mágoa esta actuación.

En todo caso e indo cara ó final hai que facer dúas cousas. Dunha vez por todas, se o Partido Socialista quere asumir un cambio real neste proxecto, se saben algo disto ou se son quen de escoitar a quen saben, que fagan un só trazado, que teñan a coraxe política de facer un só trazado de alta velocidade porque non é de alta velocidade o que se está a facer no chamado proxecto costeiro, de eurorrexión, etc. e só hai ata agora un trazado de alta velocidade proxectado que é o de Santiago-Ourense, o resto non, ese é de 300 e pico por hora, o resto é de 200 por hora.

O Sr. Alcalde da Coruña, Sr. Vázquez, mentíu publicamente cando dixo que Vigo era quen realmente tiña a alta velocidade. Perdón, ou mentíu ou non tiña realmente idea do que dicía, unha das dúas cousas.

Pero dende logo si é certo que agás iso que acabo de dicir non hai alta velocidade en Galiza que se poida chamar coma tal polos proxectos que deixou o Partido Popular, ¿quere o Partido Socialista corrixir en serio

este tema? Fágano, poñan a alta velocidade de 300-350 km/hora, que iso é alta velocidade e ademais nunha soa liña; o demais son contos. Invoquei antes ós cataláns porque miren que o peso específico de Barcelona en Cataluña debe significar algo, pois miren vostedes que curva fan, pasan por Tarragona para abranguer ó conxunto da cidadanía catalana nun só trazado. Aquí somos tan ricos e tan listos que imos facer dous.

De verdade que é un proxecto patético do Partido Popular que pateticamente semella querer seguir o Partido Socialista. E mesmo cando Vigo se defende fortemente e inventa o proxecto de Cerdedo e logo de non sei canto tempo se chega a asumir por todos, métennos confusión e empezáse a discutir se se fai ou non Cerdedo. Isto vai do que vai: non queren poñer cartos en Vigo e estannos a mentir deliberadamente á cidadanía, qué vergoña; están mentindo atrapalladamente para que non se fale dos orzamentos, para non lle dar cartos a esa alta velocidade.

Cando a presión da cidadanía é tan tremenda coma a que fixo Vigo (institucións de Vigo sede conscientes da vosa forza porque ese día rematarán os males de Vigo), cando se ergue toda a cidadanía por todos os lados, hai unha rectificación pública e voltamos amar a Cerdedo. Fantástico.

Voules dar outra pista: ven un deputado do Partido Socialista a Vigo a falar de que lle preocupa Ourense-Lubián. ¿De verdade é certo que lle preocupa? ¿Sabem por qué lle preocupa a don Ceferino Díaz? Pois que lle preocupe porque o proxecto que deixou o PP importa 1.600 millóns e tardaríase 40 minutos nese trazado. Por 1.500 faríase un trazado en 23 minutos e presentareilles tecnicamente o proxecto. O Partido Galeguista vailles fornecer do proxecto para aforrar 100 millóns de euros e unha chea de minutos. Ó mellor era iso e non se atreveu a dicilo.

Por certo que ante tanto desconcerto e para seren xusto, déixenme falar a favor do actual Secretario Xeral do Partido Socialista, don Manuel Gallego Lomba, a única voz dentro do Partido Socialista que dixo que dentro do seu partido tiñan que defender a Vigo que é o que semella que esperan os cidadáns vigueses e non outras cousas. A raíz da súa intervención cambiou tamén a intervención dos deputados, Ceferino Díaz, Lola Villarino, etc., que viñan aquí a "vendérmonos unha moto", impresentable. Hai que saber qué facer nestas cousas antes de falar.

Por certo e tamén de pasada, Sra. Alcaldesa, non toca hoxe falar do acrecentamento de Bouzas pero si toca na medida de que nós non paramos de propoñer que se faga unha liña ferroviaria de Sárdoma a Bouzas que, aínda que moi tarde, si felizmente asume a Consellería de Ordenación do Territorio, cousa que aplaudimos.

Falan vostede de resolver o problema portuario, falan de levar a terminal de contedores enteira para Salvaterra cousa que a min me parece unha pasada porque unha cousa é que se complementen mercadorías e contedores e outra é levalo todo, porque se se leva todo habería que facer alí un proxecto ferroviario de non menos de 100.000 metros cadrados e polo tanto o que vostedes falan de que se vai gañar sería só para tren pero non habería contedores.

Por certo, Sra. Alcaldese, neste tema vostede en parte soubo escoitar o que outros propuxemos no seu día e iso hónraa porque un alcalde ten que ser quen de integrar as mellores ideas de todos, nese sentido felicidades. De seren un pouco máis rigorosa no trato, reuniríamos por exemplo ós voceiros ou a quen lle pete, escoitaría cousas máis rigorosas das que vostede dixo e estaríamos a falar con maior rigor diante de todos.

Por último, diante de toda esta cerimonia da confusión déixenme aportarlles á acta esta cousa informativa que se chama "El gobierno informa. Ministerio de Fomento" e leo con brevidade: "14 de decembro de 2003. A Dirección Xeral de ferrocarrís do Ministerio de Fomento enviou ó Ministerio do Medio Ambiente a Memoria-Resume de impacto ambiental correspondente ó estudo informativo complementario do tramo Ourense-Vigo do acceso ferroviario en alta velocidade a Galiza polo corredor de Cerdedo. Con este trámite previo ó de información pública iníciase a avaliación de impacto ambiental do tramo. A partir de agora, en cumprimento da lexislación medioambiental, o Ministerio de Medioambiente poderá efectuar ás persoas, institucións e administracións afectadas as consultas previas sobre o impacto ambiental que ó seu xuízo se deriven deste proxecto e recibir delas as indicacións que estimen beneficiosas para o seu maior protección do medioambiente..."

Si está tratado este tema no Ministerio de Fomento, señoras e señoras, si que teñen que ter datos, estalle a mentir á opinión pública.

Basta de bromas con Vigo, tómense en serio os seus papeis que son os de defender a esta cidade, senón algúns llo imos demandar con toda a contundencia posible.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Coido que hai temas que, como dicía o Sr. Soto, son de cidade e non de partido, son de sentilos e de defendelos.

Se algo pode facer que o futuro dun pobo avance é o ferrocarril, un pobo sen ferrocarril é un pobo pobre e algúns levámolo demandando dende hai moitos anos que non de agora e expuxémonos a moitas críticas cando fixemos que o ferrocarril de Vigo levara o lixo a Meirama, un tren diario que vai pola vía do ferrocarril. Daí veñen moitas propostas que moitos consensuamos e coas que estamos de acordo e defendemos non só aquí, senón tamén en Madrid. A broma pode chegar ata onde se queira pero isto xa pasa moito.

Nós defendimos o ferrocarril de alta velocidade, demos argumentos e no Goberno anterior quitámoslle o único requisito que ían empregar para dicir que non tiñamos saída sur. Aquel conservatorio que se anulou cando xa estaba a obra adxudicada e pilotánda foi para que non tiveran ningún argumento que impedira que a esta cidade se lle dotase do ferrocarril que necesita, merece e vai acadar.

Por todo iso estamos completamente de acordo coa súa moción e apoiámola porque sabe que compartimos este tema do ferrocarril os que cremos nel, gústanos e os que ademais levamos tempo defendéndoo e coincidimos todos no mellor.

Efectivamente politicamente era indefendible, non técnica, nin económica, nin socialmente, pero acadamos logo do pensar moito que houbera unha alternativa posible no tempo porque tamén o ferrocarril é importante no tempo e por iso os prazos son os prazos.

A saída sur ten a adxudicación do estudo de viabilidade e do estudo informativo, o que conduce a esa exposición pública para a declaración do impacto ambiental, anterior a Cerdedo pero semella que alguén esquece os documentos e os cambios de Goberno non fan que cambien os técnicos porque son funcionarios e teñen que asesorar a todo o mundo, por iso sae o que sae, o de "Goberno informa". A medida que se presiona no Parlamento saen os documentos que estaban esquecidos pero algúns temos a información e gústanos gardala.

O ferrocarril que Vigo merece vaino ter porque alomenos neste caso todos estamos coma unha piña. Por iso teña o noso voto a favor e dende o BNG tamén imos presentar a mesma proposta porque neste tema coincidimos moitos pero o que abonda non é malo. Nós coidamos que dentro do que é esta área metropolitana da que estivemos a falar, o transporte ferroviario ten que ser coma mínimo provincial e por iso a nosa proposta é dunha rede integral provincial.

Non hai moitos anos que Pontevedra e Vigo tiñan unha lanzadeira de ferrocarril cada media hora, hoxe aínda non hai ese servizo nin por estrada malia que é un negocio para algúns moi bo porque fai a parada discrecional onde queren, cousa que en calquera cidade que se precie estaría prohibida, ousexa que lle daríamos argumentos ó ferrocarril para se defender dunha competencia desleal coma se está a facer no Areal actualmente, con paradas indiscriminadas, facendo que o tráfico non ande, pero será por pouco tempo xa que ese proxecto nefasto que nos deixou o goberno do Partido Popular reformouse polo goberno do BNG e teremos un túnel de continuidade que quitará o tráfico do Areal e iso non se notará moito.

Agradecerlle a moción e dicirlle que coma sempre e como non pode ser doutro xeito, o noso apoio para o ferrocarril vai ser sempre positivo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Nós imos votar a favor desta iniciativa. Por suposto que non estamos de acordo coa intervención recollida na exposición de motivos nos termos nos que está formulada e moito menos tal e como a verbaliza o seu voceiro, Sr. Soto, a quen felicito dende aquí pola súa adscrición a unhas siglas de tanta valía e valor histórico coma son as do Partido Galeguista. Pero precisamente por iso, Sr. Soto, eu pediríalle que voase máis alto e que entendese que estamos a falar dalgo polo que estamos a traballar coido que todos os representantes públicos vigueses.

Neste momento podo dicir con absoluta tranquilidade e satisfacción que coido que o Goberno municipal está levando moi ben as súas relacións co Ministerio de Fomento, coido que está a acadar un nivel de interlocución moi positivo; penso que o Ministerio de Fomento está escoitando por primeira vez a representantes elixidos polo pobo de Vigo e estalles a prestar unha audiencia e un interese descoñecidos ata o momento. Polo tanto ben para o Goberno municipal e ben para o Goberno central na medida en que están dialogando; ben para o Goberno autonómico que está intervindo nesta cuestión achegando estudos de grande calidade. Eu entendo que entre todos estamos contribuindo a facer realidade algo que é unha necesidade obxectiva.

Nós imos votar a favor da súa iniciativa lonxe de calquera crispación, sen entrar a respostar algunhas cousas que vostede di que son insultos que politicamente non proceden, pero vostede é dono das súas verbas; en todo caso sabendo que esta é a mesma proposta que UXT presentou no seu día coa que estaban de acordo coido que todos os Grupos políticos deste Concello e que, por certo, afecta de xeito moi directo a outro tipo de decisión que terá que tomar o Concello no seu día coma é o Plan Xeral de Ordenación Municipal do que vostede non se lembra na súa exposición e nos acordos que ven propoñer aquí.

Sinxelamente anunciamos o noso voto a favor e pediríamos unha vez máis un ton cordial e conciliador nalgo no que todos estamos a prol, Sr. Soto, que é acadar para Vigo as mellores infraestructuras e ós feitos remítome. Remítome a declaracións da Sra. Alcaldesa logo de entrevistas co Presidente de RENFE ou co Secretario Xeral de Infraestructuras, apuntando a solucións de consenso ou apuntando a buscar entre todos a mellor saída para a conexión de Vigo por vía terrestre, neste caso por ferrocarril.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén imos votar a favor desta moción, pero tamén queredría lembrarlle ó Sr. Soto que se fai memoria lembrará un Consello Económico e Social que se realizou a finais do ano 2001 primeiros do 2002, que naquel intre presidía o Sr. Pérez Castrillo. Realizouse un venres pola

tarde pero houbo que o suspender para o tratar o sábado pola mañá e no que se acadou un consenso nesta liña.

Polo tanto lembrarlle que o Partido Popular de Vigo sempre estivo de acordo coa postura expresada aquí agora mesmo e mesmo se votou en contra dunha proposta que había do Goberno central. Coido que tamén é bo lembrar estas cuestións.

Dito isto e en canto ó que nos compete a nós no último ano, coido que a Sra. Alcaldesa está dando mostras de tentar presentarlles a todas as institucións, tanto Xunta coma Goberno central, todas aquelas cuestións que son boas para a cidade de Vigo. Coido que tivo unha reunión co Presidente de RENFE que foi importante, tamén co Secretario de Estado de Fomento para tratar estes temas e ó mesmo tempo tamén dende a Xunta de Galiza se está a traballar e presentouse un estudo a semana pasada en Castrelos na mesma dirección.

Polo tanto coido que agora mesmo hai un amplo grao de consenso na cidade de Vigo e o que temos que facer todos é defender esta proposta na mesma dirección. Como ben di vostede se todos imos na mesma dirección ó final o resultado será seguramente positivo para todos e sobre todo para a cidade de Vigo que é o importante.

Dende a parte que nos corresponde a nós nestes momentos dicirlle que dende a propia Alcaldía, a Sra. Alcaldesa está a facer as negociacións con todos os organismos e institucións para acadar o maior grao de consenso que ás veces é difícil, pero se está a traballar nesa dirección. Coido que se está a dar mostra non só neste tema de infraestrutura ferroviaria, senón tamén en temas de propostas portuarias que ultimamente semella que se están reconducindo e nós imos seguer traballando nesa dirección. Evidentemente que se esta Corporación apoia esas posturas a través da formulación que fai vostede, moitísimo mellor para todos.

SR. SOTO FERREIRO: Gracias a todos os Grupos políticos polo anunciado apoio e efectivamente son ideas de todos e de todos deben ser.

Sra. Alcaldesa, non teño nada que dicir do traballo que vostede e o Partido Popular de Vigo están a facer nisto, é certo e digo isto por se se desprende da miña intervención algo que poidera non semellar iso, pero en todo caso o querería deixar claro.

Coido que a actuación do Partido Popular en Vigo, e digo en Vigo porque noutras partes me semella nefasta por razóns que xa dixen, pero se se entendía que eu o facía en extenso ó Partido Popular de Vigo non sería xusto e polo tanto se algo dixen nesa dirección supoño que queda corrixido co que estou a dicir agora.

En todo caso tamén lle digo, Sra. Alcaldesa, que as súas xestións teñen o total e absoluto apoio do Partido Galeguista a prol destes temas, todo o que vostede faga, estao a facer co noso apoio e mesmo entusiasta. En todo caso se algún día danse as circunstancias excepcionais dun proxecto que, insisto en que cando estamos a falar da alta velocidade estamos a falar dun dos cinco proxectos máis importantes da historia de Vigo, precisa o conxunto dos voceiros ou todas as forzas políticas, estamos todos ó seu dispor, pero non se deixe gañar en ningún sentido ningunha batalla por ninguén. Se quere ser vostede, ánimo, ten o 100% do apoio, pero lle deixo de novo aí unha insinuación que vostede deberá administrar coma lle pete, xamais en ningún sentido lle esixirei ningunha cousa ó respecto.

Por último, gustaríame o ton cordial. Respecto ó de voar alto ou baixo voulle devolver un consello, Sra. Porteiro: algúns do seu Partido semellan voar tan alto que non se enteiran do que acaece na terra. Dende logo o meu voo vai ser sempre apegado ó terreo, vai ser para defender os intereses dos cidadáns e cando, coma neste caso, interprete que hai unha auténtica burla dalgunha persoa, dalgún reponsable político ou dalgún partido cara ós cidadáns, non terei a máis mínima dúbida en denunciálo; ogallá non sexa así e non teña que seren así xamais, dígoo de verdade e de corazón pero o patético espectáculo destes días ogallá non o volvan repetir e entón haberá máis cordialidade e andaremos todos máis altos.

SRA. ALCALDESA: Pasamos a votar a moción, pero quero informar e clarear un tema, é que o Secretario Xeral de Infraestructuras, don Antonio Monfort, adquiriu o compromiso de estudar a liña por Cerdedo así como o documento que se lle remitiu a semana pasada da Consellería de Política Territorial e vaino analizar con urxencia porque sabe da situación do Plan Xeral e tamén dos planes que temos na cidade de Vigo.

O Boletín Oficial da Provincia ó que se refire ó Sr. Soto Ferreiro durante o curso do debate, trátase do número 127, correspondente ó día 3 de xullo de 2003, no que aparece publicado un anuncio da "Aprobación definitiva da II modificación puntual do Plan especial de ordenación do Porto de Vigo", e que na súa páxina 22 se di o que segue: "Deberase realizar un estudo de tráfico e accesos, anexo ó proxecto do centro comercial e aparcadoiros, que deberá ser supervisado e aprobado pola Concellería de Tráfico, Seguridade e Transportes".

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, sobre un proxecto ferroviario articulado e de calidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (307).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A PARALIZACIÓN DO CENTRO COMERCIAL DA LAXE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de novembro de 2004, o voceiro do grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Unha enorme maioría de institucións e cidadáns vigueses téñense manifestado en contra da construción dun centro comercial na Laxe por considerar que prexudicaría gravemente a vista do mar (¡unha vez máis!).

Hai moitas viguesas e moitos vigueses que asinan unha petición de paralización desas obras, pero coido que somos moitísimos máis os que sen ter asinado, coidamos que o centro comercial da Laxe non debe ser construído.

Mais no seu día concedéuselle unha licenza de construción (que como dixen daquela nunca debeu ser dada). Logo, con posterioridade, a Corporación municipal ten manifestado por unanimidade a súa opinión contraria á construción dese centro.

Cando se lle concedeu indebidamente a licenza de construción, xa manifestei que, con independencia do inaxeitado do lugar porque volveríamos taparlle o mar ós vigueses, de ser construído o tal centro produciría un moi grave prexuízo no tráfico da zona (¡e non estamos pra empeora-lo tráfico!). Ou...¿coñecen tódolos corporativos e a cidadanía a opinión e o informe de tráfico realizado polos técnicos do Concello sobre esa posíbel construción?

O Sr. Secretario Xeral-Asesor do Pleno da Corporación ¿tivo en conta o preceptivo informe de tráfico sobre a construción dese centro nunha Zona Verde? ¿Incluíu ese informe dentro do seu propio informe? Porque de non ser así, se non consta un estudo de tráfico e accesos anexo ó proxecto do centro comercial, como esixe o parágrafo 7 do artigo 29.2 b das Normas Urbanísticas do Plan Especial do Porto, a licenza sería nula.

Por último dicir que se tomamos a decisión de paralizar, como solicitamos, ¿que pode ocorrer? ¿que Zona Franca estableza un preito contra o Concello? Coido que non chegaríamos ata aí, mais se temos que chegar, ganámosllo. Ou como o preito duraría anos, ó mellor polo camiño mudaba o criterio da Zona Franca... ¿Ou o PSdeG-PSOE e o Sr. Touriño non teñen opinión neste asunto?

Consonte co antedito propoñemos:

Que, en base ás unánimes manifestacións anteriores do Pleno da nosa Corporación, e pra defender a Vigo debidamente, se proceda de xeito inmediato a paraliza-las obras de construción do centro comercial da Laxe."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

Durante o transcurso da sesión e por escrito de data 29 de novembro, o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Ruiz Cenicerós formula a seguinte emenda:

Como punto 17 da orden do día da sesión do Pleno de 29 do novembro de 2004 inclúese o debate e votación da moción do PG na que propón: *"Que, en base ás unánimes manifestacións anteriores do Pleno da nosa Corporación, e pra defender a Vigo debidamente, se proceda de xeito inmediato a paraliza-las obras de construción do Centro Comercial da Laxe"*.

Fundamenta a súa proposta na suposta infracción da Ordenanza 11, art. 29.2.b), das Normas Urbanísticas do Plan Especial do Porto, modificado puntualmente por acordo do Pleno da Corporación en sesión do 6 de xuño de 2003, en canto que as licencias de obras, actividades e instalación outorgadas o 13 de maio de 2004 carecen do preceptivo ESTUDIO DE TRÁFICO E ACCESO ó centro comercial.

Exposición de motivos:

Con data 30 de xuño de 2004 o Grupo Municipal Socialista propuxo na sesión plenaria do Consorcio da Zona Franca de Vigo a renuncia á construción do Centro Comercial de A Laxe, polos inconvenientes urbanísticos que supón dita edificación. Proposta á que se sumaron os demais grupos políticos e diversos colectivos cidadáns. Por iso o Grupo socialista apoiará calquera iniciativa que teña por obxectivo dita paralización, sempre e cando se axuste á legalidade. E neste senso estima estima procedente facer as seguintes consideracións á moción presentada polo PG:

1) Os artigos 212.1º da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 60 do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia establecen que compete exclusivamente á Alcaldía decretar a suspensión dos efectos dunha licenza e a paralización inmediata dos actos de edificación e uso do solo que se executen ó seu abeiro en tódolos supostos nos que ditos actos constitúan, manifestamente, unha infracción urbanística grave e moi grave.

2) Con data 20 de abril de 2004 e a requirimento do Grupo Municipal Socialista, o Consorcio da Zona Franca de Vigo incorporou ó expediente de solicitude de licenza un "ESTUDIO DE ACCESIBILIDADE Ó CENTRO COMERCIAL DE A LAXE", redactado polo Grupo Hispanoamericana de Enxeñería.

Por todo o anterior, propónse ó Pleno da Corporación a aprobación da seguinte emenda á parte dispositiva da moción do PG, debatida no punto 17 do orden do día, adoptando o seguinte acordo:

Encargar ós servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de Urbanismo e Concellería de Tráfico que informen a cerca da posibilidade de que a Alcaldía acorde a suspensión dos efectos das licencias de obras, actividades e instalacións para un edificio dedicado a centro comercial no seu conxunto con garaxe aparcadoiro situado na dársena A Laxe, Porto de Vigo, outorgadas o 15 de maio de 2004 ó Consorcio da Zona Franca de Vigo nos expedientes núms. 27122/422 e 47667/421, no suposto de que ditos actos constitúan, manifestamente, unha infracción urbanística tipificada como grave e moi grave."

DEBATE.- SRA. ALCALDESA: O Grupo municipal socialista presentou a esta moción unha emenda que para a súa defensa terá a palabra o Concelleiro, Sr. Ruiz Cenicerros.

SR. SOTO FERREIRO: Hai un parágrafo desta moción que presentamos hoxe que pode inducir a confusión e vou citaren fonte concreta porque traio aquí o Boletín Oficial de Pontevedra.

En primeiro lugar esta moción non fai outra cousa que recoller ata o de agora teórica, espero que a partires de hoxe práctica, decisión da Corporación municipal xa que unanimemente nos manifestamos en contra de que se constrúa o chamado centro comercial da Laxe e algúns dixemos que por dúas razóns: En primeiro lugar porque volve tapar Vigo ó mar nunha parte importante da cidade, pero tan importante razón coma esa é porque se produciría un grave problema de tráfico nesa zona de se levar adiante a construción dese centro comercial.

Dixemos no seu día que lamentablemente se lle deu unha licenza, licenza sobre a que se solicitaron diversas modificacións e en todo caso atopámonos diante dun feito que o Concello de Vigo debe resolver con claridade e contundencia. As decisións políticas ás veces hainas que tomar asumindo as responsabilidades do que un quere facer, pero en todo caso non está de máis documentalas do mellor xeito posible. Neste caso fálolle do Boletín Oficial de Pontevedra (dareille unha fotocopia para a incluír na acta, Sr. Secretario Xeral) de data xoves, 3 de xullo de 2003; é relativo a alegacións do Plan de ordenación do porto de Vigo.

Voulles aferrar moito tempo dicindo que nese escrito hai un parágrafo que di: "Imperativo: deberase realizar un estudo de tráfico e accesos anexo ó proxecto do centro comercial e aparcadoiros que deberá seren supervisado e aprobado pola Concellería de Tráfico, Seguridade e Transportes". Estou lendo literalmente un BOP que fala desa ordenación do porto, aspecto que foi esquecido porque se lles encargou un informe de tráfico (falo de memoria) coido que a técnicos de Zona Franca. Ben, os técnicos de Zona Franca poden facer os informes que lles pete pero por lei teñen que seren os técnicos municipais os que fagan un informe e que a Concellería (fala da Concellería e polo tanto abrangue a técnicos e políticos de Tráfico, Seguridade e Transportes) o avale coa súa firma.

Coma iso non se deu a licenza é nula segundo a Lei na miña opinión e polo tanto lles pido sen dilación e sen dar voltas que nos pronunciemos colectivamente para que de xeito inmediato se paralicen as obras en base a unha licenza nula.

SR. RUIZ CENICEROS: Efectivamente hai que corroborar que en principio hai un consenso, unha unanimidade no Pleno en canto que todos os Grupos municipais se pronunciaron en contra da construción do centro comercial da Laxe.

Efectivamente non foi menos o apoio e a postura do Grupo municipal socialista xa que foi este quen propuxo en xuño, no Pleno do Consorcio da Zona Franca, que se presentase por parte do Consorcio a renuncia á construción dese centro comercial e queremoslle lembrar ó Sr. Soto que foi o Grupo municipal socialista quen no Consello da Xerencia solicitou e requiriu á Concellería de Urbanismo que incluíse ese estudo de tráfico.

Efectivamente a última modificación do Plan especial do Porto que se aprobou o 6 de xuño preceptúa que ten que ser achegado coma anexo ó proxecto, pode ser redactado polos técnicos que fan o proxecto de construción pero ten que ser informado por Tráfico.

Pola información que nos deu o concelleiro de Urbanismo cóstanos que ese estudo se presentara en abril. Outra cuestión é que sexa válido e suficiente ou non e que cumpra as esixencias do plan especial do porto.

Por iso que na filosofía da moción que é que se pare o centro comercial estamos de acordo; que se revise ese estudo de tráfico a efectos de ver se é válido ou non tamén estamos de acordo pero o que quereríamos precisar coa moción que presentamos é a forma.

Primeiro porque este Pleno non sería o competente para ordenar a paralización, como corroborarán os servizos xurídicos, senón que conforme ó que dispón a Lei de ordenación urbanístico de Galicia e o regulamento de disciplina urbanística, para suspender os efectos dunha licenza en vigor e en execución a competencia correspondería neste caso á Alcaldesa, co que primeiro teríamos un problema de competencias, a quen lle correspondería dar esa instrución; en segundo lugar ó seren unha decisión de calado importante que pode entrañar como mínimo responsabilidades indemnizatorias, porque a licenza é firme e definitiva é éo así porque ningún grupo recorriuna, mesmo o seu, todos os grupos tivemos coñecemento da licenza e ningún recorriuna en prazo, nin en vía administrativa por medio de recurso de reposición, nin en vía contencioso-administrativa por medio de recurso xudicial, co que en principio e ó seren licenza definitiva nós cremos que esa solución que vostede propón, que sería revisar a licenza, detectar se hai algún vicio de anulabilidade e iniciar o procedemento de revisión, ten que ser precedida polos correspondentes informes técnicos e xurídicos dos técnicos da Xerencia e de ser o caso tamén da concellería de Tráfico porque nos parece un pouco aventurado mesmo o que menciona nos antecedentes da moción de formular un preito que saibamos que imos perder. Adoptar unha

decisión inxusta e a sabendas da súa posible inxustiza entraña un risco mesmo de tipo penal que é mellor nin mencionar.

Polo tanto por prudencia e por acadar con efectividade os mesmos fins que propón vostede na súa moción que xa aprobamos aquí, tamén se discutíu no Consorcio da Zona Franca e supoñemos que todos os grupos estamos de acordo, presentamos esta emenda que o único que pretende é que se emita ese análise de se efectivamente hai algún vicio de anulabilidade do proxecto e da licenza, por parte dos técnicos da Xerencia e da concellalía de Tráfico que o estuden e, caso de que informen a favor de que sería necesario revisar a licenza, se llo informen á Alcaldesa.

SR. TOBA GIRÓN: Estamos de acordo coa moción que presenta o Sr. Soto e ímola votar a favor. En todo caso coidamos que as precisións que fai o Sr. Ruiz Ceniceros son aportacións valiosas que tamén estamos dispostos a votar. De calquera xeito cremos que pola propia substancia das argumentacións do Sr. Ruiz Ceniceros deberían ir xuntas e mesmo son complementarias.

Imos votar a favor unha ou as dúas se vostedes queren.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo vai votar a favor da moción do Sr. Soto e ademais a proposta que fai o Sr. Ruiz Ceniceros que xa fixo na Xerencia de Urbanismo o xoves, hoxe matizándoa un pouco máis. Xa se quedou nese Consello de encargar un estudo ós servizos técnicos e un informe ós servizos xurídicos para que canto antes nolo envíen á Xerencia de Urbanismo e tratar este tema alí.

Coido que estamos todos de acordo en que a moción máis a emenda poden complementar unha proposta que podemos votar todos a favor.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar o Sr. Ruiz me di que este Pleno non é competente para... Se se refire a competencias legais ten razón pero para alta velocidade menos. ¿Quere negarlle ó Pleno o dereito de opinión, independentemente de quen teña que resolver? Entón retiramos practicamente todas as mocións que presentamos todos os grupos.

Hai que tomar partido ata se manchar, hai que ter a coraxe política de dar a cara independentemente de que resolva quen lle competa. Dende logo se hai que tomar a decisión hoxe de paralizar eu estou disposto a corresponsabilizarme absolutamente, acabo de citar unha fonte legal pola que na miña opinión esa licenza é nula e por tanto non é ningún acto inxusto e menos a sabendas, etc. Isa é a súa defensa subrepticia de que aquí falamos pero que non pase nade ou pode parecelo.

En todo caso nós sempre estamos a favor de tentar de buscar en temas tan difíciles coma este e outros a posibilidade dun consenso, polo tanto as suxestións dos Sres. Toba e Figueroa no sentido de que se voten conxuntamente e polo tanto de que se poñan en consideración ó mesmo tempo o fondo da moción e a emenda, estamos dispostos a aceptar esa suxestión.

SR. RUIZ CENICEROS: O que se propuxo no Consello da Xerencia da semana pasada non foi este tema, propúxose que se estudase se a modificación do proxecto require nova licenza que é distinto do que está a propoñer o Sr. Soto. O Sr. Soto propón anular a licenza que xa está concedida co que son dúas vías de actuación completamente distintas e polas dúas tamén vai o grupo municipal Socialista.

Agora ben, tentamos ir cun mínimo de rigor porque en principio, cando neste Pleno se debaten temas que son competencia do Goberno, mesmo no encabezado da parte dispositiva é "instar ó Goberno", a que adopte unha decisión, a que remita unha solicitude, a que adopte un acordo. Aquí a parte dispositiva, e senón que o Sr. Secretario nolo clarexe, é: "que en base ás unánimes manifestacións anteriores do Pleno da nosa Corporación e para defender a Vigo debidamente se proceda de xeito inmediato a paralizar as obras de construción do centro comercial da Laxe".

É dicir, ¿aprobamos que o Pleno adopte a decisión e que inmediatamente vaian os inspectores da Xerencia de Urbanismo e a Policía Municipal a precintar as obras? Os termos son claro "que se proceda de maneira inmediata".

¿Sen os procedentes informes para saber se efectivamente hai un vicio de nulidade ou non, se a Zona Franca ten algún tipo de dereito sobre ó respecto? Se os termos da proposta son eses nós teremos que nos abster por un mínimo de prudencia porque nunca ningunha orde por infracción urbanística da Xerencia se dictou sen os correspondentes informes previos, por iso nós o que propoñemos é que se siga o procedemento de rigor: primeiro informes técnicos e logo que se adopte a decisión que proceda.

Se o resto dos grupos mantén a parte dispositiva nestes termos, nós absterémonos por prudencia. No Consello da Xerencia nunca votariamos unha orde de suspensión sen informes previos.

SR. FIGUEROA VILA: Entendemos que se se acepta a emenda é en base ós informes técnicos e xurídicos, non imos tomar ningunha decisión sen ese informe. O que eu lle dicía xa o outro día na Xerencia é que vostede empezara unha vía que nós ampliamos ó Secretario e dixémoslle que contemplase todas as posibilidades, xa lle dixen agora que fixera unha matización a unha proposta que fixera o outro día. Por suposto que nós

entendemos que a emenda pode ser compatible sempre e cando primeiro se fagan os informes dos servizos técnicos e xurídicos, non se pode entender outra cousa porque non ten ningún sentido ordear a paralización e logo pedir informe dos servizos técnicos e xurídicos.

SR. SOTO FERREIRO: Cando estou aceptando que se vote conxuntamente calquera persoa intelixente entendería que hai un obxectivo claro que é o de paralizar a licenza pero polo camiño incoar un expediente cos informes que propón a emenda. Eu non sei se os demais teñen intelixencia suficiente, doulla polo menos a todos para entender que iso é o que se quere dicir.

Sr. Ruiz, benvido aínda que sexa tan tarde a este tema. ¿Por qué non o fixo vostede cando era concelleiro de Urbanismo? ¿Por qué non defendeu vostede as ideas que di estar a defender agora? ¿Por falla de vontade política, de capacidade ou de qué? Porque ás veces parece ter moitas capacidades xurídicas, podía telas empregado no seu tempo porque é conscente que cando era concelleiro de Urbanismo eu si lle dixen que parara esa obra e os por qués, díxenlle concretamente que non había un estudo de tráfico, vostede ten que o lembrar e non fixo caso.

¿A qué ven agora andar con tantos reparos? ¿Por qué non o fixo daquela? Ese é o informe que está a pedir, podía ter pedido eses e outros. Entenderá vostede que estando na Concellería de Urbanismo, cando eu llo dixen no seu momento vostede non escoitou e agora ven con isto, realmente ¿qué é o que quere? ¿defender qué ou a quen? Recoñezo que teño dúbidas.

SR. RUIZ CENICEROS: Por alusións persoais e por lle clarexar a memoria ó Sr. Soto con quen non tiven o gusto de falar persoalmente deste tema, lémbrolle que mentres asumimos a responsabilidade de Urbanismo a nosa única actuación neste tema foi conceder a licenza de derruba do edificio de Sanidade Exterior. O proxecto de centro comercial, que nós saibamos, entregouse en decembro ou pouco despois e todo o expediente tramitouse co novo Goberno, a licenza outorgouse co novo Goberno e a obra iniciouse baixo o mandato do novo Goberno. Baixo a nosa responsabilidade o único que se fixo foi derrubar o edificio de Sanidade Exterior co que coido que ninguén está en desacordo que nós saibamos.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Ruiz, ou vostede ten unha memoria pésima ou... porque eu si que falei persoalmente con vostede deste tema, sórprenome a súa manifestación, estou tentado de crer que ten un lapsus mental cousa que nos pode suceder a todos ás veces. Pódelle gustar algo ou non, pero negar o que eu son plenamente conscente de que falei con vostede, alucíname.

A PRESIDENCIA: Teñen todos o texto da emenda pero a vou ler: Encargar ós servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de Urbanismo e concellería de Tráfico que informen acerca da posibilidade de que a Alcaldía acorde a suspensión dos efectos das licenzas de obras, actividades e instalacións para un edificio dedicado a centro comercial no seu conxunto, etc. Iso é o que votamos.

SR. SOTO FERREIRO: Como se votan as dúas cousas conxuntamente, iso ten un obxectivo que é a retirada da licenza e por tanto de ser o caso e no seu día a paralización das obras. Cando se votan as dúas cousas é que hai unha intención política do que se quere facer e non é unha intención abstracta, imos encargar estudos cara iso. Iso é o que eu entendía cando dicía que se ían votar as dúas cousas conxuntamente.

A PRESIDENCIA: A intención de todos os grupos está manifestada en varias ocasións e todos imos na mesma dirección pero temos que ter as prevencións de que vaíamos con todos os informes que avalen as decisións que poidamos tomar. Imos votar entón e preguntolle unha vez máis ¿conxuntamente ou por separado?

SR. SOTO FERREIRO: Se quere votar vostede as dúas conxuntamente insisto en que a explicación que eu lle dou e que son quen propuxo a moción e no que acepto a emenda e que co gallo de que non se construa o centro comercial da Laxe se fagan os estudos técnicos, etc., para ver se a licenza é nula ou se observa calquera outro problema de tipo xurídico ou urbanístico.

A PRESIDENCIA: É o mesmo porque todos imos na mesma dirección.

SR. PÉREZ MARIÑO: Coido que xuridicamente hai que votar a emenda se se admite porque contradí ineludiblemente o ton da proposta da moción. Cremos que a moción non se pode votar e preguntaría ó Secretario se é posible votala e se non incorriríamos no seu caso en responsabilidade os votantes da mesma. A emenda, perseguindo os mesmos obxectivos, contradise coa moción por iso ou se admite a emenda ou non.

De todos os xeitos pediría ó Sr. Secretario que informe sobre a virtualidade da mesma.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: En canto ó fondo da moción, cando o Partido Galeguista di que se proceda de xeito inmediato a paralizar as obras, entendo que di que se proceda polo órgano competente; e cando di de xeito inmediato entendo que tamén está a dicir previos os informes técnicos e

xurídicos correspondentes. Eu entendino así dende o principio: que se proceda polo órgano competente, previos os informes técnicos e xurídicos competentes á paralización das obras no suposto de que tales informes así o manifesten.

A PRESIDENCIA: Con esa redacción que se recolla en acta e votamos.

SR. PEREZ MARIÑO: Se está de acordo o propoñente, que se recolla en acta o que dixo o Sr. Secretario que de feito emendou a moción. Se é así cambiamos o sentido do noso voto.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Pérez Mariño, como dixo o Sr. Ruiz e vostede abonda nel, presumir que se quere tomar unha determinación ilegal sinceiramente é unha presunción falsa. Vostede decide porque ten a mente ó seu xeito e ó seu aire e entón deducen o que ninguén quixo dicir nunca. Os que me coñecen, traballando anos neste Concello, saben que nunca na miña vida propuxen que se fixeran cousas ilegais, mesmo son un absoluto defensor do Estado de Dereito, penso que hai que traballar dentro da Lei pero penso tamén que o Estado de Dereito ten distintas maneiras de interpretar a Lei, de feito os xuices interpretan unha cousa nun Tribunal, outra noutro e outra no que lle segue polo tanto as veces as interpretacións legais son moi difíciles.

Vostede na miña opinión ten interese político en retorcer este tema e por iso fai a intervención que fai. Calquera das mocións que se votan aquí podería ser contemplada do mesmo xeito. ¿Cómo lle imos nós a dicidir ó Ministerio de Fomento o que fai coa alta velocidade? ¿Cómo lle imos dicidir á Xunta de Galicia que recolla o hospital da Cruz Vermella, como ven despois? Ten que dicidir a Xunta da Galiza e o Ministerio.

¿Vostede vai votar que fagan informes diante de todas esas mocións? Ese é un teatro político barateiro o que está facendo vostede neste caso.

A PRESIDENCIA: Pasamos votar a moción nos termos que antes se dixeron.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Un clarexamento. Queremos que se clarexe se a emenda do Partido Socialista é de substitución ou se é de engádegas. O noso voto depende diso.

SR. RUIZ CENICEROS: Coa precisión que fixo o Secretario do Pleno sobre que esa proposta non se vai levar a cabo, é dicir, que de aquí non saia que mañá se van parar as obras, que antes se van facer os informes preceptivos. Esa é a mensaxe que queremos dar; mañá que non sexa o titular "O Concello

acorda parar as obras do centro comercial da Laxe"; que o titular sexa que o Concello vai estudar se poden parar as obras do centro comercial da Laxe.

SR. SOTO FERREIRO: Poderíase deducir do que eu digo que, para paralizar as obras do centro comercial da Laxe e impedir a súa construción, se van pedir os informes técnicos pertinentes. Non digo que sexa o titular, pero digo que é unha interpretación diferente á que fai vostede e se fai unha emenda de substitución non lla admito.

SR. RUIZ CENICEROS: Cinguíndonos ó que dicía a Alcaldesa e co informe do Secretario, sempre e cando a proposta do Sr. Soto vaia precedida dos correspondentes informes nos termos nos que está formulada a emenda, votámolo conxuntamente.

De conformidade coas manifestacións formuladas polos concelleiros Sr. Soto Ferreiro e Sr. Ruiz Ceniceros durante o curso do debate, o Secretario Xeral do Pleno propón a redacción do acordo que se contén na parte dispositiva.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Que polo órgano competente, previos os informes técnicos e xurídicos necesarios, se proceda, dende o procedemento adecuado, á paralización das obras de construción do centro comercial da Laxe no suposto de que tales informes así o manifesten.

A continuación e a petición do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, alérase a orde do día para tratar como primeira moción do devandito grupo a que figura co número 22 relativa ós aparcadoiros da rúa Ecuador.

22.- (312).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O APARCAMENTO EN LIÑA NA RÚA ECUADOR E REALIZAR PROXECTO DE REMODELACIÓN DA ZONA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"Hai agora máis dun ano a Concellería de Tráfico tomou a decisión de cambiar o sistema de aparcadoiro na rúa Ecuador, adoptando para dita rúa o modelo "en batería". Esta decisión foi obxecto de debate neste Pleno, decidíndose manter o novo sistema adoptado pola Concellería durante un tempo prudencial en espera de poder facer unha avaliación dos resultados e, ao mesmo tempo, promover dende a Concellería de Vías e Obras a redacción dun proxecto de remodelación urbana de dita rúa, con ampliación de beirarrúas e a adopción dun modelo máis comercial e habitábel.

Pois ben, transcorrido un prazo máis que dabondo o BNG opina que os cambios introducidos no seu día co aparcadoiro "en batería" nin foron beneficiosos para o tráfico, que con moita frecuencia vese retido polas operacións dos vehículos, nin para os peóns, nin para os residentes, pois a rúa Ecuador é hoxe un espazo inzado de automóviles dun extremo a outro, que reforzan a sensación de "rúa sobredensificada", que xeran un espazo moi desagradábel e que en nada beneficia ao paseo e á evidente vocación comercial desa rúa. Ecuador está convertida nun puro aparcadoiro, nunha zona da cidade que non está mal dotada de aparcadoiros subterráneos e que dentro de ben pouco verá reforzada dita oferta coa apertura do novo aparcadoiro da rúa Urzaiz.

Por outra banda, non coñecemos que a Concellería de Vías e Obras teña contratada a redacción de ningún proxecto para a zona da rúa Ecuador. Nembargantes, cómpre dicir que en dita Concellería ficaran redactados os proxectos de remodelación das rúas Hernán Cortés e Magallanes e avanzárase nas conversas para redactar un proxecto de remodelación das rúas comprendidas entre Venezuela, Gran Vía e Ronda de Don Bosco, completamente necesario para, no seu día, acometer a ampliación cara a Venezuela das actuacións de humanización xa desenvolvidas na rúa Progreso e limítrofes con Príncipe, cun tratamento distinto, pero coherente cos proxectos de Hernán Cortés e Magallanes.

Como queira que pasou tempo máis que suficiente sen que o Goberno municipal tivera tomado iniciativa ningunha neste senso, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldesa e ao Goberno Municipal a:

- 1.- Que a Concellería de Tráfico, Seguridade e Transporte recupere para a rúa Ecuador o modelo de aparcadoiro en liña, deixando sen efecto o seu acordo de hai un ano de permitir o aparcadoiro en batería e dispoñendo os mecanismos necesarios para asegurar o cumprimento das normas de tráfico.
- 2.- Que a Concellería de Vías e Obras encomende a redacción dun proxecto de remodelación da zona comprendida entre as rúas Venezuela, Gran Vía e Ronda de Don Bosco, que contemple un tratamento coherente co xa definido para Hernán Cortés e Magallanes."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Gracias á Presidencia e ós demais grupos por nos permitir que esta moción se adiante, habida conta de que as dúas seguintes tamén me toca a min a súa defensa e deste xeito faise todo conxuntamente.

Esta moción trata dunha decisión que se discutíu e adoptou este Pleno onde se tomaba a decisión de cambiar o sistema de aparcadoiros na rúa Ecuador

adoptando para a dita rúa o modelo en batería. Naquel intre dicíamos que íamos esperar un tempo prudencial para poder facer unha avaliación dos resultados deste cambio, así como tamén falabamos de promover un proxecto de remodelación urbana da dita rúa con ampliación de beirarrúas e adoptar un modelo máis comercial e habitable para esa rúa da cidade.

O BNG pensa que despois dun prazo máis que dabondo de máis dun ano e avaliando un pouco os cambios introducidos, na nosa opinión vemos que non se cumpriron os obxectivos que se pretendían con ese cambio. Todos podemos ver como a rúa Ecuador hoxe está practicamente convertida nun aparcadoiro onde non se acadou que se fixera un tráfico máis humano, os atascos polas dificultades que engloban os aparcamentos alí e mesmo as propias saídas dos vehículos aparcados, vemos que non axudou a establecer ese modelo máis humanizador que se pretendía coa rúa.

Con todo isto o que hoxe o BNG quere presentar diante do Pleno da Corporación e instar ó Goberno municipal a que a concellería de Tráfico, Seguridade e Transportes recupere para a rúa Ecuador o modelo de aparcadoiros en liña, deixando sen efecto o seu acordo de hai un ano e dispoñendo os mecanismos necesarios para asegurar, como non podería ser doutro xeito, o cumprimento das normas de tráfico.

En segundo lugar pedimos que a concellería de Vías e Obras encomende a redacción dun proxecto de remodelación da zona comprendida entre as rúas Venezuela, Gran Vía e Ronda de Don Bosco que contemple ademais un tratamento coherente co que xa estaba definido para as rúas Hernán Cortés e Magallanes.

Pensamos que deste xeito podemos recuperar e implementar unha remodelación que permita que esa rúa de gran tradición comercial sirva realmente para o obxectivo que se pretendía, que é que os veciños e veciñas, os comerciantes e todos poidan ter unha rúa máis habitable e máis humana.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: En primeiro lugar clarexar unha cousa que non é pouco importante porque cando eu tiven a responsabilidade de Tráfico, Seguridade e Transportes, comprometín a miña palabra varias veces de que a decisión de aparcar en batería na rúa Ecuador fora unha decisión tomada polo Goberno anterior que eu respectei por corrección institucional e porque estaba absolutamente de acordo coa corrección técnica que avalaban non só os técnicos municipais, senón técnicos da Universidade e todo o mundo que sabe un pouquiño de tráfico, aparcadoiros e demais.

Deixar claro que a decisión de aparcar en batería tomouse en Comisión de Goberno o 31 de marzo de 2003, sendo Alcalde-Presidente o Sr. Pérez Castrillo, en base a un informe da xefa de Seguridade e Transporte do 8 dese mesmo mes, por suposto confirmado polo concelleiro delegado don

Xoaquín de Acosta. Teño o acordo da Comisión de Goberno por se queren estudalo pero é o primeiro que me vexo na obriga de comentar.

O que se fixo o 19 de xullo do 2003 foi responder pola miña banda e tratar no Pleno da Corporación unha moción presentada polo Sr. Coello, hoxe concelleiro de Seguridade, Mobilidade e Transporte en Vigo. Nesta moción non se poñía en dúbida o aparcamento en batería e á que eu respuestei con todos os cambios e melloras que propoñíamos respecto a unha medida que, se queren que lles clarexe, o pintado do aparcamento en batería realizouse exactamente na noite do sábado 14 de xuño que foi o día que se investiu neste Concello a don Ventura Pérez Mariño como Alcalde da cidade. Mal podía tomar eu unha decisión cando non tomara posesión da miña concellería e polo tanto coido que reafirma e confirma o formulado por min anteriormente.

En efecto tomamos unha serie de medidas que non vou detallar polo miúdo pero supuxeron unha mellora respecto ó pintado inicial en canto á amplitude das zonas de carga e descarga e ó propio funcionamento desas zonas que posibilitaban que fora durante todo o día e para uso dos veciños; non para estar dúas horas nesas zonas pero si para facer os necesarios traslados, etc.

Lémbrome ademais que naquel debate da moción recibira o apoio bastante unánime, en concreto do Sr. Toba, por manter a postura por respecto institucional e ademais porque aínda que non empezamos a campaña da dobre fileira, si anunciara que non me parecía en absoluto serio para calquera goberno municipal que, cando o principal obxectivo desa medida era loitar contra a dobre fileira, se modificara.

Lémbrome tamén do apoio explícito do Sr. Soto que fixo referencias claras dese apoio á medida que posteriormente voltouse tratar. A hoxe Alcaldesa e por aquel entón concelleira, o 29 de setembro de 2003, cunha postura de oposición que afortunadamente hoxe na súa posición institucional está totalmente superada, fixo unha pregunta ó alcalde naquel intre na que se comentaba qué medidas ían tomar para resolver o grave grao de crispación social que existía na rúa Ecuador, que os taxistas negábanse ir a esa rúa, non chegaban as ambulancias e que había un auténtico caos e confusiónismo. Por certo que naquel Pleno estaban algúns veciños da rúa Ecuador manifestándose en contra do aparcamento en batería, porque moitos outros xa expresaran na concellería claramente o seu apoio á medida.

Naquel Pleno voltei explicar as medidas e voltei repetir o que para min era a mellor solución e ademais coherente coa función exemplificadora que ten que ter un goberno municipal nestes temas. Era que o meu compromiso cos veciños dende que tiveron as dúas primeiras xuntanzas con eles foi que en efecto era unha medida correcta pero non era a mellor para un concelleiro e un goberno que quere retirar vehículos da rúa, que quere priorizar que haxa

beirarrúas para os peóns, etc., e que na medida en que estiveramos no Goberno, cousa que por certo se botou abaixo pouco despois, comprometíame a que nos orzamentos do 2004 se incluíra unha partida para a humanización da rúa Ecuador coa ampliación das beirarrúas e a volta ós aparcadoiros en liña.

Criamos que era a mellor solución para unha rúa que é importante, que ten unha actividade comercial clara e repito que o dixen dende o primeiro momento en que se debatíu este tema no Pleno da Corporación.

A min sorpréndeme pero dende que tomou posesión a Sra. Alcaldesa non voltou escoitarse ningunha queixa, alomenos pública, nos medios de comunicación ou neste Pleno por parte dos veciños respecto ó funcionamento dos aparcadoiros en batería. Esquecéronse absolutamente as graves consecuencias, o caos, a crispación, etc. e non teño máis remedio que o poñer enriba da mesa porque coido que resposta a unha verdade clara e conste que viviron moi poucos meses baixo o anterior goberno municipal e bastantes meses co actual, que por certo ten manifestado publicamente nos medios de comunicación que non entra nas súas previsións humanizar, ampliar beirarrúas no caso da rúa Ecuador.

Paréceme un absoluto contrasentido e absolutamente negativo cando xa está aprobado con cargo ó programa chamado Vigo 2005 a humanización e o novo tratamento das beirarrúas inmediatas como Hernán Cortés e Luis Braille. Fixémonos que dende Hernán Cortés é subir unhas escaleiras e xa estamos na rúa Ecuador e déixase fóra desa previsión que coido que sería o absolutamente coherente.

Por suposto que nesta situación nós confirmamos que esa é a mellor solución para a rúa Ecuador: humanizar, ampliar as beirarrúas e nese sentido respecto á moción concreta, estaríamos de acordo con ela sempre que a orde sexa xusto o diferente. Todos os estudos técnicos avalan que a rúa Ecuador non necesita máis que un carril de rodadura que obviamente pode ser máis amplo do estrictamente necesario para un só vehículo, pero nunca para que voltemos ó espectáculo da dobre ou triple fileira; que o acordo sexa xusto, que unha vez realizada a humanización, nos debates dos orzamentos un dos temas que formulamos é por suposto a necesaria humanización da rúa Ecuador coa ampliación de beirarrúas e propoñemos que se tome ese acordo e unha vez realizada esa humanización que se volte ós aparcadoiros en liña ou en cordón en ambas beirarrúas.

SR. IGLESIAS CARRERA: Cando comezamos a gobernar o grupo pedíume que se fixera un proxecto para, como din agora, humanizar a rúa Ecuador. Eu non sabía que o malo da película non era o Sr. Calviño que foi bastante masacrado nos medios. Encarguei un proxecto básico que está a súa

disposición e que ten un valor de 1.200.000 euros e ó cabo de dous ou tres meses pedíronme unha cita no meu despacho nove ou dez persoas da rúa Ecuador; chegaron bastante alporizados e pediron que se volviera ó anterior, que non se ampliaran as beirarrúas e que se deixara como estaba. Había opinións para todos os gustos, posiblemente unhas con boa intención e outras espúreas. Había moita xente que falaba que esa rúa é antiga e indubidablemente os edificios non ten aparcadoiro e tiñan moitos problemas para sacar enfermos e persoas que necesitan atención sanitaria porque a poboación é vella, entón o que pedían era que quedara a rúa como estaba anteriormente.

A outra interpretación podía ser que sinxelamente se quería aparcar en dobre fileira como todos sospeitamos tamén.

Para min aquilo quedou pechado porque foron os únicos interlocutores e dixeron que non. Transmitino ó grupo e nunca máis houbo ningunha fala sobre isto.

Indubidablemente tamén quería dicir que quizais porque eu son un concelleiro novicio que non novo, non estou de acordo co de ir rúa a rúa humanizando porque as veces chámame a atención que estas Corporacións que levan aquí tantas décadas en clave democrática non reflexionaran (ó mellor si, non o sei) que todos os servizos que lles damos ós cidadáns están privatizados, dende Aqualia ata parques e xardíns, dende Vitrasa ata os semáforos. Estarán vostedes de acordo comigo que a preocupación non é Ecuador, que si o é, nin a Ronda, nin Venezuela, nin a praza do Progreso que está mal por enriba, a praza Alba Plena, que si o son todas; o pavillón do Berbés no que estamos facendo un proxecto para poñer enerxía alternativa.

Entón chamoume a atención que en 25 anos pasouse de ter 300 traballadores no parque central a ter 28, a poboación de Vigo posiblemente hai 25 anos tiña 250.000 habitantes, non o sei; hoxe temos case que 300.000 habitantes e curiosamente temos 28 traballadores para atender como están todas as beirarrúas.

Hai un acordo plenario do ano 2001, que acorda restituir as beirarrúas na Travesía de Vigo e diso non se fala. Cada vez falamos máis do quilómetro cero e a min paréceme moi ben todo iso pero os cartos son os que hai. Encargouse Hernán Cortes, tamén Luis Braille que xa o ten a Zona Franca para licitar, porque son rúas moi castigadas na obra do aparcadoiro de Urzaiz; encargouse Magallanes, Manuel Núñez, rúa Xil, fixemos no noso servizo as beirarrúas de Alfonso XIII que non estaban contempladas e foi unha rúa profundamente castigada polas obras citadas.

Eu preguntome moitas veces porqué queremos ir para arriba e esquecémonos de Velázquez Moreno entre Príncipe e Policarpo Sanz. Son preguntas que deixo aquí ó fío de Ecuador, só para que reflexionemos sobre iso.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Só dicir tres cousas moi claras. Ultimamente eu non sei se temos aquí a pretensión de converter ás mocións en cantos de sereas e non cinguirnos realmente ó que di a moción e que neste caso presenta o BNG.

Sr. Calviño estease vostede tranquilo que na moción en ningún momento dicimos que vostede sexa culpable dese aparcadoiro. Iso queda fóra de toda dúbida, en ningún momento, nin na miña exposición nin na moción, dixemos que fora unha decisión que vostede tomara, en todo caso si se aplicou xusto neses momentos.

Dito isto dicimos que naquel intre e nos informes que vostede citaba aparece moi claramente que esta medida ía ser unha medida provisoria, sempre se falou da provisionalidade da medida en tanto que non se tivera humanización. Polo tanto a nós non nos doen prendan en dicir que aquela medida, polo que eu persoalmente teño pasado varias veces e en distintas horas por esa rúa, do que teño falado con comerciantes e veciños da zona, demostra que non servíu para cumprir cos obxectivos que se propoñían.

Eu non estou a dicir que se teña que volver aparcarse en dobre fileira. O BNG sempre estivo e estará en contra das ilegalidades de tráfico pero que non se aparque en dobre fileira non supón que haxa que pintar unha aparcadoiro dun ou outro xeito; xupón que haxa a vixilancia e o control sobre a dobre fileira que este goberno non está tendo, por exemplo.

Esas medidas que se iniciaran xa co BNG, que despois continuou o Sr. Calviño, vemos que hoxe non se están tendo polo tanto o problema de aparcarse en dobre fileira non é que un aparcadoiro estea deseñado dun ou outro xeito.

O que propón aquí o BNG dun xeito moi clariño é que, habida conta de que despois dos resultados logo de máis dun ano que vemos que non cumpre os seus obxectivos, dicimos que se volva ó aparcadoiro en liña e dicimos claramente "dispoñendo os mecanismos necesarios para asegurar o cumprimento das normas de tráfico", é dicir, que non exista a dobre fileira.

A outra cuestión moi concreta que propoñemos é que se volte ó aparcadoiro en liña e que ademais se acometa un proxecto de remodelación e non só dicimos de Ecuador, senón da zona comprendida entre Venezuela, Gran Vía, Ronda de Don Bosco e que dalgún xeito se contemple un tratamento coherente co que xa existe para outras zonas.

Son as dúas cousas que pedimos e non estamos aquí para cambiar nada, dicimos esas dúas cousas claras e que cada grupo se manifeste e que se

vote. Se están de acordo ben e se non que se vote en contra, non pasa nada, para iso está este Pleno, para que os seus grupos políticos se manifesten e expresen as súas opinións claras diante dos cidadáns.

Non lle deamos voltas ó que non di nesta moción, a moción non fala de beirarrúas da Travesía coas que nós estivemos sempre de acordo e ademais foi un proxecto que deixamos nós establecido. Que cada grupo se exprese sobre os dous puntos que eu propoño nesa moción.

A PRESIDENCIA: Como o concelleiro de Tráfico está ausente hoxe, quero expresar as conversas e negociacións que houbo ó longo deste tempo cos veciños e que se chegou ó acordo de volver aparcarse en liña, que é o que pensa facer este Goberno e estamos de acordo con esa parte da moción.

En canto á remodelación, tal como dixo o concelleiro delegado de Vías e Obras, os veciños non queren ampliar as beirarrúas, senón que se arranxe o que estea mal.

Entón votamos por separado porque nós repectamos o que din os veciños.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Non vou admitir a votación por separado. Vostedes saben tan ben coma min que en moitos casos os veciños se puxeron en contra de moitas cousas, como peatonalizacións e humanizacións que se fixeron, e ó longo do tempo nós temos que ser responsables e se nalgún momento hai que tomar medidas que nun primeiro momento sexan impopulares, Sra. Alcaldesa, tomémolas. Agora ben, a min paréceme incongruente que a volta ó aparcadoiro en liña sexa única e exclusivamente para deixar as cousas como están.

Por iso non podemos votar por separado, nós queremos que se volte ó aparcadoiro en liña para que haxa un proxecto de humanización e remodelación desa zona e coido que hai que ser responsable e un goberno ten que o ser. ¿Qué é o que cremos que realmente é o mellor para esa zona? O BNG aposta pola peatonalización, pola humanización e polos tráfico en distintas zonas o máis suave posible e o tempo deunos a razón: Calvario, Praza da Independencia, etc.

Por certo, aproveitando esta moción quixera lembrar ó Goberno municipal que hai un mes tomamos por unanimidade a decisión de peatonalización do entorno da Alameda os domingos pola mañá e que eu saiba, polo menos os dous domingos que eu pasei por alí, non se tomou esa medida.

En resume, nós non imos votar por separado, parécenos un contrasentido voltar ó aparcadoiro en liña para logo deixar as cousas como estaban. Nós non somos neste sentido nada esixentes, só dicimos que se encargue un proxecto de remodelación que logo teríamos que discutir e aprobar.

SR. SOTO FERREIRO: Paréceme indispensable votar os puntos conxuntamente. Algúns queremos máis peatonalizaciones, avanzar nesa dirección. Estou convencido que se falamos rúa por rúa do que queren os veciños, todo o mundo quereda deixar o coche onde lle pete, en dobre ou triple fileira e paréceme que nós responsablemente non podemos emitir ese tipo de criterios por tanto paréceme indispensable que se vote conxuntamente sen ir máis alá e a partir daí eu comprendo as ronchas do pasado pero eu votei como votei e así.

Se se vota conxuntamente, a ver como o implementa o goberno. Vanse votar dúas cousas: que se suprima un aparcadoiro e que se faga un proxecto de remodelación, se corre moito o proxecto ó mellor coincide o aparcadoiro e liña co proxecto que para mi sería o ideal e estou seguro que para o propoñente. Se se suprime unha das partes nós non o votariamos.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: O debate de hoxe clarea moito os porqués do que se viviu naqueles días, polo que comentou o Sr. Soto de que se vivía moi ben para algúns con dobre ou triple fileira que tiñan o coche permanentemente na rúa.

O que é obvio é que nós estamos por apoiar a moción que se presenta sempre que se entenda que son dúas cousas absolutamente unidas porque iso foi o que eu propuxen dende o primeiro momento. Sempre dixen que non me gustou que se me achacara que unha das primeiras medidas como concelleiro de Tráfico fora aparcadoiro en batería e que houbera máis coches na rúa porque non son partidario de solucións dese tipo. Son partidario e demostréino no seu momento de facilitar humanizacións, presenza dos peóns nas amplas beirarrúas, etc.

Polo tanto na miña opinión tomar a decisión despois de tanto tempo, case que un ano que están vivindo perfectamente sen que se escoite nada en contra do tema, a nosa posición é apoiar a moción presentada sempre que se entenda que as dúas medidas son conxuntas, non poñer xa a dobre fileira e o proxecto de humanización xa veremos, senón que se aprobe a humanización e con ela aprobada e en marcha voltar ó aparcadoiro en liña.

SR. IGLESIAS CARRERA: Pido exclusas a don Santiago porque exténdinme un pouco, sempre hai que priorizar as cousas e cada un ten a súa idea.

Nós estamos pola peatonalización de todas as rúas. Teña claro que vou encargarme do proxecto porque é a primeira vez que se fala nun Pleno desa rúa, eu sabía dela polos medios así que a partir de agora, co proxecto básico que teño, vou encargarme do proxecto definitivo.

SR. PEREZ CASTRILLO: Quero felicitar a todos os grupos municipais porque estean a favor da peatonalización. É hora entón de que cambiemos o acordo plenario que se tomou na Corporación sobre o paso do tráfico pola praza da Independencia e que tanto nos reclamaban o PSOE e o Partido Popular e que nós non cumprimos porque daquela estabamos sós a favor da peatonalización. Agora que estamos todos de acordo podemos modificalo e que a praza da Independencia teña un acordo plenario de peatonalización total.

A PRESIDENCIA: A peatonalización á que se refire ó Sr. Concelleiro non quere dicir que todas as rúas vaian ser peatonais; refírese a que gañemos espazo para as persoas facéndoo compatible con zonas de aparcadoiros que hai que poñer en marcha e por suposto con zonas para tráfico rodado porque non imos eliminalo da cidade.

(No momento da votación está ausente o Sr. Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira sobre recuperar o aparcamento en liña na rúa Ecuador e realizar un proxecto de remodelación da zona co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (308).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A CESIÓN DO EDIFICIO DO ANTIGO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS PARA INSTALACIÓN DUNHA BIBLIOTECA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 3 de novembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"O barrio de Teis é sen dúbida unha das zonas máis poboadas da cidade de Vigo e tamén unha zona onde se concentra máis poboación estudiantil. Existen no entorno de Teis tres institutos de ensino, un centro de formación profesional, cinco colexios públicos, unha escola infantil pública e catro centros privados-concertados, entre outras dotacións educativas.

Se analizamos os propios datos do padrón municipal vemos como no barrio de Teis hai nestes momentos censadas 5.500 persoas menores de 20 anos.

Diante destes números faise máis que necesario dotar a este barrio de complementos educativos onde poder desenvolver a formación integral dos/as

S.Ordinaria 29.11.04

estudiantes. Pensamos que unha destas dotacións imprescindibles é unha biblioteca municipal, habida conta ademais de que a propia cidade de Vigo atópase á cola das cidades de Galiza e do Estado en canto ao número de bibliotecas por habitante.

No propio barrio atopámonos que hai máis de dous anos que está pechado e sen ningún uso o antigo centro de saúde de Teis, sito na rúa Enrique Lorenzo dende a inauguración do novo centro. Pensamos que este edificio, coas consabidas reformas e posta ao día, pode albergar sen ningún problema a futura Biblioteca Municipal de Teis.

A Xunta de Galiza ten sen dúbida unha débeda histórica para coa cidade nesta materia, xa que a única biblioteca municipal (Biblioteca Central) é de titulariedade compartida Xunta-Concello, e o propio Concello aporta persoal. Cremos, polo tanto, que sería unha boa oportunidade aproveitar ese edificio para esta dotación, tendo en conta que o investimento preciso sería moito menor por parte de Xunta e atendendo ademais ao que a Xunta ten realizado noutras vilas e cidades que contan xa cunha rede de bibliotecas infinitamente superior á nosa cidade.

Por todo o exposto anteriormente propoñemos á Corporación o seguinte acordo:

A Corporación Municipal do Concello de Vigo insta á Xunta de Galiza a que:

- 1.- Encargue un proxecto de adecuación do edificio do antigo centro de saúde de Teis a unha biblioteca.
- 2.- Acometa as reformas necesarias.
- 3.- Ceda o uso dese edificio ao Concello de Vigo para a posta en marcha da Biblioteca Municipal de Teis."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: De todos é sobradamente coñecido que o barrio de Teis é un dos maior poboación da cidade e ademais é unha das zonas onde se concentra un maior número de poboación estudiantil. Hai varios institutos, centros educativos diversos e nos últimos datos do padrón municipal viven en Teis arredor de 5.500 persoas menores de 20 anos. Con todos estes datos e analizando ademais por desgracia a escasa oferta de bibliotecas públicas que ten a nosa cidade, atopámonos con unha oportunidade que coidamos que é única e que, falada con distintos colectivos do barrio de Teis, a miran con grande satisfacción.

Esta oportunidade é que nunha zona moi céntrica dese barrio atópase dende hai dous anos un edificio pechado, sen ningún uso, que albergaba o antigo centro de saúde de Teis. Este edificio no tempo en que presentei esta moción a que se debata ten unha novidade que é que resulta que a Xunta de Galicia que era quen tiña o uso do edificio, devolveuno ó Ministerio de Traballo e Seguridade Social, co cal como ben puidemos comprobar nalgún medio de comunicación nestes días, se este edificio non se reclama por

ningunha parte, se non hai ningunha institución que faga ostensible a súa preocupación para o utilizar, mesmo podería chegarse a subhastar.

Queremos cambiar in voce a primeira parte da moción onde se dí que a Corporación Municipal insta á Xunta de Galicia, loxicamente teremos que cambiar agora e dicir que insta ó Goberno Central porque neste intre a titulariedade e o dominio é do Goberno Central. O que pedimos con ese cambio é que a Corporación Municipal inste ó Goberno Central a que encargue un proxecto de adecuación do edificio do antigo centro de saúde de Teis a unha biblioteca, que acometa as reformas necesarias e que ceda o uso dese edificio ó Concello de Vigo para a posta en marcha da Biblioteca Municipal de Teis.

Faremos esa petición no Parlamento de Galicia e tamén anunciamos que nese sentido a nosa deputada, Olaia Fernández, tamén fará a conseguente interpelación no Parlamento do Estado e pensamos que é unha oportunidade moi boa para que Teis e esta cidade teñan unha biblioteca municipal sen que nos custe practicamente nada, senón que obriguemos algún xeito tanto á Xunta como a ó Estado para que ese edificio albergue unha biblioteca. Habida conta do pouco investimento, por desgracia, da Xunta e do Estado na nosa cidade nesa materia, estaríamos dándolle unha oportunidade de investimento moitísimo menor que o que suporía construír un novo edificio.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: É certo que o edificio non é da Xunta de Galicia que é da Tesourería Xeral da Seguridade Social e é certo que os veciños xa faláronme do tema e eu preguntei no Sergas cal é o destino que lle van dar e comentáronme que non é deles, que cederan o uso e ó rematar o uso tiñan que o devolver a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

De todos os xeitos quero dicir que si é necesario o incremento das bibliotecas e nese sentido dende a Concellería de Asuntos Sociais iniciáronse os traballos para realizar un estudo e deseño dunha rede de bibliotecas municipais cun proxecto de investigación da Universidade de Vigo no que intervirán os técnicos da Biblioteca Central, da Casa Galega da Cultura, da Biblioteca Universitaria e o xefe do departamento de Cultura. O convenio non se asinou antes porque había certos problemas da Universidade para poder asinar convenios co Concello de Vigo. Xa están resoltos eses problemas e neste mes asinaremos o convenio para que en xuño do 2005 estea concluído este diagnóstico sobre a situación bibliotecaria actual no Concello de Vigo, por iso eu vou pedir as infraestructuras para, de acordo con eses estudos que nos van dicir onde é necesario facer bibliotecas, cuántas bibliotecas existen na cidade de Vigo, cuántos volumes hai en cada unha, qué persoal teñen, qué horario teñen e cómo se poden converter esas

bibliotecas, non en biblioteca nodal que xa existe, senón en biblioteca de segundo grao e mesmo de terceiro grao ou punto de lectura.

Por iso estamos de acordo coa moción en reclamar o edificio ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Durante o curso do debate o propoñente, Sr. Domínguez Olveira, rectifica a súa moción no sentido de dicir: "O Goberno Municipal do Concello de Vigo insta ó Goberno Central..."

(No momento da votación están ausentes a Sra. Graña Barcia e os Sres. Pérez Castrillo e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corproación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

A Corporación Municipal do Concello de Vigo insta ó Goberno Central a que:

- 1.- Encargue un proxecto de adecuación do edificio do antigo centro de saúde de Teis a unha biblioteca.
- 2.- Acometa as reformas necesarias.
- 3.- Ceda o uso dese edificio ao Concello de Vigo para a posta en marcha da Biblioteca Municipal de Teis."

19.- (309).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE DISTINTAS ACTUACIÓNS NO BARRIO DE COIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de novembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"O barrio de Coia é sen dúbida unha das zonas máis emblemáticas da nosa cidade, pola súa alta poboación e polo amplo tecido asociativo e social que configura.

Nos últimos días estamos a asistir ás continuas queixas de veciños e veciñas, así como dos colectivos máis representativos, en canto ao abandono que está a sufrir o barrio no mantemento dos servizos máis esenciais.

Así nun simple percorrido polo barrio podemos comprobar, por exemplo, o mal estado das beirarrúas en innumerábeis zonas, o deterioro no cuidado dos parques infantís e as zonas verdes, problemas continuos coa rede de sumidoiros ou mesmo o abandono dos volcáns na Avenida de Castelao, que levan máis dun ano parados, entre outras anomalías.

Unha das principais funcións dun Goberno municipal é a de velar para que os servizos básicos que afectan aos cidadáns dos barrios e parroquias se dean

do mellor xeito posíbel. Está moi ben poñer flores na Gran Vía, pero todas estas actuacións se convirten en mera propaganda e política de escaparate se logo non se atenden as demandas máis urxentes da cidadanía.

Estas demandas que se fan dende Coia non son ademais novas. Nos últimos meses vense insistindo nelas por parte dos colectivos veciñais e, segundo eles mesmos din, non están tendo a resposta precisa por parte do Goberno Municipal.

Non entendemos como isto está a acontecer cando se falou por activa e por pasiva da importante tarefa que ían ter os concelleiros de distrito na solución dos problemas máis cercanos aos cidadáns; neste caso ademais tendo a propia sede do distrito no mesmo barrio e sendo a súa concelleira unha persoa perfectamente coñecedora dos problemas que Coia esta a padecer.

Diante de todo o exposto, este concelleiro presenta diante da Corporación o seguinte acordo:

Que por parte do Goberno municipal se acometa de xeito urxente un plan de actuación no barrio de Coia que leve a abordar o adecentamento e reposición das beirarrúas, dos parques infantís e zonas verdes, o arranxo dos problemas do saneamento e que consiga rematar coa situación de abandono que denuncian os colectivos veciñais da zona."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Se hai outra zona emblemática na cidade, outra zona que sen ningunha dúbida é a máis poboada, loxicamente esta é a zona de Coia.

Nas últimas semanas nós mirabamos con preocupación as continuas queixas e denuncias dos veciños e veciñas en canto ó abandono que se podía establecer digamos dos servizos máis básicos elementais que calquera goberno e Corporación ten que se preocupar de surtir ós seus veciños e veciñas.

Por desgracia eu mesmo puiden comprobar antes de presentar a moción nunha viaxe por ese barrio (eu definiríaa así) onde realmente comprobei in situ que estas queixas veciñais estaban totalmente xustificadas e que nun barrio coma Coia naquel momento, e mesmo hoxe xa que por desgracia a situación non cambiou, vimos zonas que non tiñan o máis mínimo mantemento, zonas coma os parques infantís, zonas e espazos urbáns coma as beirarrúas que non se repoñían, fochancas en moitas partes de Coia e un exemplo moi claro é o que eu cito na moción: os famosos volcáns da avenida de Castelao que levan máis dun ano sen funcionar. Poderíamos citar problemas de saneamento e rúas xa que na miña viaxe polo barrio si puiden ver rúas que estaban en zonas absolutamente enchoupadas de auga e precisamente eses dous días anteriores non chovera e poderíamos citar máis cousas.

O que realmente nos preocupa é que cando a nosa Alcaldesa anunciaba "a bombo e platillo" o tema dos distritos, dos concelleiros e concelleiras de distrito, dicía moi claramente que iso ía ser algo moi importante para que

os veciños estiveran mellor atendidos, as súas demandas se solucionaran inmediatamente e vemos e comprobamos que por desgracia as concellerías de distrito non están a server para iso, os propios colectivos veciñais nos indican moitas veces que mesmo agora é moita máis lenta a atención que cando se facía directamente coas Concellerías de Participación Cidadá ou Tráfico, é dicir, as Concellerías que teñen competencia nas distintas materias. En resume, é por iso polo que pensamos que o barrio de Coia merece un mellor tratamento.

Sra. Alcaldesa, nós aplaudimos que o centro de Vigo se encha de flores, que estea fermoso e que a xente poida pasear, parécenos isto moi importante, pero tamén nos parece que non abonda con que se coloquen flores na Gran Vía, hai que atender ós servizos e demandas dos nosos veciños e veciñas dos barrios.

SRA. POLO LIMA: Sr. Olveira, comparto con vostede o feito de que o barrio de Coia é un barrio moi emblemático, pero Coia non só é xustamente a beira central, senón tamén as rúas adxacentes.

Eu voulle dicir que a miña función coma concelleira de distrito é velar polo barrio tal e como veño facendo dende hai un ano.

O deterioro de Coia, como vostede ben sabe, non é só cousa de 12 meses, senón de anos e iso é unha realidade. Pero a xeito de diagnóstico si lle vou lembrar algo do que se fixo este ano para a mellora de Coia.

Construíronse as beirarrúas da rúa Baiona, pavimentouse a rúa Marín, construíronse beirarrúas na rúa Marín, pavimentouse tamén a rúa Castelao; a supresión das barreiras arquitectónicas da rúa Castelao e da rúa Martín Echegaray, a reparación de beirarrúas e o contorno da rúa Marín e rúa Estrada, reparacións perto de Alcampo, o pavimentado da rúa Rodríguez Elías e a reparación de toda a cuberta do pavillón de deportes. Outras actuacións tamén foron o cambio de farolas de moitas zonas como as da rúa Baiona. As beirarrúas das rúas Redondela e Porriño tamén se repararon.

Por suposto que hai moito que facer, pero se visitou Coia víu e observou que hai tres patrullas rexerando varias zonas, pasa que hai que reparar moito e non só unha rúa senón moitas, hai moitas fochancas que arranxar e moito que facer e loxicamente vaise facendo ós poucos e si é certo e estamos de acordo con que hai que facer moitas cousas.

Vostede fai alusións ós xardíns e ás flores, pois por algunha parte hai que empezar na cidade, seméllame moi ben que se empece pola entrada da cidade, iso é o principal, pero para nada se esquecen os barrios, non é certo de que se estea retresando o proceso.

En definitiva, en 12 meses este Goberno levou a piques actuacións importantes no barrio pero aínda lle queda moito por facer e polo deterioro de Coia penso que alomenos un ano.

Si é certo que aínda se pode facer moito pero non só en Coia, senón en moitos sitios como en beirarrúas que se miran bastante menos. Moitas grazas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión dentro deste ambiente de cordialidade que sempre temos que ter: Igual que o BNG admite que tomou decisións que agora ó evaluaren quere cambiar, permítame vostede que tamén diga que máis do 50% do que vostede acaba de referir aquí e que dixó que este goberno fixera, deixouse feito por un Goberno onde o concelleiro de Vías e Obras era do Bloque Nacionalista Galego. Marín, Castelao, etc. son actuacións que vostedes se atoparon feitas. Permítame que xa que temos que apalancar con outras cousas tamén apalanquemos co que realmente fixemos.

En todo caso, Sra. Concelleira, claro que hai moito que facer pero para iso están vostedes gobernando, para o facer e eu coido que nin os colectivos veciñais nin ninguén aquí lle está esixindo que nun ano vostedes transformen e cambien a visualización de Coia; o pouquiño que lle estamos pedindo os colectivos veciñais e este concelleiro é que polo menos teñan o mínimo servizo de mantemento ó día e iso non se está facendo, se iso se fixera entenderíamos que logo hai que ir ós poucos, claro que si.

Vostede di que hai que empezar arranxar pola entrada da cidade, eu digo que non mesturemos o touciño coa velocidade, coma se di por aí, xa que un Goberno que se precie de ter sensibilidade cos problemas dos veciños ten que poñer bonita a cidade pero paralelamente e ó mesmo tempo ten que atender eses servizos e sinxelamente coido que é ben pouco esixir que un goberno polo menos atenda eses servizos inmediatos.

SRA. ALCALDESA: Pasamos a votar a moción pero quedando claro que temos toda a sensibilidade e por iso se comezou precisamente asfaltando beirarrúas de Coia e de moitos outros barrios e non só do centro da cidade, pero tamén se precisa no centro da cidade, por suposto.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre plan de actuación urxente no barrio de Coia co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (310).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PLANTACIÓN DE ÁRBORES NA AVDA. DE BALAIÓDOS E RÚA DO CARME.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de novembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Derivado das actuacións iniciadas durante o pasado mandato, ao inicio do actual rematáronse as obras de ampliación e acondicionamento das beirarrúas da Avda. de Balaídos e da rúa do Carme. Ditas obras, xa inauguradas, coidamos que melloraron o aspecto urbano das dúas rúas, facilitando o paseo e aumentando o espazo público. Agora ben, as dúas actuacións non foron completadas pois ficou pendente a instalación de arborado, instalación que, é obvio, é completamente necesaria.

Ao longo dos últimos meses temos asistido por parte do Goberno municipal, a un auténtico recital de medidas de embelecemento das zonas axardinadas do centro da cidade, á que non nos opoñemos, pero ao mesmo tempo hai un evidente abandono de actuacións que, como as referidas, actúan na consecución de espazos urbanos tamén embelecidos nos barrios da nosa cidade. Productivo do seu abandono, hoxe as beirarrúas de Balaídos e a rúa do Carme, permanecen coas gabias destinadas ás árbores abandonadas e ausentes de senso, afeando unhas actuacións, por outra banda, moi beneficiosas para a cidadanía.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á alcaldesa e ao concelleiro delegado a que, aproveitando que nos atopamos no tempo axeitado para a plantación, no menor prazo posíbel se planten as árbores correspondentes na Avda. de Balaídos e na rúa do Carme."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Agradoume moito escoitar que hai que comezar polo centro da cidade ou por onde se chegue á cidade que tamén é importante.

Digo isto porque na etapa precedente que nos correspondeu nós puxemos en marcha asfaltados, melloras de beirarrúas e adxudicamos todas as obras, algunhas xa se están rematando, outras vanse prolongar máis pero é normal e non imos entrar en cuestións técnicas, pero o que si é bo é que cando se fai un proxecto, se un goberno xa terminou o seguinte aproveite para o rematar porque así se contempla no proxecto.

As rúas do Carme e a de Balaídos forman parte dese paquete de medidas que se fixeron; melloramos a avenida de Portanet por onde agora se pasa doutro xeito xa que hai unha rotonda que se fixo no mes de agosto do ano 2003 cun

proxecto do Goberno anterior pero se botou coraxe e se rematou. Tamén e co resto dos cartos que sobraron ademais de arranxar Fragoso, nunha zona emblemática da cidade como é a de Balaídos da que todo o mundo se sinte orgulloso cando está en bo estado, fíxose que non fose menos.

En Balaídos deixáronse gabias para poñer plantas e, xa que non se fixo o ano pasado por motivos varios, este é o tempo do facer. Quen di iso tamén di o Carme, zona que moitos e moitas vigueses e viguesas disfrutaban cando van ó pavillón e tamén todos os que imos a calquera espectáculo, alí tamén se fixo a obra de arranxo pero fallaban as gabias xa que foron obras municipais feitas por coraxe e porque as había que facer xa que tamén forma parte da cidade.

Aproveito para lles dicir que se algo boto de menos é manter o que se fixo e por iso que non lles pareza mal que algunhas veces se faga esa crítica. Exemplo diso é o Calvario que a verdade é que empezaron hai uns días a retocalo pero durante moito tempo estivo totalmente abandonado e ata a policía de barrio que puxeramos nós en marcha desapareceu. Non se pode deixar que unha obra emblemática da nosa cidade que é un orgullo para calquera corporativo, se vaia deteriorando.

Recoñezo que gobernar é tomar decisións. Eu cando tiven responsabilidades era quen lle dicía sempre ós meus compañeiros que nos tocaba facer cousas. As cousas levan o seu tempo e uns empezámolas e outros disfrutaban inaugurándoas, pero mantelas é moi importante.

Por iso dígolle que a cidade empeza polo aeroporto para a xente que ven investir e eu estou vendo con mágoa coma ese fermoso tramo, o único que quedou do proxecto orixinal da Travesía de Vigo, estase a deteriorar a marchas forzadas, digo o tramo da mediana, non da rotonda, dende Gregorio Espino ata Urzáiz.

A nosa proposta é clara: Estamos en tempo de plantar árbores e que se planten tanto na rúa do Carme como na de Balaidos e dalgún xeito así se rematará ese proxecto que como xa dixen rematou o arranxo no 2003 e sería bo que no 2004 se remate con ese ornato que seguro que os servizos municipais de parques e xardíns deixaranno bordado.

SR. IGLESIAS CARRERA: Alégrome moito de que o Sr. Fernández fale de árbores xa que semella que nesta cidade moitas veces ás abores se curtan ou podan en demasía. Teña por seguro que se van plantar nesta época que é o tempo axeitado, tanto en Balaídos como na rúa do Carme.

En canto á avenida de Castrelos da que vostede fala, eu coido que polo menos unha parte a licitou Zona Franca e sobre o mantemento digo de novo en catro palabras que se esta cidade non aborda dunha vez por todas o tema de recuperar as brigadas necesarias para o mantemento integral da cidade,

S.Ordinaria 29.11.04

indubidablemente sempre iremos por detrás do deterioro daquelas obras que se fagan por moi bonitas que sexan.

(No momento da votación está ausente o Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sr. Martíns Vilanova, sobre plantación de árbores na avenida de Balaídos e na rúa do Carme, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (311).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PROBLEMAS DE ILUMINACIÓN E ADECENTAMENTO QUE AFECTAN ÓS INSTITUTOS DO MEIXOEIRO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"O alunado dos institutos do Meixueiro -Ricardo Mella e Valentín Paz Andrade- están sofrendo varios problemas relacionados todos eles coas obras realizadas na estrada provincial. Por unha parte en toda esa zona foron substituídas as farolas existentes por outras novas que dous meses despois de iniciado o curso escolar aínda non foron conectadas, polo que toda a zona queda sumida na máis completa escuridade desde a posta do sol, problema este agravado ante o cambio horario e o feito de contar os dous institutos con cursos de nocturno.

Por outra parte a construción de beirarrúas, que consideramos positiva e necesaria, non buscou solución ao problema que xeraba: falla de espazo para aparcamento dos autobuses de transporte escolar (antes facían en fileira no lugar que hoxe ocupan as beirarrúas), o cal ocasiona un caos tremendo nas entradas e saídas do alunado, que unido á falla de luz representa un bo caldo de cultivo para calquera accidente. A continuación do Ricardo Mella hai un terreno da Comunidade de Montes de Lavadores -coa que a dirección do centro xa tivo contactos- que podería habilitarse para resolver o problema.

En terceiro lugar, a construción da rotonda diante do Ricardo Mella coa conseguinte elevación do terreno, deixou unha zona limitando con este instituto, a un nivel máis baixo que non se tivo en conta a efectos dun acabado correcto e na que neste momento locen co seu máximo esplendor tubeiras ao ar, silvas e maleza de todo tipo.

Por todo isto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Que se resolva o problema de iluminación e se adecente toda a zona exterior que limita con Ricardo Mella.

Que o Goberno Municipal negocie coa Comunidade de Montes de Lavadores unha solución ao problema do aparcamento."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de novembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Esta moción que vou defender pon en evidencia tres problemas, todos eles relacionados coas obras de mellora da Estrada Provincial. Os institutos Ricardo Mella e Valentín Paz Andrade, que están un enfronte doutro, están a sufrir tres tipos de problemas. Un deles xa resolto que é o da iluminación produciuse cando se cambiaron as farolas existentes e se substituíron por outras novas que dende comezou o curso estiveron apagadas xusto ata o día en que se presentou a moción e teño que os felicitar pola rapidez coa que resolveron o problema que se ve que era doado e ó mesmo tempo manifesto que sinto moito que non utilizaran a mesma dilixencia cando se enteraron por outros medios, porque me consta que a dirección dos centros insistiron tanto ante o Concello como ante a COTOP para que llo resolveran.

Outro problema é a cuestión do aparcadoiro dos autobuses. Antes os autobuses de transporte escolar aparcaban en fileira no que agora son as beirarrúas. Ó se construír as beirarrúas deixaron un espazo no que só cabe un autobús e polo tanto hai un caos total de tráfico nas entradas e saídas dos institutos.

O que propoñemos como solución alternativa a este problema é que existe un terreo que está a seguir de Ricardo Mella e que é propiedade da Comunidade de Montes de Lavadores; xa houbo contactos con anterioridade con esa Comunidade para acadar que o cedan para poder aparcas os autobuses, o que resolvería a cuestión.

Por último a construción da rotonda entre o Ricardo Mella e o Valentín Paz Andrade elevou o terreo e fixo que quedara unha zona que limita co Ricardo Mella a un nivel máis baixo e que está camiño de ser un deses lugares, que desgraciadamente existen pola nosa xeografía, onde a xente vai tirar o lixo. Pareceume tan deplorable o estado dese lugar que considerei que coa sinxela descrición non ía chegar e permitínome facer unhas fotografías que evidencian como está; aí se ven as tuberías ó ar, montóns de cemento e pedras, a zona que baixa da rotonda ten desprendementos de terra, hai unha rocha que está a punto de romper e hai un rexistro de auga que ademais ten un sistema de peche da arqueta moi particular.

Eu non sei se xa se fixo a acta de entrega do vial ou non, o que si sei é que se perdeu unha ocasión moi boa de que isto estivera a punto se se insistira en que remataran ben esta obra antes da súa inauguración, que foi este mes coa presenza ademais do Presidente da Xunta, vese que por alí non pasaron.

O acordo que propoñemos de que se resolva o problema da iluminación xa está, polo tanto que se adecante a zona exterior que limita co Ricardo Mella e eu engadiría aquí "esixindo á COTOP o correcto remate das obras en todo o que proceda" e que o Goberno municipal negocie coa Comunidade de Montes de Lavadores unha solución ó problema do aparcadoiro.

SR. IGLESIAS CARRERA: Aínda que non quero botarme flores, coido que esa estrada a coñezo bastante ben, o veciño que ten á súa dereita, don Amador, tamén a coñece comigo. Esa estrada non é provincial, era da Xunta e non está entregada, traballámola duramente don Amador máis eu cando saquei dun caixón un proxecto e ninguén falou desa estrada. Non tivo iluminación ata que se entregaron por parte da contrata os boletíns e os Servizos Electromecánicos conectaron con Fenosa. Ten zonas que aínda non están totalmente ben e niso estou de acordo con vostede.

Está a súa disposición o escrito que mandei ó director xeral de Obras Públicas dicindo todo aquilo que pensamos que se debe corrixir. Outra cousa é a zona de afección da autovía Vigo-Porriño que hai que saber onde se pode actuar e onde non. Finalmente coñezo perfectamente a zona da Comunidade de Montes que está pegada a un dos institutos e o que hai que saber é se se pode negociar con eles e se vai ser un lugar público de aparcadoiro porque vostede di que para os autobuses, pero ¿quen se vai facer cargo do peche para que entren os autobuses e non calquera outro vehículo? De calquera caso se tentará facer.

En todo caso teña por seguro que toda a lista das posibles deficiencias que hai nesa estrada está xa en Santiago hai un tempo.

Modificación feita pola propoñente, Sra. Martíns Vilanova, durante o curso do debate:

Retirar do apartado primeiro da súa moción "que se resolve o problema de iluminación" por estar xa resolto.

Engadir ó final do mesmo apartado "esixindo á CPTOPV o correcto remate das obras en todo o que proceda"

Vótase a moción da Sra. Martíns Vilanova coas anteriores modificacións.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Domínguez Olveira e Figueroa Vila e a Sra. Porteiro García.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

S.Ordinaria 29.11.04

Primeiro.- Adecentar toda a zona exterior que limita con Ricardo Mella, esixindo á CPTOPV o correcto remate das obras en todo o que proceda.

Segundo.- Que o Goberno Municipal negocie coa Comunidade de Montes de Lavadores unha solución ó problema do aparcadoiro.

22.- (312).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O APARCAMENTO EN LIÑA NA RÚA ECUADOR E REALIZAR PROXECTO DE REMODELACIÓN DA ZONA.

A presente moción, a petición do concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, tratouse a continuación do punto 17 e como primeira moción do grupo municipal do BNG.

23.- (313).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE SITUACIÓN DO HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA EN VIGO.

24.- (314).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE SITUACIÓN DO HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA EN VIGO.

Trátanse conxuntamente as dúas mocións presentadas polos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE sobre a situación do Hospital da Cruz Vermella en Vigo.

- Moción presentada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de novembro de 2004:

“Recentemente tivemos noticias pola prensa que a Cruz Vermella busca comprador que se faga cargo da xestión dos servizos dos 10 centros sanitarios, con 1.000 camas e 750 traballadores, que posúe no Estado Español e que na súa maior parte están concertados cos sistemas de saúde autonómicos e que atenden a milleiros de pacientes con procesos crónicos, así como diálise e ciruxía ambulatoria.

Na Galiza o único hospital da Cruz Vermella está situado na nosa cidade e construíuse en terreos deste Concello en virtude dun acordo asinado no 1943 entre o Ministerio da Gobernación e o Concello. No prego de condicións consta que o edificio debería dedicarse a uso sanitario e casa de pasaxeiros, non podendo cambiar os usos, nin o alleamento do edificio.

Actualmente este Hospital, como centro concertado pola Xunta de Galiza (Consellerías de Servizos Sociais e de Sanidade), presta os seus servizos á poboación da Área Sur e nomeadamente á de Vigo, como centro sociosanitario e como tal ten como obxectivo a atención de persoas maiores con enfermidade e dependencia funcional, así como a enfermos crónicos con déficits funcionais que precisan asistencia continua a longo prazo.

S.Ordinaria 29.11.04

O envellecemento da poboación, o aumento do número de persoas con discapacidade física ou mental, contribuen a que este tipo de centros se fagan imprescindibles na cobertura sociosanitaria, máis nunha poboación como a galega, onde a porcentaxe de maiores de 65 anos acadou o 22%, e así se reconece no Programa de Atención Sociosanitaria - Plan Estratégico.

O Hospital de Cruz Vermella, con 70 camas e 54 traballadores, con formación específica para atender este tipo de pacientes, pola gran experiencia acumulada é un recurso punteiro en canto a eficiencia e custo/eficacia e está considerado como o primeiro recurso sociosanitario da área de Vigo.

É por isto que solicitamos ó Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

- Que este Pleno manifieste a súa oposición á venda ou calquera tráfico económico que se poida realizar co hospital da Cruz Vermella.
- Expresar á Cruz Vermella que se manteña o actual uso como centro sociosanitario - hospital de longa estancia.
- Reclamar á Xunta de Galiza que realice as xestións precisas para que o centro continúe prestando os seus servizos na rede sanitaria pública.
- Dirixírmonos ó Goberno do Estado para manifestar a nosa total oposición á venda dos hospitais da Cruz Vermella."
- Moción presentada pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de novembro de 2004:

"A Cruz Vermella está a realizar trámites en todo o territorio español para a venda dos seus hospitais. Como todos sabemos na nosa cidade existe un Hospital da Cruz Vermella que tamén estaría no paquete dos outros dez hospitais españois.

Temos coñecemento de que nalgunhas comunidades Autónomas (País Vasco, Principado de Asturias) son os propios servizos de saúde os que se farán cargo dos mesmos. Nós cremos que na nosa cidade debe facerse algo semellante, dado o déficit de camas hospitalarias e mentres non se constrúe o novo hospital. Ademais o Hospital da Cruz Vermella ten unha unidade de hemodiálises concertada co SERGAS que ten que seguir traballando e pensamos que nun futuro pode rendabilizarse esta infraestrutura como usos sociosanitarios, dado o déficit que tamén existe na nosa cidade e pode cambiarse o seu destino no momento oportuno.

En definitiva, estamos preocupados porque unha infraestrutura sanitaria pode perderse na nosa cidade.

Por iso, presentamos a seguinte moción:

Instar ao Goberno Municipal para que inicie conversas coa Xunta de Galicia na seguinte dirección:

1.- Que a Xunta se faga cargo do Hospital da Cruz Vermella en Vigo dada a súa utilización para camas terminais e unidade de Hemodiálises.

S.Ordinaria 29.11.04

2.- Que estude os seus usos futuros como infraestrutura sociosanitaria (Residencia 3ª Idade, pisos tutelados para persoas maiores, etc.) dentro das necesidades da nosa cidade."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 22 de novembro, quedou enterada do contido das anteriores mocións.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non podemos deixar de facer un pouco de historia respecto dun hospital que en Vigo no seu momento foi emblemático como é o Hospital da Cruz Vermella. Recentemente como todos sabemos estamos a ler noticias na prensa escrita e noutros medios que nestre intre a ONG da Cruz Vermella estalle resultando ruinoso manter os centros sanitarios que ten ó longo do Estado e na década pasada foi desprendéndose sucesivamente dunha serie de hospitais e agora en todo o Estado quedan concretamente dez centros, que aproximadamente son 1.000 camas e 750 traballadores, que na súa maior parte están concertados cos servizos sanitarios das diferentes autonomías e maioritariamente atenden problemas socio-sanitarios, procesos crónicos, así como dialise e ciruxía ambulatoria.

No caso de Galicia o hospital da Cruz Vermella está na nosa cidade é dase a casualidade que precisamente foi neste Concello no ano 1943 onde se asinou un acordo co Ministerio da Gobernación de entón polo que se cedía o terreo para a súa construción. Un dos puntos do acordo falaba que este hospital non podería cambiar de usos nin se podería producir o alleamento do edificio, se non ese solar voltaría ser municipal.

Actualmente as 70 camas do hospital da Cruz Vermella están concertadas coa Xunta de Galicia e presta servizos a toda a área sur, maioritariamente á cidade de Vigo. É un centro de longa estancia onde se ofrece atención a persoas maiores con dependencia funcional, así como a enfermos crónicos que precisan asistencia a moi longo prazo.

Actualmente a Xunta de Galicia recoñece que os centros socio-sanitarios son claves para coberturas deste tipo nunha poboación que como a galega que neste intre ten o 22% de persoas maiores de 65 anos.

Na nosa cidade o Hospital da Cruz Vermella ten unha longa historia e coas súas 70 camas e 54/57 traballadores, dos que coido que trinta persoas son persoal con carácter estable e as outras son traballadores eventuais. É un recurso punteiro en canto a eficiencia e custo-eficacia e está considerado como o primeiro recurso socio-sanitario nestes momento como hospital de longa estancia.

É dicir, esta cidade non se pode permitir o luxo de que o Hospital da Cruz Vermella pase en ningún momento a mans privadas porque perderíamos un recurso socio-sanitario da máxima importancia e como tamén todos sabemos

non é o mesmo que este hospital estea en mans privadas porque os concertos coa Xunta de Galicia sempre serían diferentes que se fose dunha ONG.

É por iso que pedimos ó Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos: Que este Pleno manifieste a súa oposición á venda ou calquera tráfico económico que se poida realizar co hospital da Cruz Vermella. Expresar á Cruz Vermella que se manteña o actual uso como centro sociosanitario - hospital de longa estancia. Reclamar á Xunta de Galiza que realice as xestións precisas para que o centro continúe prestando os seus servizos na rede sanitaria pública.

Tamén queremos facernos eco en todos estes acordos da problemática que hai en todos os hospitais do Estado para manifestar a nosa total oposición á venda dos hospitais da Cruz Vermella.

SRA. SÍO LOURIDO: Quería propoñerlle á Sra. Méndez un acordo, porque eu teño unha moción a continuación que no fondo creo que quere acadar o mesmo aínda que teño que facer algunhas precisións.

A primeira é que por unha información que tiveren despois de facer a moción, que ten que ver coa negociación non da venda, porque non é exactamente unha venda dos hospitais da Cruz Vermella, ven da negociación do sindicato maioritario. O que a Cruz Vermella traspasa é a titulariedade na xestión dos hospitais.

A segunda cuestión é que a xestión dos hospitais seguirá a ser privada como o ven sendo ata o de agora, outra cousa é que sexa concertada como ten a Cruz Vermella no hospital de Vigo.

O arrendamento inicial dos edificios da Cruz Vermella é por vinte anos. Por exemplo, a Cruz Vermella en Vigo ten un concerto da unidade de hemodialise; se o concerto está vixente, seguirá vixente no futuro con quen se faga cargo do hospital.

O labor dos hospitais da Cruz Vermella por condición imposta pola mesma Cruz Vermella seguirá a ser asistencial ou de hospitalización como na actualidade.

Todos sabemos que é un servizo concertado, que ten concertadas 69 das 70 camas que ten e que maioritariamente atende a enfermos de longa hospitalización ou enfermos terminais da nosa zona de influencia, como ben di a Sra. Méndez, pero é un servizo concertado.

A nosa proposta non vai na dirección de que seiga a ser concertado, senón que o Sergas se faga cargo directamente da súa xestión e que o hospital pase a formar parte, como acaece noutras comunidades autónomas e como están a negociar no País Vasco, no Principado de Asturias e temos noticias de que tamén en Andalucía, da rede sanitaria pública nesta zona sur de Galicia.

Por tanto non é venda o que se quere facer co Hospital da Cruz Vermella senón traspaso de titulariedade polo que coido que os puntos da moción cambian significativamente. A Cruz Vermella pon como condición que se manteña o seu uso asistencial ou de hospitalización; tamén está iso na súa moción e cremos que de feito xa é así.

Ademais non reclamamos só que sega prestando atención na sanidade pública como concertado, senón que sexa do Sergas e como este cambio de titulariedade na xestión tería vixencia por vinte anos, que na nosa área concretamente se estuden posibilidades socio-sanitarias e asistenciais que vaian máis alá das sanitarias propiamente ditas, que se use como servizo de pisos tutelados para persoas maiores ou que se estude o seu uso como residencia da terceira idade na área sur de Galicia.

En todo caso, en canto ó seu terceiro punto, cremos que non ten sentido porque non é o Goberno central quen ten competencias neste asunto, senón que son os servizos de saúde das comunidades autónomas os que están traballando en cada hospital aínda que o traspaso da titulariedade estase tratando a nivel de todo o Estado.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu quería saber cal é a moción porque en principio mesmo parecen contradictorios os termos das mocións.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Eu non sei se a Sra. Sío entendeu a moción, ó mellor é que eu expreseime mal. Cando falamos de tráfico económico sabemos perfectamente que a Cruz Vermella coma ONG non pode en ningún momento vender o seu patrimonio porque hai normas nese sentido, entón nós sabemos que o que quere neste intre a Cruz Vermella é transferir a xestión deses centros. É máis, no caso de Vigo concretamente non pode vendelo porque ese solar é deste Concello por acordo do ano 43.

Por outra banda efectivamente o que pretende agora Cruz Vermella é transferir a xestión e eu non sei se se entende que no primeiro acordo, que para nada son contradictorios, Sr. López-Chavez, di concretamente venda ou calquera tráfico económico. Entendemos como tráfico económico o traspaso da xestión.

Segundo, dise que se exprese á Cruz Vermella que se manteña o actual uso sanitario. Sabemos que neste intre hai catro empresas compradoras, tres das cales son de usos sanitarios, son mútuas e mesmo hai algunha mútua que non é española senón dun país europeo, pero sabemos que unha das empresas adícase a uso inmobiliario.

Respecto ó terceiro punto que é reclamar da Xunta que realice as xestións precisas, o que estamos a dicir é que a xestión da Cruz Vermella pase a ser da Xunta, porque falamos da rede sanitaria pública e falamos de Xunta e non

de Consellería de Sanidade porque é un centro socio-sanitario e o que queremos é que a Xunta se faga cargo da xestión da Cruz Vermella.

Evidentemente cando falamos no cuarto punto de nos dirixir ó Estado, sabemos que neste intre xa pertence a unha serie de comunidades autónomas; é máis o día 1 en Xixón hai unha manifestación convocada por todos os partidos políticos e todos os sindicatos para reivindicar que o Hospital da Cruz Vermella sexa asumido pola Comunidade Autónoma.

Eses son os nosos acordos e en último lugar, Sra. Sío, dicirlle que non estamos precisamente de acordo co segundo punto que vostede propón de que pase a ser residencia de terceira idade ou pisos tutelados porque nestes momentos, e falo con coñecemento de causa, necesitamos moitísimas máis infraestructuras socio-sanitarias pero si que necesitamos un hospital de longa estancia entendido como tal porque non hai ningún en Vigo. Digo con coñecemento de causa porque traballo no hospital Nicolás Peña que é un centro de media estancia e non está considerado como centro de longa estancia o que si ocorre co Hospital da Cruz Vermella. Se convertimos en pisos tutelados á Cruz Vermella quedámonos sen hospital de longa estancia e hai outros medios, está o edificio do Rebullón, pódense construír eses pisos e hai que lle pedir á Xunta de Galicia que invirta no tema socio-sanitario. Precisamente a Cruz Vermella debe continuar cos usos que ten.

SRA. SIO LOURIDO: Eu dicía no último punto da miña moción que se estudasen os seus usos futuros como infraestructura socio-sanitaria, non hoxe nin mañá, usos futuros.

Ademáis quero dicirlle que o Hospital da Cruz Vermella débese a unha cesión polo Concello ó Ministerio da Gobernación, como vostede di; pero esa cesión é en concepto de censo reservativo que non sei se sabe que é un concepto bastante claro e que pode que non estea vixente polo momento, polo menos no rexistro de Patrimonio do Concello non consta que este edificio nin o seu solar sexa noso. Iso coido que o temos claro as dúas, entón tamén temos claro que non é unha venda senón que é un cambio de titulariedade na xestión.

Vostede mantén o seu cuarto punto como está e a min gustaríame que se precisase no terceiro punto que sexa a Xunta de Galicia directamente. Eu asumiría como o seu terceiro punto o meu primeiro punto, que se inclúa o meu segundo punto e que se elimine o seu cuarto punto porque non me parece que teña sentido.

SRA. MENDEZ PIÑEIRO: Ó mellor non se entendeu pero no terceiro punto eu quero dicir que se asuma pola Xunta de Galicia a xestión do Hospital da Cruz Vermella.

SRA. SÍO LOURIDO: Vostede no seu terceiro punto di que a Xunta de Galicia realice as xestións precisas para que o centro continue... Nós queremos que continue e que ademais se faga cargo directamente a Xunta de Galicia.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Queda claro, ó mellor aquí non se expresou pero eu era o que pretendía e falámolo coa xente do comité. Acéptase ó seu clarexamento.

Evidentemente en canto ó de nos dirixir ó Goberno do Estado, en determinadas comuniades non pinta nada, iso tamén é real.

SRA. SÍO LOURIDO: Tamén engadir ó meu segundo punto "para o futuro", se é posible.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non creo que sexa prudente nestes momentos, persoalmente non estou de acordo con o seu segundo punto porque o que queremos é que no futuro se fagan máis infraestructuras pero que o hospital da Cruz Vermella continue sendo de longa estancia, coido que iso é o que queremos as dúas.

A PRESIDENCIA: Nós estamos de acordo en que sexa un centro de longa estancia que, como ben sabe a Sra. Sío, non é o mesmo que unha residencia asistida nin un piso tutelado.

Durante o curso do debate as dúas propoñentes, Sras. Méndez Piñeiro e Sío Lourido, acordan someter a votación a proposta que figura na parte dispositiva.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Reclamar da Xunta de Galicia que se faga cargo da xestión directa do Hospital da Cruz Vermella en Vigo para que o centro continue a prestar os seus servizos na rede sanitaria pública, dada a súa utilización para camas terminais e unidade de hemodialise.

Segundo.- Instar a que se manteña o actual uso como centro sociosanitario-hospital de longa estancia.

25.- (315).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE CREACIÓN DUN SERVIZO ONDE OS CIDADÁNS POIDAN EXPRESAR AS SÚAS VONTADES ANTICIPADAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Vense suscitando nestes momentos o debate sobre o dereito dos cidadáns a morrer dignamente e sobre a liberdade individual para decidir sobre os tratamentos médicos, en situacións límite, que poidan ser aplicados.

En Galicia, a Lei 3/2001 do 28 de maio, sobre normas reguladoras do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, dedica o seu Título II á protección dos dereitos relativos á autonomía da decisión. Desta maneira, establécese o procedemento para regular as Vontades Anticipadas deixadas en previsión de posibles situacións futuras nas que sexa imposible expresalas de forma persoal.

Posteriormente a Lei Estatal 41/2002 do 14 de novembro, reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica incorpora novos aspectos e, entre eles, o respecto ás decisións sobre a saúde adoptadas de forma anticipada polo paciente.

Dunha e doutra norma dedúcese que un documento de Vontades Anticipadas é aquel no que unha persoa expón as instrucións relativas ao tratamento médico que desexa recibir e que se deben ter en conta cando se atope nunha situación na que as circunstancias que concorran non lle permitan expresar persoalmente a súa vontade.

A Lei galega no seu artigo 5 di que a declaración de vontades anticipadas deberá formalizarse mediante algún dos procedementos seguintes:

- a) Ante notario.
- b) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar.

Non obstante, a pesar do desenvolvemento normativo, non se materializou o exercicio efectivo do dereito coa creación dun rexistro, nas instancias sanitarias, no que se poidan inscribir os documentos de Vontades Anticipadas.

Polo exposto consideramos que o Concello podería desenvolver actuacións encamiñadas á difusión e efectividade do dereito, recoñecido legalmente, á formalización do documento de vontades anticipadas.

Por todo o exposto propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Que se habilite no Concello un servizo para que os cidadáns poidan expresar as súas vontades anticipadas, con posterior traslado á administración sanitaria."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Esta moción non teoriza sobre grandes proxectos pero si tenta achegar calidade de vida nesas grandes miudezas que deberían conformar o lado amable do vínculo que deberíamos manter constante e diariamente coa sociedade.

A través do documento de instrucións previas, vontades anticipadas ou testamento vital, porque calquera destes termos son utilizados para se referir ó mesmo, unha persoa manifesta anticipadamente a súa vontade co obxecto de que esta se cumpra no momento en que chegue a situacións en cuxas circunstancias non sexa quen de expresala persoalmente sobre os coidados e o tratamento da súa saúde.

Tanto a lexislación nacional coma a autonómica que neste sentido foi pioneira, recolleu este dereito, pero é necesario que exista un procedemento axeitado e eficaz que garanta o cumprimento das instrucións previas.

A falla de información, a ausencia neste momento de rexistros, lévanos a documentos erráticos que impiden o libre exercicio deste dereito por parte dos cidadáns.

O Grupo parlamentario socialista presentou unha proposición non de lei instando á creación do Rexistro nacional de instrucións previas que a Lei estatal de 2002 creou e sen embargo aínda non foi desenvolvido nin feito efectivo.

Sen embargo a Comunidade Autónoma mesmo, malia seren anterior a súa lexislación (2001) e existindo xa exemplos noutras Comunidades Autónomas coma Cataluña e Andalucía, aínda non fixo efectivo o dereito a través da creación do Rexistro sanitario.

O noso Grupo municipal é consciente de que o Concello carece de competencias para poder asumir o que sería a solución definitiva a esta disfunción que existe entre o dereito recoñecido e o exercicio do mesmo que sería a creación do Rexistro, pero si coidamos que pode haber decisións que se adopten no seo deste Pleno que que poden servir como un certo mecanismo que garanta solucionar a disfunción que existe a través do que se solicita dentro da moción, que sería a creación dun servizo para que os cidadáns poideran expresar as súas vontades anticipadas con posterior traslado á Administración sanitaria, competente nesta materia.

Mesmo queredamos engadir ó contido desta moción a posibilidade de, dentro desas tarefas de promoción, facilitar un documento-tipo sobre o documento base de vontades anticipadas que poidera facilitar o labor do cidadán neste sentido.

SR. SOTO FERREIRO: Estou de acordo coa súa moción, Sra. Graña, porque entendo o que quere dicir e como o entendo e o sobreentendo, estou absolutamente convencido de que vostede supón que hai que facer informes previamente polos servizos técnicos competentes, pero dígallo ó seu compañeiro, Sr. Pérez Mariño, non sexa que lle faga unha emenda.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: En canto a esta moción quero dicir que trata da creación dun novo servizo. Este tema ten relación evidentemente coa protección por unha futura incapacidade e está vinculado ó que se denomina e xa se recolle nalgunha lexislación coma autotutela, cousa que mesmo non é algo novo posto que xa se falaba do tema nos anos vinte.

Hai que ter en conta que este tema das directrices anticipadas xa existe nalgúns países, nos anos 60 en Estados Unidos propúxose por un avogado de Chicago que quedase un documento no que calquera persoa poidera indicar o seu desexo de que non se lle aplicase un tratamento en caso de enfermidade terminal.

Tamén hai que ter en conta que en España existen leis autonómicas sobre o tema, mesmo a primeira foi a de Galicia, posteriormente a de Cataluña que copiou bastante a lexislación galega. Pero a lexislación galega establece unha serie de requisitos para o outorgamento deste documento de vontades anticipadas. Tamén a Lei estatal, a Lei básica reguladora da autonomía do paciente e dereito e obrigas en materia de información e documentación clínica regula co nome de instrucciones previas esta materia e contempla a creación no Ministerio de Sanidade dun Rexistro nacional de instrucciones previas que se rexerá polas normas que regulamentariamente se determinen previo acordo do Consello interterritorial do sistema nacional de saúde.

O que se pide nesta moción é habilitar no Concello un servizo para que os cidadáns poidan expresar as súas vontades anticipadas con posterior traslado á Administración sanitaria. Eu coido que isto presentaría graves problemas. En primeiro lugar, só existen dúas formas de manifestación desas vontades anticipadas: ante notario ou ante tres testemuñas. Non existe outro xeito de expresión desas vontades anticipadas, non cabe a posibilidade de que se expresen en oficinas administrativas, nin do Concello, nin de calquera outra administración pública. Coido que ademais non se recolle adrede porque é unha decisión persoal na que non se quere que interveña a administración, que afecta á autoprotección da persoa, á capacidade e non se quere que se administrativicen esferas privadas.

Polo tanto o texto coido que non se axeita ó que establece a Lei que vimos que sería máis que expresar esas vontades anticipadas, sería recibir esas vontades anticipadas.

Poderíase interpretar que neste servizo se recolleses sinxelamente eses textos elaborados coas formalidades que a Lei estableza e deixando o papel ou o sobre nesa oficina. O que coido que non sería admisible é que a oficina elaborase eses documentos que efectivamente existen; existen obxeccións, confesións relixiosas, iso que se chama testamento vital que non é exactamente un testamento se non se refiren os seus efectos ó momento do falecemento porque existiría o risco de coaccións, se hai un documento que se presenta para asinar semella que está limitando a liberdade de decisión desa persoa porque mesmo afecta á esfera íntima e polo tanto non debería ser un documento oficial entregado por unha administración pública; debe determinarse cal vai ser o documento en branco para cubrir os espazos que se queiran cubrir por ese particular.

Unha vez que esa persoa entregase ese documento, que o máis correcto sería que o redactase el, haberíao que levar materialmente, fisicamente ó centro médico correspondente. A oficina sinxelamente sería unha oficina de traslado de documentos do Concello ó Xeral e esta sería a verdadeira razón da existencia desta oficina: recibir documentos e trasladalos.

Coido ademais que a creación desa oficina crearía confusión porque é un servizo que semella que fronte ó administrado crea novas funcións cando unicamente é que en troques de ir ó Xeral e entregarlle o papel ó médico de cabeceira, entrégase no Concello para que o leve ó médico de cabeceira. Ademais existiría outro problema que é que burocratizaría máis aínda o outorgamento destas vontades anticipadas porque a Lei galega establece que quen entregue o documento no centro sanitario sexa o propio interesado, un familiar ou representante, de tal xeito que sería necesario seren representante desa persoa, é dicir, esa persoa tería que apoderar ben ó Concello, ben ó responsable dese servizo para entregar o documento.

Coido que a solución máis correcta é a creación dese rexistro nacional de vontades anticipadas e para iso é necesario que regulamentariamente o Ministerio de Sanidade elabore os textos correspondentes previo acordo do Consello interterritorial do sistema nacional de saúde. Ademais crearía problemas dende o punto de vista práctica xa que se unha persoa non está dentro dese sistema onde se insta un rexistro sanitario, descoñecería os demais. Efectivamente en Cataluña existe, mesmo existe un acordo a nivel do Colexio de Notarios e do Colexio Médico, de tal xeito que normalmente se expresa a vontade ante notario, aínda que polas referencias que eu teño poucos notarios recolleron ese documento de vontades anticipadas e a finalidade sería coordinar todo o servizo nacional para que se unha persoa se atopa nesa situación, poñamos que en Albacete, calquera médico ou calquera centro de calquera lugar onde teña o accidente, saiba que existe ese documento.

Crear este documento, crear unha oficina no Concello, crear a aparencia de que damos un plus de máis legalidade a ese documento cando só o recibimos para o seu traslado e ademais precisando un poder desa persoa para o levar ó Xeral e entregalo sinxelamente para o seu historial clínico, coido que é innecesario.

Pódese fomentar ou dar divulgación á existencia desta Lei, deste documento de vontades anticipadas pero doutro xeito seríamos sinxelamente un medio para recoller o documento e trasladalo e para iso precisaríamos un poder por parte da persoa que entrega o documento no Concello.

SRA. GRAÑA BARCIA: Coido que efectivamente se entendeu o contido da moción. En ningún caso se está formulando, porque sería imposible, a creación dun rexistro municipal e efectivamente, o cometido deste servizo sería ser depositario dese documento para o seu traslado á administración sanitaria. Dende o noso punto de vista, por iso presentamos esta moción, entendemos que isto mellora a posibilidade de eficacia dese documento. Mesmo puxémonos en contacto con distintas asociacións vinculadas a este tema e parecélles unha suxestión oportuna.

Outra cousa é a valoración que poidamos facer dese servizo unha vez posto en funcionamento, que poidamos chegar á conclusión, ben porque a lexislación avanza ou se desenvolve, de que xa non sería necesario manter o mesmo ou que sería ineficaz en canto efectivamente non exista atractivo para o cidadán acudir ó Concello e utilizármonos para este servizo. Pero coidamos que canto menos debe intentarse e existir un achegamento nese sentido.

(No momento da votación está ausente o Sr. Domínguez Olveira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Fernández Davila, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, e nove votos en contra dos Sres. e Sras. Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, sobre creación dun servizo onde os cidadáns poida expresar as súas vontades anticipadas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

26.- (316).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE CONSTRUCCIÓN
DUNHA NOVA DEPURADORA EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de novembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, formula a seguinte moción:

"Dende a súa creación no mandato do goberno presidido por D. Manuel Pérez, a Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo (EDAR) veu dando problemas para o seu correcto funcionamento. Ben pola súa falla de dimensión, ben pola propia concepción da devandita planta, dende os primeiros momentos as queixas dos veciños de Coruxo, onde se atopa enclavada, foron e seguen a ser recorrentes.

A subsanación dos seus fallos como obxectivo prioritario en materia medioambiental por parte do Concello foi un compromiso adquirido polo anterior goberno municipal e seguiu a ser asumido polo actual.

Daquela, pode dicirse que hai un acordo expreso entre tódolos grupos políticos presentes na actual Corporación Municipal neste senso, e que é vontade e desexo de todos que a reparación se faga canto antes e nas mellores condicións posibles, como así foi ratificado sempre que este asunto se tratou en sesión plenaria.

Non obstante, queda un paso importante por dar que no seu día non se tivo en conta polo goberno municipal que negociou coa Xunta e coa Unión Europea a construción da EDAR e que sería desexable ter en conta para a futura instalación que todos, técnicos e políticos, sabemos que é preciso facer en Vigo para dar cumprida conta das necesidades de depuración que segue sen cubrir a actual planta e as que o crecemento da cidadada deparará no inmediato futuro.

Este paso é o da declaración de interese xeral dunha nova depuradora para Vigo que teña o mesmo carácter que xa conseguiron as de outras cidades galegas, como Lugo ou Santiago de Compostela por citar só algunhas. Para iso é preciso o acordo entre varias administracións, que permita a financiación extraordinaria que esta obra requirirá.

Por todo o anterior, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Que dende o goberno local se axilice a redacción do proxecto de obra dunha nova depuradora para Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia (organismo autónomo Augas de Galicia, SA) e se fagan os trámites precisos para dispoñer dos terreos necesarios.

2.- Que o goberno local dea os pasos precisos para a redacción e sinatura dun convenio suscrito polo Concello de Vigo, a Xunta de Galicia, a Confederación Hidrográfica do Norte de España e o Ministerio de Medio Ambiente, a fin de que sexa declarado de interese xeral a citada obra dunha nova depuradora para Vigo."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 22 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Con brevidade porque coidamos que os argumentos arredor da necesidade de mellorar a depuración de auga no noso Concello foron suficientemente debatidos sempre que se trouxeron a un Pleno, só queremos aportar algo máis para avanzar na procura da financiación externa para esa nova depuradora que noutras ocasión xa nos temos manifestados todos no sentido de que parece necesaria no termo municipal de Vigo.

Para que esa nova depuradora se poida facer sen que grave de xeito importante os orzamentos e os recursos da cidade de Vigo, temos inquerido ante os organismos correspondentes qué procedementos habería que facer e parece necesario facer o que se propón nesta moción que é que se chegue a un acordo entre as administracións que poden ter que ver con esta materia, que se faga un convenio para que se declare esa nova depuradora como de interese xeral.

Dese xeito poderían incorporarse nos orzamentos xerais do Estado recursos que puideran contribuir, xunto cos que a propia Xunta de Galicia e o propio Concello dispoñan, á asunción desta obra que sen dúbida, á parte de necesaria, será custosa e que para o próximo ano poida figurar nos orzamentos xerais do Estado.

Polo tanto non insisto nos argumentos, máis que coñecidos e asumidos, sinxelamente queremos aportar algo máis para facilitar a consecución diso que consideramos unha necesidade perentoria.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Eu non entendo o de aportar algo máis a qué. O grupo Socialista penso que non fai os deberes. Hai catro meses nun Pleno aprobouse por unanimidade a nova depuradora, vostede di que algo máis. Teño aquí a acta e no primeiro punto di "Que se axilice a redacción do proxecto dunha obra nova de depuradora de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia". No segundo punto "Que o Goberno local dea os pasos precisos para a redacción e sinatura dun convenio suscrito polo Concello de Vigo coa Xunta de Galicia, Federación Hidrográfica do Norte de España e Ministerio de Medio Ambiente".

Na moción que se aprobou por todo o mundo hai catro meses, nós pediamos establecer conversas coa Zona Franca ou co Porto para materializar a cesión dos terreos necesarios para a construción de xeito inmediato dunha nova depuradora en Vigo. Empezar negociacións coa Xunta de Galicia para que faga inmediatamente o proxecto da nova depuradora ó tempo que instrumentaliza os orzamentos precisos para a construír de seguido. Facemos unha modificación puntual do Plan Xeral vixente para legalizar convenientemente a instalación da depuradora e incluír a instalación desa depuradora no novo Plan Xeral.

Non sei que é aportar algo novo porque eu repítolle que no Pleno, nunha das intervencións, o Sr. Toba Girón dicía: "Entendemos que o sentido da moción é a urxencia do inicio da construción". Noutro parágrafo dicía: "Estamos de acordo coa moción pero apuntamos que xa dixo o meu compañeiro, Sr. Fernández, no Pleno pasado que...", por certo, tamén eu recoñecín que no anterior Pleno o Sr. Fernández mencionara e se aprobara o plan director e tamén a construción dunha nova depuradora.

A Sra. Porteiro dicía "A nosa posición é votar a favor a iniciativa dos señores de Democracia Progresista Galega porque evidentemente estamos a favor de que se mellore o sistema de depuración das augas de Vigo que é absolutamente insuficiente e quen lles fala dío con verdadeiro coñecemento de causa". Noutro parágrafo tamén di: "Quixeramos tamén por seren rigorosos e insistindo en algo que facemos a decote coas iniciativas doutros grupos e que temos que facer coas nosas, que os acordos que se tomen sexan realizables, executables e non declaracións de intencións políticas".

Tamén di: "Non podemos esixirlle á Xunta de Galicia que faga inmediatamente nin o proxecto nin a construción dunha nova depuradora. Se é en terreos da Zona Franca ou do Porto, adiante, pero que se basee nalgo esa decisión. Polo demais votaremos a favor pero nos gustaría que vostedes considerasen esas achegas que lles vimos de facer". "Fágolle tanto fincapé nisto non por non ter ganas de lle votar a favor desta iniciativa que vostede sabe que a temos".

Non lles vou aburrir con todo o que di aquí. Ó final o acordo di: por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constituen de dereito e de feito, acórdase 1º. Establecer as conversas precisas coa Zona Franca e a Autoridade Portuaria, logo da realización dos correspondentes estudos técnicos, para contemplar a posibilidade da instalación dunha nova depuradora nos seus terreos. 2º. Empezar negociacións coa Xunta de Galicia para que faga inmediatamente o proxecto dunha nova depuradora, ó tempo que instrumentaliza os orzamentos precisos para construíla de seguido. 3º. Facermos unha modificación puntual do PXOM vixente para legalizar convenientemente a instalación da depuradora. 4º. Seguirmos a incluír a instalación desa depuradora no novo Plan Xeral."

En canto ó que dicía vostede de aportar algo novo, se isto non é copiar que veña Deus e o vexa. Vostedes teñen a sorte de que os medios de comunicación os tratan ben, de feito o Sr. Ceniceros fai as exclusivas e di as portadas que se van facer, porque esta moción que se aprobou hai catro meses é unha moción importantísima para Vigo pero como nós somos un equipo pobre e pequeno non nos dan o caché que lles dan a vostedes que fan exclusivas e mesmo dictan os titulares.

Hai que vir aquí cos deberes feitos e vostedes xa levan ano e medio que non os fan nin estudan. Aínda que non ven a conto teño que dicir que vostedes teñen no seu grupo municipal tres castelán falantes e aínda despois de ano e medio non se atreven a falar en galego aínda que sexa un pouco. Polo menos poñan algo máis de vontade.

Se a Sra. Porteiro me dixera despois de catro meses: ¿Qué fixo o Goberno municipal nestes catro meses con respecto a esta moción? Aplaudiría a súa moción, esixirlle ó Goberno municipal que explique o que fixo nestes catro meses porque eu tamén lle podo dicir que non sei se fixeron algo ou non despois de estar aprobada. Iso sería unha boa moción, non propoñer unha cousa que xa está proposta e aprobada, un acordo adoptado por unanimidade. Non o entendo, non sei se se pode facer ou non.

Hai un momento dicía o Sr. Fernández que hai que facer cousas porque para iso estamos aquí e ten toda a razón do mundo. Estamos aquí para facer cousas, non para copiar as cousas dos demais e presentalas.

Eu son moi respectuoso coas miñas decisións e, igual que hai un momento dicía o Sr. Domínguez Olveira que todo o mundo aprobou por unanimidade o acordo da praza de Compostela e é mentira porque eu marcheime porque non estaba de acordo con iso, dígolle que se non retira vostede a moción porque isto xa está aprobado, eu no momento de votar levántome e marchoo porque isto está xa aprobado o que hai é que facelo e facelo xa.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Só por clarear, é probable que estea redactada dun xeito confuso esta moción, Sr. Alonso. Acaba de dicir que non entende o que aquí se expón e quero pensar que está mal expresado pero quero que saiba que estamos a propoñer algo novo, propoñemos unha vía de financiamento que non existe neste momento. Dígalle ós seus asesores, que tantos ten o seu partido, que lle expliquen o que significa a declaración de interese xeral para unha obra desas características e así comprenderá perfectamente que sen este paso previo non podemos pedir financiación ó Estado.

As depuradoras de Lugo, de Santiago, da Coruña si que o teñen e é así porque previamente se fixo este convenio entre administracións.

Polo tanto retire vostede a acusación de copia porque esta concelleira humildemente pode ter inspiracións semellantes ás súas nalgunha ocasión e coincidir con vostede, o que non lle debería sentar mal pero de copia nada, aquí hai una iniciativa e por tanto algo novo que nunca se fixo neste Concello e que coido que realmente significa un avance para acadar aquilo do que estamos a falar.

E dendo logo non creo que a depuradora nin a súa defensa sexa patrimonio de ningún grupo político, tampouco do seu. Recoñézanos a todos os demais polo menos o mesmo interese e, por favor, non nos dean máis clases de cómo facer

oposición porque cando queiramos facer un cursiño non llo imos pedir a vostedes.

SR. FIGUEROA VILA: Todo o que sexa apoiar propostas sobre a depuradora nós ímolo facer pero tamén nos gustaría deixar claro cal é o traballo que fixo o Goberno ata o momento.

Aquí hai dúas partes perfectamente diferenciadas. Unha é a situación da actual depuradora que é un problema que os veciños veñen padecendo dende hai moitos anos polo que sexa, eu creo que ese debate está superado nestes momentos. Houbo un investimento importante e un proxecto constructivo que parece ser que non cumpríu as expectativas; analizámolo con detemento e quedouse en facer un proxecto de reparación desa depuradora, houbo un convenio con Augas de Galicia que se licitou dende xuño do 2004 por un importe de 2.263.000 euros, adxudicouse á finais de xullo ou principios de agosto á empresa COPASA, nestes momentos ten un período de reparación ou como lle queiran chamar de nove meses que rematará aproximadamente en abril ou maio e nestes momentos as obras están en marcha.

A maiores dende o Concello se está facendo un control desas obras e tamén se detectaron unha serie de temas que se poden incluír, que xa se remitiron a Augas de Galicia e que esperamos que dentro dese 20% que hai dun proxecto de reformado ou modificado se poidan incluír dous ou tres aspectos que os técnicos salientaron.

Mentres tanto houbo unha serie de xuntanzas cos técnicos, cos afectados pola depuradora con todos os dereitos e toda a razón que tiñan porque era claro e evidente que a depuradora tiña uns cheiros insoportables. A partir daí se chegou a unha serie de acordos con eles que neste intre os propios afectados, se queren acudir á depuradora teñen a posibilidade do facer pedíndoo previamente; tamén están a facer o control desas obras.

Hai un mes e medio aproximadamente tivemos unha xuntanza con todos os afectados, os técnicos dos afectados, os técnicos municipais, os de COPASA, de Augas de Galicia e fíxose un repaso e unha supervisión da situación na que ían as obras.

Nós, como goberno, esperamos que esas obras resolvan o problema. Tamén digo con toda franqueza e díxenllo ós veciños que esperamos que esas obras resolvan os problemas, eu non son técnico pero temos que nos fiar dos informes que nos dan os técnicos e da súa supervisión. Coido que o control se está a facer rigoroso e esperamos que ese proxecto cumpra coas demandas que no seu día se presentaron.

A maiores hai algo claro que din os propios técnicos e que o Goberno ten asumido: esa depuradora é insuficiente para o caudal deste momento na cidade de Vigo e hai que facer unha nova. Iso xa o aprobamos nun Pleno e

todos estamos de acordo nesta análise, nón só porque a fagamos os políticos, senón porque hai informes técnicos que avalan esta proposta.

A partir daí dende o Concello empezamos a traballar. Moitas veces non damos información porque cando uns veciños están a sufrir unha serie de deficiencias que dende aquí parece que estamos resolvendo os temas e pasando información ós medios de comunicación, eu non son partidario e a Alcaldesa e o Goberno tampouco, de adoptar esas posturas porque parece como se estiveramos a meter os dedos nos ollos a uns veciños que están sufrindo un problema.

Estance facendo os traballos e as xestións a nivel interno para que o problema da nova depuradora se resolva e a mellor maneira do facer é con datos, con papeis e con acordos dos órganos correspondentes do propio Concello.

Así, aínda que non o fixemos público, o 12 de xullo fíxose unha solicitude dunha nova depuradora ó Conselleiro de Medio Ambiente e non só se lle enviou un escrito da propia Alcaldesa, senón que ese mesmo día había unha Xunta de Goberno e tomouse un acordo fóra da orde do día para que non se confundise á opinión pública nin se pensase que estaba resolto o problema: Punto 37, "Dar conta da petición dun estudo sobre a necesidade dunha nova depuradora e a mellora da rede de saneamento".

A partir daí o conselleiro toma boa nota e o 10 de agosto de 2004 ven a Vigo e asina un protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente para determinadas obras hidráulicas. Dentro dese protocolo a primeira estipulación di: "As actuacións obxecto do presente protocolo xeral de colaboración son as seguintes: redacción dun estudo que comprende predeseñar as actuacións que servan de solución ós problemas futuros da estación depuradora de augas residuais, EDAR, de Vigo".

O deseño deste estudo adxudicouse á empresa GOC e neste momento dinnos que están a punto de rematar e que estará nun mes e medio ou dous ese estudo sobre cáles son as necesidades, a demanda, cal sería a posible ubicación, etc. Pero ademais a raíz dese moción da que fala fixéronse unha serie de xestións e o propio concelleiro fixo unha xestión por carta coa ministra, D^a Cristina Narbona, o 18 de outubro de 2004, que di: "A Comunidade autónoma está a estudar neste intre a necesidade de ampliación do tratamento de augas residuais de Vigo nos próximos anos. Neste sentido recentemente licitou o estudo denominado "Estudo das necesidades futuras de depuración no municipio de Vigo". En consecuencia e tal como te comentei na nosa última xuntanza, solicitamos formalmente que o saneamento integral de Vigo sexa declarado de interese xeral do Estado, comprometéndose a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente a aportar o 15% de co-

financiación para a realización das obras de tratamento de augas residuais que fose necesario. Agradecendo de antemán a túa colaboración, recibe un cordial saúdo."

E non só isto, senón que o día que a ministra visitou Vigo, nunha conferencia que deu no Club Financeiro na que estaba presente algún compañeiro da Corporación, a propia alcaldesa trasladoulle un informe á ministra e mesmo preguntoulle publicamente cales eran as posibilidades do Ministerio de Medio Ambiente para a construción dunha nova depuradora.

Creo que se están a dar todos os pasos, pero de todos os xeitos repito que nós imos votar esta moción porque consideramos que todo aquilo que poida incidir na construción dunha nova depuradora canto antes evidentemente imos apoialo e ademais esperamos que este estudo nos diga cal é a situación para adquirir aquí un compromiso de que no período de alegacións, dentro do Plan Xeral, se contemple como xa se falou con todos os voceiros e penso que hai un acordo con eles nunha reunión de seguimento do Plan Xeral de que cando tivésemos o estudo desta nova ubicación incluila dentro do Plan Xeral para a aprobar definitivamente.

Isto é o que podo informar e teñen todos vostedes e os veciños tamén os nosos datos á súa disposición que repito que non os fixemos públicos porque consideramos que é un tema que afecta á saúde e nestes momentos os veciños que están a sufrir esta situación teñen unha serie de reivindicacións e demandas e parecíanos que estes traballos hai que os levar dun xeito discreto para os poder concretar.

Dicirlles tamén que nas conversas que hai da propia alcaldesa co Concelleiro de Medio Ambiente e máis coa ministra, quen en ningún caso dixo que non, senón que estudaría o tema e supoño que haberá unha resposta cando ese estudo se presente, en primeiro lugar á Corporación porque somos quen temos que tomar a decisión e logo remitilo á Xunta de Galicia e ó propio Ministerio de Medio Ambiente.

Isa é a situación real, sen facer ningún tipo de demagogia e contando tal como están os datos e mailos informes enriba da mesa.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: A Sra. Porteiro pídemelo que retire o que dixeste de copiar. No primeiro apartado que vostede ten, gustaríame que o secretario e vostede mesma, Sra. Alcaldesa, me dixeran se isto é o mesmo ou non. No punto un di: "Que dende o goberno local se axilice a redacción do proxecto de obra dunha nova depuradora para Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia", e no punto dous di: "Que o goberno local dea os pasos precisos para a redacción e sinatura dun convenio suscrito polo Concello de Vigo coa Xunta de Galicia".

Na moción que está aprobada, no apartado dous pon: "Emprender negociacións coa Xunta de Galicia para que faga inmediatamente o proxecto da nova depuradora ó tempo que instrumentaliza os orzamentos precisos para a construír".

Xa non lle leo os outros tres puntos pero coido que é o mesmo e sego sen entender por qué se vota unha cousa que xa está votada. Alégrome moito do que di o Sr. Figueroa do avanzado que está o proxecto que parece que va por bo camiño pero entón qué sentido ten volver votar unha cousa que xa está aprobada. Sinceramente, se se vota eu levántome e voume.

A PRESIDENCIA: Voulle explicar. A financiación non é posible aínda que sumemos os orzamentos da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo para levar adiante esta obra. É necesario que os fondos europeos fagan a súa aportación e é posible que sexa do 80 ou 85%. Temos o compromiso da Xunta de Galicia de que aportará o 15%, por tanto, para que sexa posible ese financiamento do 85% dos fondos da Unión Europea, o Ministerio ten que a declarar de interese xeral, por iso é preciso volver votala porque aínda que estea pedida ó Ministerio, na anterior moción non se presentaba como declarada de interese xeral.

Como o que abonda non dana, á parte da pedir o conselleiro e da pedir au mesma, é bo que este Pleno se pronuncie votándolla de interese xeral.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Quero dicirlle ó Sr. Alonso que non vou retirar absolutamente nada, que faga o que considere oportuno e en todo caso gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, vostede pode opinar o que lle pete que é o seu dereito e os demais o seu pero volvo dicirlle que acabamos de falar da alta velocidade, non sei cantas cousas se falan neste Concello que, entre persoas intelixentes, se sobreentende que se dan todos os pasos legais, procedimentais e mesmo solicitudes que en moitos casos son outros os que estiman quen ten que pedir, non é o Concello de Vigo quen ten que dicir como vai ir o financiamento. A Xunta de Galicia e máis o Goberno de España son quen teñen que dicir que non teñen suficiente financiación e pedila en Bruxelas do xeito que vexan, nunca o Concello de Vigo. Eu levántome con Xulio Alonso, voten vostedes.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Domínguez Olveira e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, sobre construción dunha nova depuradora en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

27.- (317).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE OS INGRESOS PROCEDENTES DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de novembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Os municipios galegos reciben da Comunidade Autónoma ingresos procedentes do Fondo de Cooperación Local. O Concello de Vigo, para o ano 2005, sinala no borrador de orzamentos a cantidade de 4.120.000 €.

O Decreto 373/90, do 31 de maio, crea o fondo de Cooperación Local baixo os criterios de cooperación e solidariedade territorial. Con posterioridade, a Lei 2/2002, do 29 de abril, de orzamentos da Comunidade Autónoma, introduciu cambios normativos de especial relevancia convertendo o Fondo de Cooperación Local nun mecanismo de participación nos tributos da Comunidade Autónoma.

Por tanto, actualmente, o Fondo de Cooperación Local representa unha porcentaxe pouco significativa de todos os recursos autonómicos que deberían recibir os municipios, agravada esta situación pola distribución discrecional, plenamente lexitimada orzamentariamente, de fondos a través de subvencións e convenios.

A conclusión é obvia. O reparto discrecional de recursos públicos por parte da Xunta a través de convenios e subvencións prima de forma importante sobre a distribución insuficiente pero regrada do Fondo de Cooperación Local.

Podemos valorar que a funcionalidade do Fondo de Cooperación Local está desvirtuada e non só polo seu pouco peso nos ingresos municipais, senón pola súa escasa entidade nos orzamentos autonómicos, nos que se destacan recursos cuxo reparto é de carácter non regrado.

En concreto, se ben os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2005 contemplan un incremento do 8,6% con destino ó Fondo de Cooperación Local, con respecto ós orzamentos do ano 2004, incrementáanse nun 53,40% as transferencias non regradas ós Concellos, mentres que o Fondo de Cooperación Local sofre unha redución dun 10% no seu conxunto.

Por todo o exposto propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Se solicite á Xunta de Galicia o incremento da dotación destinada ó Fondo de Cooperación Local nos orzamentos do ano 2005."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 22 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: A proposta que se contén nesta moción e que cuantificaremos neste intre, solicita o incremento da dotación destinada ó Fondo de Cooperación Local instando tal petición perante a Xunta de Galicia para a súa previsión nos próximos orzamentos do ano 2005. En concreto estimamos que a cuantificación desta petición debe estar no 50%.

A proposta basease en dous argumentos. Por unha banda mentres as competencias efectivas dos Concellos en áreas cuxa competencia reside nas comunidades autónomas vai en constante incremento, paralelamente non se está incrementando de xeito proporcional a participación por parte dos Concellos nos ingresos das comunidades autónomas.

En segundo lugar e coidamos que o máis importante e sobre o que debemos de nos pronunciar e incidir, o proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2005, en canto ó sistema obxectivo e regulado que contén o Fondo de Cooperación Local perdeu importancia respecto ás transferencias ós Concellos vía convenios, axudas, subvencións, por parte das distintas consellerías. Instrumentos estes que non respostan en absoluto a criterios obxectivos senón a criterios discrecionais, consolidando por tanto políticas clientelares e evitando que se consolide o auténtico instrumento obxectivo e regrado que se contén nos orzamentos que é o Fondo de Cooperación Local.

Os números claramente reflicten esta realidade, concretamente no proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2005, se ben se contempla un incremento do 8,6 con destino ó Fondo de Cooperación Local con respecto ós orzamentos do ano 2004, increméntanse un 53,40% as transferencias non regradas ós concellos mentres que o Fondo de Cooperación Local sofre unha redución do 10%.

Por tanto estimamos que, posicionándonos tamén respecto á existencia de instrumentos non regrados que consolidan políticas clientelares, debemos subscribir esta petición de incremento do Fondo de Cooperación Local ata un 50%.

SR. TOBA GIRÓN: Imos apoiar a moción do Grupo Socialista porque como ben se sabe xa no ano 2000 presentamos aquí unha moción reclamando ese Fondo de Cooperación Local do que daquela escandalosamente estabamos excluídos, asunto que se gañou nos Tribunais no seu momento.

Independentemente disto e a pesar de que a moción non formula unha cifra de incremento que non me atrevo a precisala porque a iniciativa é da Sra. Graña, imos votala aínda que non exista esa porcentaxe de crecemento que

polo menos paliara o escandaloso crecemento que, como anuncia a Sra. Graña, contemplan en transferencias non regradas ós concellos nunha política case que anticipativa da campaña das eleccións autonómicas, supoño.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar quero agradecer a presentación da moción á poñente, tómoa con espírito positivo e constructivo máis que nunca neste intre que, como todo o mundo sabe, cada euro é moi importante e venme moi ben. Por tanto e loxicamente como concelleiro de Facenda non teño outra cousa que apoiar a moción.

O único que quero comentar é que me parece un pouco voluntarista e que quizais este non sexa o foro real onde teñamos que discutir este tema. Vostedes saben que para a fixación dese fondo hai unha serie de criterios obxectivos que son poboación, dispersión en superficie, etc. e en base a iso establécese o fondo. Nós xa estamos a falar coa Xunta de Galicia para tratar de estirar o máximo posible ese fondo na medida das posibilidades e creo realmente que antes de que me presente aquí co proxecto do orzamento máis pechado, algunha novidade poderemos trasmitirlles e nesa liña estamos a traballar.

Tamén supoño en que todos os grupos están de acordo en que, o mesmo que imos pedir á Xunta de Galicia este incremento, pidamos tamén un incremento ó Goberno do Estado que é o noso principal subministrador de fondos e na mesma liña propoño que pidamos ós servizos estatais que haxa un incremento nos fondos que destinan ó Concello de Vigo o que me virá moi ben para cuadrar as contas.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Domínguez Olveira e a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, sobgre ingresos procedentes do Fondo de Cooperación Local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

28.- (318).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO SR. TOBA GIRÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE INSTALACIÓN DE VENDEDORES AMBULANTES NA RÚA MANUEL NÚÑEZ DURANTE Ó NADAL.

Este é un rogo breve pero que ten que ver cun rogo que xa lle fixemos hai un mes aproximadamente.

Rematadas e inauguradas as obras do aparcadoiro de Urzáiz (felicidades para todos e todos) preséntase un problema que nós dalgún xeito lles preguntamos por el nalgún Pleno pasado en relacións con persoas que se dedican á actividade comercial naquela zona, na rúa Manuel Núñez, rúa que aínda está á espera dun proxecto de remodelamento pero que en todo caso neste momento semella o mellor lugar para manter esas actividades, independentemente de que vostedes xa estean negociando unha nova situación, nun momento en que chegan as festas de Nadal e que polo tanto para estas persoas que viven efectivamente desas ventas e das que unha boa parte delas se producen precisamente nestas datas (todos mercamos algúns detalles neses postos), independentemente de que no seu momento vostedes rediscutan con eles mesmos unha nova situación diso que se chama "mercadillo" e que, por certo, xa estaba reflectido naquela ordenanza que seguramente lembran de regulación de mercado na rúa aprobada no ano 97 por iniciativa do Sr. Cortegoso, nela contemplábase nun anexo a existencia deste "mercadillo".

Pero independentemente diso e sen prexulgar unha nova situación, o que lles pregamos é que tendo en conta que chegan as festas do Nadal, que non hai tempo para promocionar un lugar alternativo, durante estas datas poidan permanecer na rúa Manuel Núñez que está pendente de obras, realizando o seu traballo porque é a actividade da que viven.

* ROGO DA CONCELLEIRA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Nós somos moi insistentes e seguimos co mesmo tema co que empezamos a lexislatura e seguiremos igual. Seguimos rogando e preguntando por qué neste Concello se incumpre sistematicamente dende hai un tempo para acá a Ordenanza de Normalización Lingüística e paso a expoñer o despropósito que nestes momentos temos nas mans. Referímonos á acta da reunión ordinaria do Consello Municipal das Persoas Maiores que está escrita nun perfecto castelán. Aínda máis: di que "se inicia la lectura del acta de la sesión del 16 de septiembre del año 2003 por parte de la Secretaria" que pide desculpas ós asistentes por ler a acta en castelán

malia estaren escrita en galego, pero a amplitude do texto e as dificultades da secretaria para a ler demorarían moito este trámite.

Eu non sei exactamente se a Sra. Thomas, que é a secretaria, é galega, coido que non, pero probablemente leva tempo neste Concello para saber ler as actas en galego.

Segundo, como xa a dificultade debía ser tanta, miren vostedes que a seguinte acta que é esta que teño nas miñas mans e que corresponde a maio, para non pasar ningún tipo de traballo se escribe directamente en castelán. Isto seméllanos xa o colmo dos despropósitos.

Preguntámos por qué se está a facer isto e rogamos, por favor, que se sega a cumprir a Ordenanza de Normalización Lingüística.

SRA. ALCALDESA: Ten razón e terase en conta.

SR. SOTO FERREIRO: Permítame unha intervención brevíssima xa que é un rogo.

Sra. Méndez, ten vostede toda a razón pero eu non vou por aí, vou polo vergoñento exemplo que lle dá a Corporación ós funcionarios. Habería que empezar por sinalar por aquí, polos concelleiros e concelleiras que non fan o esforzo ó que están obrigados mentres non cambien as leis, entroutras cousas porque hai unha Ordenanza de Normalización Lingüística neste Concello que di que o galego será de uso preferente e unha de dúas, ou teñen votos as persoas ás que non lles guste iso para cambiar o que está escrito dende hai xa moitos anos (nada menos que de cando eu era Alcalde), ou realmente teñen que obrigadamente aprender o galego e falalo.

Cando se dá ese exemplo dende o Pleno da Corporación, que non lles extraña a vostedes que logo algún funcionario faga o que di que fixo esa funcionaria, que non é que estea ben feito pero temos que empezar por sinalar aquí e xa vai estando máis que de lado este asunto.

* PREGUNTA DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. PÉREZ CASTRILLO, SOBRE CONVOCATORIA DA COMISIÓN DO BORDO LITORAL.

SR. TOBA GIRÓN: Sra. Presidenta, ¿pensa vostede convocar a Comisión do bordo litoral esta semana?

Eu recomendaríalle que o fixera o máis axiña posible antes de que os titulares corran máis ca nós.

SRA. ALCALDESA: Penso convocala pero teño que ter na miña man todos os informes e por iso non lle podo dicir o día, pero por suposto que a penso convocar.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE, SRA. PORTEIRO GARCÍA SOBRE PRESENTACIÓN PERANTE Ó PLENO DO PLANO CONTRA A VIOLENZA DOMÉSTICA.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Presidenta, na comisión de Desenvolvemento Económico e Emprego a presidenta da comisión anunciou que neste Pleno ía ser presentado o novo Plano contra a violencia doméstica, foi iniciativa dela. Esta concelleira propúxolle que o fixera a vicepresidenta do Consello Municipal da Muller e niso quedamos, querería saber a qué se debe que iso non acontecese.

SRA. PRESIDENTA: Coma foi fóra da orde do día, non se enviou á Secretaría a tempo.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Pregaría entón que por favor no seguinte Pleno se traia e se cumpra co compromiso da propia responsable política, neste caso Sra. Molares, que sabe que ten todo o noso apoio para que iso sexa así.

* PREGUNTA E ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. GRAÑA BARCIA SOBRE TRAMITACIÓN DO PREGOS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES E PARQUES INFANTÍS.

SRA. GRAÑA BARCIA: Na Comisión de control da contratación valorouse respecto ós pregos para a xestión do servizo público de conservación e reposición de zonas verdes e parques infantís, que se emitiran novos informes técnicos ós efectos de valorar algunhas das cláusulas que se contiñan nesos pregos con nova remisión á comisión de Control, algo ademais que se recolle na propia acta da comisión.

Sen embargo, con sorpresa descubrimos que o concurso se publicou tanto no BOP coma no Diario Oficial de Galiza.

Por tanto pregunta e rogo; a pregunta é por qué foi así e non se cumpríu o acordo da comisión de Control da Contratación e rogo de que se suspenda o concurso no trámite no que se atope e volva á devandita comisión.

SRA. ALCALDESA: Respostaráselle por escrito.

* PREGUNTA E ROGO DA CONCELLEIRA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE POSTA EN MARCHA DO SEGUNDO PLAN EQUAL.

SRA. SÍO LOURIDO: Eu queredría facer unha pregunta e un rogo. Gustaríame saber cando se vai poñer en marcha o segundo EQUAL que coído concedeuse ó proxecto da Mancomunidade de Vigo, xa que foi un dos máis importantes e mellor valorados. Pregaría que se puxera en marcha o máis axiña posible para que non se devolvan os fondos europeos e dada a importancia que coído que ten o proxecto en si mesmo, segundo me transmitiron.

SRA. ALCALDESA: Gracias polas súas felicitacións para o proxecto EQUAL e ó resto respostaráselle tamén por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.